

CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

Nº 11 ANO 2024



centro de estudos do corgo

EDITA

Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)

CONSELLO EDITORIAL

M^a Consuelo Vázquez Castro

Mario Outeiro Iglesias

Xurxo Xosé Rodríguez Lozano

Josefa González Díaz

Manuel Fernández López “Lolo”

Roberto Rodríguez Páramo

Xosé Manuel Castro Castedo

DESEÑO E IMPRESIÓN

Grafinco

DEPÓSITO LEGAL

LU 149-210

ISSN 2171-6013

CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO
Nº 11 ANO 2024

*Agradecemento expreso ao Concello do Corgo porque sen a súa colaboración
económica esta empresa non daría saído adiante.*

EDITA
Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)

CONSELLO EDITORIAL (Xunta Directiva)
M^a Consuelo Vázquez Castro (Presidenta)
Mario Outeiro Iglesias (Vicepresidente)
Xurxo Xosé Rodríguez Lozano (Secretario)
Josefa González Díaz (Tesoureira)
Manuel.Fernández López “Lolo”
Roberto Rodríguez Páramo
Xosé Manuel Castro Castedo (Vocais)

COMITÉ CIENTÍFICO
Felipe Arias Vilas
Javier Gómez Vila
Xosé Manuel Castro Castedo
Ruben Ruibal Armesto
Ana Cabana Iglesia
Emilio Carral Vilariño
Daniel López Vispo
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez
Antonio Reigosa Carreiras
Xabier Bruña García
Felipe-Senén López Gómez
Manuel Lamas Castro
Adolfo de Abel Vilela

ASESORÍA LINGÜÍSTICA
M^a Consuelo Vázquez Castro

ASESORÍA TIC
Mario Outeiro Iglesias

*Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)
Casa das Asociacións s/n
27.163 O Corgo (Lugo)
ocorgo@gmail.com
<http://ocorgo.blogspot.com>*

EDITORIAL

Superada a barreira psicolóxica dos dez números da revista editados semella que o proxecto estrela do Centro de Estudos do Corgo entrou na súa maioría de idade. Este novo número da Corga conta con padriños veteranos pero tamén coa presenza dese zume novo que todo proxecto cultural precisa para a súa continuidade no tempo. O Corgo foise convertendo, paseniño, nun referente para o resto de concellos rurais que aspira a coñecerse ben para poder sentirse orgullosos e facerse valer diante dos demais concellos.

Este novo número contén cinco artigos e xa son setenta e un os publicados nestes preto de quince anos de traballo. A revista Corga foi a plataforma a través da cal trinta e seis persoas diferentes foron descubrindo os distintos tesouros que o noso concello agocha, sendo once deles, socios e socias numerarias por ter publicados tres artigos, como mínimo.

Co número da revista que tes nas mans dámos a benvinda a un novo socio, Adrián Flores Vázquez, que nos trae a traxectoria de Ángel Ignacio Silva, procedente das terras do Cabe, como escultor que traballou en varias da igrexas do concello no século XVIII. Mais os templos parroquiais son tamén protagonistas no traballo de Óscar González Murado que recolle a primeira parte dos inventarios das igrexas pertencentes ao arceprelado de Farnadeiros realizados no ano 1763 polos respectivos párrocos.

Carlos Álvarez Quiroga pasa a formar parte dos socios investigadores con dous traballos, un deles en solitario no que analiza as disputas por

mor de desacordos sobre o repartimento das herdanzas a comezos do século XVIII e que enfrontou algunhas das familias máis poderosas da comarca. O segundo artigo é compartido con Alberto Martín Monge, que tamén se converte en socio investigador, e Tamara Fuentes Sánchez, para investigar sobre a maternidade ilexítima nos séculos XVIII-XIX.

E pechando o número once temos á persoa que máis artigos leva escritos na revista Corga, Mario Outeiro Iglesias que, con este, leva oito artigos (sete deles en solitario e un compartido). Desta vez, Mario Outeiro tráenos un elemento patrimonial tan interesante como ignorado, os pombais, analizando as construcións que durante centos de anos acolleron pombas e pichóns e que hoxe, agás unha excepción que segue mantendo o seu uso orixinal, ou cambiaron de utilidade ou están sendo devorados polo abandono.

Grazas ás seis persoas que desinteresadamente dedicastes os vosos esforzos, e os vosos medios, a investigar sobre o noso concello. Agradecementos que queremos estender, outro ano máis, ao Concello do Corgo, que financiou integramente a revista nos últimos cinco números. Finalmente, grazas a todos e todas as lectoras, que ano tras ano nos demandades un novo exemplar, porque sodes o acicate que permite manter vivo o proxecto. Ata o número doce!

O CONSELLO EDITORIAL

ÍNDICE

Carlos ÁLVAREZ QUIROGA

Un exemplo da conflitividade pola terra no Corgo de principios do século XVIII6

Óscar GONZÁLEZ MURADO

O estado das igrexas do antigo arciprestado de Maestrescolía (1764-1765) (A-Fo)..... 16

Carlos ÁLVAREZ QUIROGA, Tamara FUENTES SÁNCHEZ e Alberto MARTÍN MONGE

Entre o estigma e a aceptación:

Maternidade ilexítima nas parroquias do Corgo (s. XVIII-XIX).....34

Adrián FLORES VÁZQUEZ

Ángel Ignacio Silva (1749-1829). Un escultor monfortino nas Terras do Corgo.....54

Mario OUTEIRO IGLESIAS

Os pombais do Corgo.....68

MEMORIA DE ACTIVIDADES DA A.C. ARUMES DO CORGO E DO CEC.....88

DOCUMENTACIÓN PARA INSCRICIÓN COMO SOCIO/A DO CEC93

NORMAS DE PUBLICACIÓN 100

UN EXEMPLO DA CONFLITIVIDADE POLA TERRA NO CORGO DE PRINCIPIOS DO SÉCULO XVIII

Alvarez Quiroga, Carlos

c.alvarezquiroga@gmail.com

Enxeñeiro Superior de Telecomunicacións (Universitat Politècnica de Catalunya)

RESUMO

As disputas por mor de desacordos sobre o repartimento das herdanzas e o uso da terra eran parte da paisaxe cotiá do mundo rural dos nosos antepasados. Como ocorre na actualidade, as relacións veciñais e familiares xogaban un papel determinante na aparición dos conflitos pero tamén nalgúns casos na súa resolución.

O presente artigo achéganos a un dos moitos preitos acaecidos no Corgo de principios de século XVIII e que enfrontou algunhas das familias máis poderosas da comarca. O motivo, os desacordos sobre o aproveitamento dunhas terras vinculadas ás herdanzas do Licenciado Don Pedro Sánchez das Seixas, alcalde común da vila de Adai e da súa xurisdición, unhas décadas despois da súa morte.

PALABRAS CLAVE

Preito, Concordia, Santalla do Alto, San Salvador de Santalla Alta, O Corgo, Santa Maria de Marei, Vilanova, Pardo, Quiroga, Seixas, século XVIII.

1 INTRODUCCIÓN

Como ocorre na actualidade, o mundo rural caracterizábase na antigüidade por unhas sociedades endógamas, con fortes redes de solidariedade entre os veciños, unidos pola amizade e, en moitos casos, por estreitas relacións familiares, pero que se caracterizaba tamén por conflitos habituais sobre as herdanzas e o uso e a propiedade da terra.

A terra era un recurso fundamental para os corgueses de outrora: traballábana e dela dependía o patrimonio e a subsistencia familiar. De aí que non deba estrañar que os desacordos teñan a terra como unha das súas razóns principais. As situacións de violencia e de abusos

producidas polos desacordos eran parte da paisaxe cotiá da época. Nalgúns casos, ditas situacións orixinaron preitos e querelas ante as autoridades, o que nos permite coñecer as razóns subxacentes, achegarnos á conflictividade social da época e á mentalidade dos nosos devanceiros.

Os protocolos notariais, coleccións das escrituras realizadas cada ano polos notarios do distrito, ofrécennos unha fiestra aberta á sociedade daqueles tempos. Nas escrituras podemos atopar, entre outros, testamentos, trocos e transaccións de terras, vendas, doazóns, dotes, contratos de matrimonio, foros, fianzas, redencións, e algúns documentos de particular interese para este estudo, como preitos, poderes e concordias. Aínda que a maioría dos nosos antepasados empregaba o galego como lingua falada, sendo na maioría dos casos a única que coñecían, os notarios redactaban os protocolos dende o século XV sempre en castelán.

Na procura do pasado familiar ou do estudo das aldeas, é habitual atoparse con preitos relacionados coa terra e as herdanzas como o que é obxecto deste artigo, aínda que tamén poden atoparse preitos causados por outros agravios como roubos, insultos, débedas, etc.

O caso que nos ocupa é un exemplo que non pretende ser significativo da conflictividade da época, pero que nos parece interesante xa que mostra a relevancia que as relacións veciñais e familiares teñen na aparición pero tamén na resolución dos conflitos.

2 O CONFLICTO E O LITIXIO

A nosa historia comeza a finais do inverno do ano 1703 na parroquia de San Salvador de Santalla Alta na xurisdición de Puebla de San Julián, é dicir, na actual Santalla do Alto do concello do Corgo.

Un día de primeiros de marzo, Antonio das Seixas y Sarmiento, un mozo veciño da parroquia, dirixiuse ao lugar de Casanova acompañado dos seus criados e outras 'persoas no seu nome' con bois e arados. Nese lugar, Antonio traballaba, en réxime de concesión, dúas fincas que o cura da parroquia, Don Marco Antonio das Seixas, lle cedera anos atrás. A primeira, unha terra nomeada 'As Lamelas', de 14 ferrados, que confina por arriba e un lado co camiño que vai de Casanova para o lugar de Riazor. A outra, unha cortiña nomeada 'da Millara' de sementeira de 8 ferrados¹ de centeo, con labradío e á prado, circundada arredor de muro e que topa co camiño que vai de Casanova a Río do Pombo.

As primeiras referencias á finca nomeada 'As Lamelas' atopámola no ano 1547 cando é mencionada na relación de propiedades do Convento de Santa María Magdalena de Sarria, propiedades froito das doazóns realizadas ao longo dos séculos.²

Segundo a versión do noso protagonista, estando dedicados á labranza desas terras, recibiron a visita inesperada doutros mozos que lles impediron o traballo con paus e outras armas, maltratando con forza e violentamente aos animais e aos criados que os guiaban e proferindo feras ameazas. Lamentablemente, a súa denuncia non recolle ditas ameazas, xa que constituiría unha aproximación marabillosa ao costumismo da época e ao rico léxico galego que sen lugar a dúbida o nosos devanceiros utilizaban para o insulto.

O agravio do noso protagonista foi de tal magnitude que catro días máis tarde percorreu os oito quilómetros que o separaban de San Pedro de Lánacara coa intención de proclamar unha '*quérela de fuerza y delito*' contra os seus veciños.


¹Se tomamos como válida a equivalencia entre ferrados e varas cadradas na xurisdición de Puebla de San Julian a mediados do século XVIII, 'As Lamelas' tiñan un tamaño de 300 m² e 'As Millaras' de 171 m². Fonte: <https://gl.wikipedia.org/wiki/Ferrado>

²Archivo Histórico Nacional (en adiante, AHN). Convento de Santa María Magdalena de Sarria. Libro maestro en que se da razón por feligresías de los papeles e instrumentos existentes en el archivo. PARES. Referencia ES.28079.AHN/1/CLERO-SECULAR_REGULAR.L.6529.

Na querela, Antonio afirmou que estivo '*en quieta y pacífica posesión*' desas terras ata ese momento, e antes del estivo Don Marco Antonio das Seixas.

Os veciños acusados, aos que cualificou como '*personas poderosas*', foron o novo matrimonio formado por Antonio de Quiroga e a súa muller Dona Ynes Losada y Sarmiento, acompañados polo seu cuñado Pedro Pardo.

Co fin de iniciar o litixio, Antonio concedeu poderes, ante o notario de Sarria, Francisco de Lossada y Quiroga, a unha serie de procuradores³ da '*Real Audiencia y Chancillería de Valladolid*'⁴, e sendo testemuñas, o presbítero Don Andrés de Losada e Matías López, veciños de Lánacara e Domingo Rodríguez veciño de Vilarello.



Poder que deu Don Antonio das Seixas a procuradores

3 A CONCORDIA

O tres de xullo de 1703, unicamente tres meses despois do incidente, os implicados no litixio xuntáronse no coto de Vilanova en Marei, lar dos Pardo y Neira, para poñerlle fin. A tal efecto, convocaron novamente ao notario de Sarria, Francisco de Lossada y Quiroga.

Por unha banda, compareceu Antonio das Seixas Sarmiento e por outra, Juan de Quiroga Osorio e Antonio de Quiroga Osorio, o seu fillo,

³Don Andrés de Villar Vamonde, Don Juan Rodríguez de Venca, Don Pedro Fernández arruino e Don Gabriel Bernardo Boado


⁴A 'Real Audiencia y Chancillería de Valladolid' foi un órgano xudicial establecido con competencias dende o século XIV sobre todo o territorio da Coroa de Castela. Foi suprimido no ano 1834 como consecuencia da implantación do liberalismo.

dona Ynes de Losada e Sarmiento, a súa muller, e tamén don Pedro Pardo e Neira e os seus fillos don Pedro Pardo e Neira e dona María de Losada Sarmiento.

Ante o notario afirmaron que *‘entre ellos se esperaba haber pleitos y diferencias sobre y en razón de las heredades llamadas de Casanova citas en la dicha feligresía de Santalla Alta y de que se allava poseedor el dicho Antonio das Seijas como cesionario de don Marco Antonio das Seijas’*.

O protocolo recorda que Antonio das Seixas dera querela de forza na Real Audiencia polos danos que Pedro Pardo e demais consortes fixeron ao entrar nas herdades ‘da Millara’ e ‘das Lamelas’, e que pretendía que o amparasen na posesión dos devanditos bens e se dese ao seu favor auto ordinario.

No auto de contradición, Don Juan de Quiroga, Don Pedro Pardo e demais consortes consideraban que non debía haber lugar ao devandito auto ordinario por dicir que as propiedades tocaban e pertencían á Ynes de Losada por dote que, de entre outros bens, lle fixera don Pedro Pardo, o seu pai, como filla de Basilia das Seixas Sarmiento, a súa nai defunta.



Concordia entre Antonio das Seixas y Juan de Quiroga y consortes

Antes de ver a concordia lograda, imos coñecer aos protagonistas. Ademais de veciños, vemos que tiñan fortes ligazóns familiares que en boa parte explican o desencadeamento do conflito pero tamén a súa resolución.

OS PROTAGONISTAS

Os lugares de residencia dos protagonistas da nosa historia en Santalla do Alto e Marei, e o lugar do altercado preséntanse na seguinte figura.




Lugares de residencia das familias en Marei e Santalla (OpenStreetMaps)

Antonio e Don Marco Antonio das Seixas

No 1703, Antonio das Seixas y Sarmiento vivía no lugar de Riazor, en Santalla, e tiña que ser un home relativamente mozo. Como xa dixeramos, Antonio traballaba en concesión unhas terras de Don Marco Antonio das Seixas, cura e reitor propio da parroquia de ‘*San Salvador de Santalla Alta del Picato y San Salvador del Castrillón*’.

A razón non era outra que Antonio era fillo ilexítimo dese cura e dunha muller libre nomeada Ana Fernández, tal como o recoñecera uns anos antes ante o notario Francisco de Lossada y Quiroga nun documento de cesión das terras⁵. Non era infrecuente naquela época que homes novos tivesen fillos e despois se fixesen curas, ou que curas os tiveran exercendo xa o sacerdocio.



Doazón que fixo Don Marcos das Seixas a favor de Antonio das Seixas no ano 1698

Nos protocolos notariais, Antonio sitúase nunha escala social na comunidade inferior ás outras persoas involucradas no conflito. O feito de ser fillo ilexítimo supoñemos que influíu nesa percepción, aínda que, como veremos, comparte liñaxe pola banda paterna con algúns dos outros protagonistas e é mencionado como fidalgo no padrón de ‘calle ita’ da aldea do ano anterior⁶.

O seu pai, o cura Don Marco Antonio das Seixas, naceu no coto de Vilanova, sendo fillo

do Licenciado Don Pedro Sánchez das Seyxas Somoza Neyra y Balboa e de Dona Maria de Lossada Sarmiento y Quiroga.

Os avós paternos de Antonio foron polo tanto persoas moi poderosas na zona. Don Pedro Sánchez das Seyxas, herdeiro da Casa De Eirexe en Guimarei, e antes de casar crego de ordes menores, foi ao longo da súa vida nada máis e nada menos que alcalde ordinario de Lugo, alcalde ordinario da vila de Adai e da súa xurisdición, alcalde dos estados do conde de Lemos en Pontedeume, señor de parte dos coutos do Salvador de Neira e señor da torre de Vilanova de Toirán. En Santalla, Don Pedro tivo foros⁷ no lugar de Riazor concedidos polo Mosteiro de Santa María Madalena de Sarria e o convento de San Agustín de Sarria. Non é polo tanto unha casualidade que Riazor fora o lugar onde habitaba o seu neto.

Pola súa banda, Dona Maria de Lossada Sarmiento foi filla e herdeira dos donos da Torre de Vilanova de Toirán (Láncara), Álvaro Díaz de Aday e dona Leonor de Quiroga Sarmiento y Lossada, neta paterna do capitán Alvaro López de Aday e Dona Elvira Díaz de Roys y Luazes e neta materna de Diego García e dona Constanza Méndez de Quiroga y Sarmiento de Lossada.

Don Pedro Pardo e os seus fillos Pedro Pardo e Maria de Lossada

O mozo Don Pedro Pardo e a moza Maria de Lossada tiñan entre dezaoito e vinte e un anos en 1703 e eran veciños do Coto de Vilanova, un lugar de Marei a menos de dous quilómetros de Santalla.

O seu pai, Don Pedro Pardo de Quiroga, naceu na torre de Dumia en Cervantes pero viviu coa súa muller Dona Basilia de Losada e Sarmiento⁸ en Vilanova. Dona Basilia xa falecera no momento do conflito.

⁵Arquivo Histórico Provincial de Lugo (en adiante, AHPL). Protocolo notarial ante Francisco Losada y Quiroga. Donación que hizo Don Marcos das Seixas a favor de Antonio das Seixas (5243-14). Folio 9. Ano 1698. Lugo.

⁶AHPL. Padrón de la provincia de Lugo. Folio 752. 1702.

⁷Un foro é un contrato esencialmente agrario de longa duración ou mesmo perpetuo, polo cal unha persoa ou institución lle cede a outra o uso dun ben a cambio dunha renda e cunhas condicións estipuladas

⁸tamén nomeada nalgúns documentos como Rivadeneira Sánchez das Seixas

Os avós maternos dos mozos foron os antes mencionados Pedro Sánchez das Seixas e Dona María de Losada e Sarmiento e os paternos Don Gil Pardo de Mosteiro e Dona Ines Pardo de Aguiar Quiroga y Neira (donos da casa de Dumia en Cervantes), *‘todos hijosdalgo notorios de sangre’*. Don Gil Pardo de Mosteiro⁹ e de Dona Ines Pardo de Aguiar necesitaron para o seu matrimonio bula papal por consanguinidade xa que eran primos terceiros. O primeiro domicilio dos pais fora no lugar do Castelo do Cais e despois na casa torre de Vilanova de Toirán.

Por tanto, vemos que Antonio das Seixas era curmán dos mozos Pedro Pardo e Maria de Lossada, e, o seu pai, Marcos Antonio, era irmán de Dona Basilia e cuñado de Don Pedro Pardo de Quiroga.

Non só iso, senón que sabemos que no ano 1698, Don Pedro Pardo, como administrador dos bens que quedaron de Dona Basilia e conxuntamente cos seus cuñados, Don Gabriel, cura propio de San Paio de Arcos, e Don Pedro, cederon os dereitos do uso do foro de Riazor ao seu outro irmán Don Marcos Antonio¹⁰. A cambio, Don Marcos Antonio comprometeuse a pagar as rendas e pensións mencionadas no dicho foro. A querela de Antonio das Seixas parece que tiña, polo tanto, fundamento.

Don Antonio Quiroga Ossorio e Dona Ynes Losada y Sarmiento

No momento do conflito, Don Antonio de Quiroga Ossorio e de Dona Ynes Pardo Sarmiento¹¹ eran una parella nova, xa que levaban menos de 2 anos casados e aínda non tiñan fillos. A parella residía na casa de Pacio (o Pazo) de Santalla a escasos douscentos metros da finca onde se produciu o altercado.

⁹tamén nomeado nalgúns documentos Gil de Mosteyro Neyra Donis

¹⁰AHPL. Protocolo notarial ante Blas de Remesil. Escritura de cesión de unos derechos de fuero del lugar de Riazor que dieron el Abad de San Paio de Arcos y su hermano Don Pedro das Seixas y su cuñado don Pedro Pardo a Don Marcos das Seixas (0319-08). Folio 80. Ano 1698.

¹¹tamén nomeada nalgúns documentos como Ines de Losada y Quiroga

O seu matrimonio, celebrado no 20 de xuño de 1701 en Santa María de Marei,¹² uniu algunhas das liñaxes máis potentes da comarca. É por iso que Antonio das Seixas os menciona como unha ‘familia poderosa’. Pasemos a describir brevemente esas liñaxes.

Por unha banda, os Quiroga Ossorio. Don Antonio era fillo do fidalgo Juan de Quiroga Ossorio e de Francisca López de Neyra. Don Juan de Quiroga foi mencionado como nobre en Santalla nos padróns de nobreza de 1691 e 1701, e sabemos que, anos antes do conflito, no 1695, Don Diego de Yebra Pimentel Suarez de Deca, dono da xurisdición da vila de Lánacara, outorgoulle arrendo¹³ das parroquias de *‘San Salvador de Toiran y San Salvador de Santalla Alta’*. Nada sabemos dos seus devanceiros ata o momento, aínda que no Preito de Fidalguía do seu neto Pedro, menciónase que o seu pai e antepasados foron fidalgos notorios de sangue¹⁴.


Ynes aparece nalgúns documentos como Dona Ynes de Losada e Quiroga e era filla do antes mencionado Pedro Pardo de Quiroga e de Basilia de Losada e Sarmiento. Polo tanto, Ynes era curmán de Antonio das Seixas.

Basilia mencionase nalgúns documentos como Rivadeneira Sánchez das Seixas. Os seus avós paternos foron Don Gil Pardo de Mosteiro e Dona Ynes de Quiroga e os maternos os antes mencionados Pedro Sánchez das Seixas e Dona María de Losada e Sarmiento, *‘todos hijosdalgo notorios de sangre’*. A través de Ynes Pardo das Seixas a familia Quiroga Ossorio entroncouse con algunhas das liñaxes máis relevantes de Galicia, como os Andrade de Pontedeume, os señores da Casa de Saavedra ou os propios Sánchez das Seyxas Somoza.

¹²ADL. Libro de Matrimonios parroquia de Santiago de Gomean y Santa Maria de Marey. 1664-1820.

¹³AHPL. Protocolo notarial ante Francisco Losada y Quiroga. Arriendo que hizo Don Diego de Yebra a Juan de Quiroga (5243-11). Ano 1695.

¹⁴Real Chancillería de Valladolid. Pleito de Pedro Quiroga Osorio, vecino de San Pedro, jurisdicción de Lánacara (Lugo). ES.47186.ARCHV//Sala de Hijosdalgo, Caixa 950,33. Ano 1755.



Árbore simplificada da descendencia de Don Pedro Sánchez das Seixas e Dona Maria de Lossada


5 A RESOLUCIÓN DO CONFLITO

No preito de concordia os involucrados afirman que *‘los pleitos son dudosos, sus fines largos y costosos’* e que grazas a *‘haber intervenido en ello personas principales de por medio’* chegouse a un acordo por vía de transacción e concordia para preservar a paz e a amizade.

Primeiramente, o acordo ditamina que o matrimonio de Don Antonio de Quiroga e a dita dona Ynes de Losada *‘desde ahora para siempre jamás lleven y gocen y perciban las dichas heredades da millara y das lamelas ... y también otro pedazo de heredad tamvien llamada da millara que esta pegada a la referida da millara y cerrada alrededor de pared y vallado ... y topa en el camino que va de la Casanueva al rio’*.

Por outra parte, o acordo di que, en compensación de dita herdanza, Juan de Quiroga e o seu fillo *‘dan y dejan al dicho Antonio das Seijas la leyra y heredad llamada das lamelas,... la cual ha de llevar desde ahora para siempre jamás con las demás heredades llamadas de Casanova según y de la manera que la solían llevar Gregorio Mourin después del Alonso González do Pedrón uno y otro por arriendo de Pedro Sánchez as Seijas y de María Losada, su mujer, difuntos que fueron de este dicho coto padres del dicho don Marco das Seijas y abuelos de la dicha Ynes de Losada’*.

Con dito acordo *‘y en la forma referida todas partes se ajustaron y compusieron y se apartaron de dicho pleito de querella de fuerza y los demás que esperaban tener y de todas las demás acciones y pretensas que tenían y pudiesen tener y pretender en razón de lo referido una contra las otras y las otras contra las otra confesando como desde luego confiesan quedar y estar iguales con ellas’*



Firma de Antonio das Seixas y Juan de Quiroga y consortes

O acordo formalizouse coa sinatura dos interesados. A sinatura de Dona Ynes e de Dona María non aparecen entre elas, segundo se afirma por non saber asinar.

6 OS DEREITOS DE DONA YNES

Aínda que os dereitos da herdanza lle correspondían, Dona Ynes de Losada tivo que pedir *‘licencia poder facultad y expreso consentimiento’* ao seu marido para poder declarar, simplemente polo feito de ser muller casada.

Os fillos de Pedro Pardo tiveron que facer o propio ao seu pai por ser menores de vinte e cinco anos, xa que naquela época a maioría de idade establecíase nesa idade.

O notario afirma na escritura que 'doña Ynes de Losada por ser tal mujer casada renunció a las leis de los emperadores senatus consultos Beliano y Justiniano, leis del Toro y partida y más que son y hablan en favor de las mujeres y lo mismo la dicha doña María Losada su hermana de cuyo remedio fueron avisadas por mi mismo y sin embargo las renunciaron de quedo y dicha Ynes juró en forma de que en si mismo doy fe de no ni pasar contra esta dicha escritura ahora ni en ningún tiempo ni que para ver de hacerla y otorgarla no ha sido obligada ni violentada por el dicho su marido ni por otra persona alguna antes confiesa la otorga de su libre y espontánea brutal por ser en su utilidad y provecho y de este juramento no tiene pedido ni pedirá absolución ni relajación a su santidad ni a su nuncio delegado ni a otro juez ni prelado que para se conceder y facultad tenga y ves y de propio el propio le fuese concedida de ella no será pena de perjurio y caer en caso de menos valer y por conclusión dijo si juro amén y prometió así cumplir'.


Temos que ter en conta que no réxime de bens gananciais (comunitario)¹⁵ establecíase unha regra xeral pola que a muller necesitaba unha licenza do marido para aceptar e repudiar herdanzas e para facer contratos, desfacerlos, desistir e comparecer en xuízos.

Unha norma de interese, en inicio ditada en beneficio da muller, en concreto do seu patrimonio, era a previsión de que non puidese ser privada dos bens que lle correspondesen, xa os propios, xa os da dote (que tiña dereito a recuperar) e a parte dos lucrativos. Esa privación só podía ocorrer no caso de que cometese delito, suposto no que, en beneficio do fisco e dos prexudicados, podería ser privada de tales bens.

¹⁵ regulado polas 'Leyes del Toro' en vigor dende 1505 ata 1889

6 OS ANOS SEGUINTE

O mozo Antonio das Seixas casou anos despois con Francisca de Neira y Barela. Viviron no lugar de Riazor en Santalla e tiveron como fillos a María Rosa, Francisca, Domingo Antonio, Bernarda Benita, Juan Manuel e Manuel Francisco. Don Antonio de Quiroga foi o padriño no bautizo do neno Manuel Francisco, nado no xaneiro de 1710, mostrando que a boa relación entre as familias mantívose anos despois do acordo¹⁷.



Pago que fixo Antonio ao convento de Sarria no ano 1705¹⁶

O seu pai, o cura Don Marco Antonio das Seixas tivo que ser un cura conflitivo na parroquia. Iniciara o ano antes unha querela criminal contra Juan de Mazaylle, outro veciño de Santalla, polas '*palabras injuriosas que le habia llamado*'¹⁸ e comezou pouco despois un larguísimo litixio cos Yebra Pimentel de Val de Lánacara por dereitos de xurisdición. Morreu no ano 1709 en Santalla do Alto aos 48 anos.

¹⁶ AHN. Libro discípulo o protocolo de toda la renta de este convento y de la que se junta en la Granja de Pacios. 1705.

¹⁷ Arquivo Diocesano de Lugo (en diante, ADL). Libro de bautismos. Parroquia de San Salvador de Santalla Alta. Anos 1703-1765.

¹⁸ AHPL. Protocolo notarial ante Alvaro Sanjurjo (00340-01). Folio 35. Ano 1702.

As preocupacións xudiciais de Don Pedro Pardo de Quiroga relacionadas coa herdanza do Licenciado Don Pedro Sánchez das Seyxas e de Dona Maria de Lossada non acabaron nese ano co preito antes comentado. Pouco despois, Don Pedro saldou unha débeda de vinte e dúas fanegas e media de pan que o seu avó Don Pedro deixou sen pagar ao Convento e Mosteiro da Madalena de Sarria había máis de 40 anos.

E só tres meses despois chegou a outra concordia amigable¹⁹ para evitar preito con outros netos do Licenciado Don Pedro e de Dona Maria. Neste caso trátanse de Don Luis Sánchez das Seixas, veciño do lugar de Pacios, e as súas irmás. Exixiron as melloras que lles correspondían por ser fillos dun irmán de Basilia nomeado Gonzalo, e netos de Don Pedro e de Dona Maria. Neste caso o acordo logrouse grazas novamente a *'haberse metido por medio personas de toda satisfacción'*.

Unha hipótese razoable é que o mediador fora Don Francisco de Yebra y Pimentel ou a súa muller, Dona Petronila de Tallobe, veciños de Trasluste e persoas moi relevantes na comarca. O seu fillo, Don Carlos de Yebra Pimentel, pasaría a converterse en xenro de Don Pedro e a vivir na casa ao casar con Maria de Lossada o 15 de abril de 1706²⁰. Don Carlos de Yebra Pimentel foi neto de Pedro Suarez de Deza e Dona Polonia de Yebra, donos que foron da casa e xurisdición da vila de Láncara, unha das principais casas de Galicia naquela época.

Por outra parte, don Juan de Quiroga continuo moi vinculado á administración e cobranza de rendas da parroquia de Santalla como o demostra o encargo que no ano 1706 lle fixera Don Juan Alonso de Losada Ribadeneira e Lemos, Conde consorte de Val do Aguia, Señor de Fritiría, val de Conso e presidente da Real Chancillería de Valladolid²¹. Don Juan morreu no ano 1713 en Santalla²².

¹⁹AHPL. Protocolo notarial ante Alvaro Sanjurjo (00340-02). Folio 53. Ano 1703.

²⁰ADL. Libro de matrimonios. Parroquia de San Salvador de Santalla Alta. Século XVIII.

²¹AHPL. Protocolo notarial ante Alvaro Sanjurjo (00340-04). Folio 115. Ano 1706.

²²ADL. Libro de defunciones. Parroquia de San Salvador de Santalla Alta. 1703-1715.

O seu fillo Antonio e a súa nora Ynes tiveron como fillos a Mateo, María Francisca, Gabriel, Froylan, Juan Francisco Feliciano, Thomas, Francisco, Pedro e Isabel Paula Francisca. O matrimonio deu lugar á liñaxe dos Quiroga Rey, que aínda se mantén no barrio de Eirexe de Santalla, doutras liñaxes como os Rodriguez Quiroga, que estiveron no barrio de Riazor, e os Quiroga Abuín de Gomeán. Antonio morreu en 1739.

7 CONCLUSIÓNS

A historia reflectida neste pequeno estudo móstranos como a morte dunha muller, neste caso Dona Basilia das Seixas, rompe o statu quo no uso da terra e a cobranza das súas rendas en Santalla do Alto.

O seo falecemento pon en discusión o futuro da dote que recibiu no seu matrimonio con Don Pedro Pardo e obriga a Don Pedro a negociar con todos aqueles familiares que se cren con dereitos sobre ela, non soamente as terras e as rendas que se derivan pero tamén a súa vivenda en Vilanova.

A necesidade de volver ao equilibrio social nunhas comunidades pequenas como son as rurais fai que persoas influentes na zona medien no conflito e restitúan as redes de solidariedade e familiares entre os veciños.

O estudo da historia e o patrimonio do Corgo achéganos ao pasado e úneo co noso presente. Todos os protagonistas do litixio descrito son devanceiros do autor do presente artigo, xa sexa por parte paterna ou materna. Quen sabe se de non producirse ese altercado e, como resultado do acordo posterior, os lazos familiares e veciñais non se afianzaran, o autor non chegase a existir e este artigo a ser publicado.

8 AGRADECEMENTOS

A Tamara F. Sánchez e Alberto Martín Monge, por seren os mellores compañeiros de viaxe e a inmensa axuda ofrecida no apaixonante camiño da procura do noso pasado colectivo, dos nosos devanceiros e as súas historias.

A Fidel Pita Sande, pola súas excelentes suxestións na revisión deste artigo.

A David Gil Mato, pola súa amabilidade ao dar resposta ás peticións de información das familias Quiroga e Seixas nos seus arquivos.

Finalmente, ao persoal do Arquivo Histórico Provincial de Lugo pola súa amabilidade na consulta da documentación.

BIBLIOGRAFÍA

ALVAREZ QUIROGA, Carlos e FUENTES SÁNCHEZ, Tamara. Aproximación ao comportamento ante a morte dos habitantes do Corgo dos séculos XVIII-XIX a través dos testamentos. Revista anual do Centro de Estudos do Corgo. Nº10. 2024.

ALVAREZ QUIROGA, Carlos e MARTÍN MONGE, Alberto. Achegamento á vida en Santalla do Alto no século XVIII. Revista anual do Centro de Estudos do Corgo Nº9. 2023.

GETE-ALONSO Y CALERA, M.^a del Carmen, SOLÉ RESINA, Judith. Mujer y patrimonio (el largo peregrinaje del siglo de las luces a la actualidad). ADC, tomo LXVII, 2014, fasc. III.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Juan Miguel. La conflictividad local campesina en la Galicia del siglo XVIII. Fundación Española de Historia Moderna. 2012

LÓPEZ ARIAS. Xaime Félix. Bens e rendas do Mosteiro da Madalena en terras de Chamoso (séculos XVI-XVIII). Revista anual do Centro de Estudos do Corgo Nº4. Ano 2013.

OUTEIRO IGLESIAS, Mario. 19 (+1) Escapadas polo Corgo. Deputación Provincial de Lugo. 2024

PARDO DE NEYRA, Xulio. Historia do Concello de Baralla. Pazos e fortalezas de Neira de Xusa. 1998.

PARDO DE NEYRA, Xulio. De casa e solar coñecidos. Fidalguía e cultura palaciana na Galiza do último milenio. Vigo: Nigratea, 2006.

PARDO DE NEYRA, Xulio. A Torre e Pousa de Dumia. Estudo de historia social de Terra de Cervantes. Embora, 2012.

PÉREZ COSTANTI, Pablo. Linajes Galicianos. Sánchez de Yebra. Boletín nº 84. 1914.

O ESTADO DAS IGREXAS DO ANTIGO ARCIPRESTADO DE MAESTRESCOLÍA (1764-1765) (A-FO)

Por Óscar González Murado

RESUMO

Primeira parte da presentación dos inventarios das igrexas do Corgo pertencentes ao arciprestado de Farnadeiros realizados no ano 1763 polos párrocos. É unha descrición pormenorizada do enxoval das igrexas e doutros bens existentes nas parroquias.

ABSTRACT

Primera parte de la presentación de los inventarios de las iglesias de Corgo pertenecientes al arcipreste de Farnadeiros realizada en 1763 por los párrocos. Es una descripción detallada del ajuar de las iglesias y demás bienes existentes en las parroquias.

PALABRAS CLAVE

Maestrescolía, arciprestado, enxoval, bens mobles e inmoables, 1763.

KEY WORDS

Maestrescolía, arciprestazgo, ajuar, bienes muebles e inmuebles, 1763.

Continuando a serie de artigos iniciada no anterior número presentamos desta vegada unha parte das igrexas corguesas pertencentes ao arciprestado de Maestrescolía, que abarcaba tamén parroquias do concello actual de Castroverde. Trátase da presentación dos inventarios elaborados polos párrocos, executando a orde do bispo de Lugo Juan Sáenz de Buruaga na década dos anos 60 do século XVIII. Desta vez presentamos os inventarios de Adai e Piñeiro; Anseán; Arxemil, Pedrafitas, San Bartolomeu de Chamoso e Perliños; Cabreiros; Castrillón; e San Martiño, Santo Estevo e San Xoán de Folgosa. Estas parroquias eran parroquias pequenas, que andaban arredor de 15 veciños en cada unha delas.

O esquema destes inventarios xa o temos exposto no anterior artigo sobre o arciprestado de Farnadeiros. Iso permitenos andar máis lixeiros




Figura 1: Os arceprestados do concello do Corgo. En contorno negro o arceprestado de Maestrescolía.

na exposición. Válenos para o contido o exposto na introdución feita para o estado das igrexas de Farnadeiros. Non imos a explicar cada un dos apartados. Limitarémonos a facer unha lectura lixeira para que a continuación o paciente lector se atreva a ler os inventarios que a continuación van.

O primeiro que nos atopamos é a igrexa de Adai, que non é a igrexa actual. A igrexa do 1763 estaba situada ao carón do cemiterio. O 9 de marzo de 1896 relátase que o día anterior tívose a inauguración da nova igrexa. Relátase que “acordaron facer a igrexa no mesmo punto onde estaba colocada a campá, deixando o cemiterio en toda a súa extensión que ocupaba o adro e a igrexa vella e o presbiterio serviría de capela do cemiterio”¹. Dedúcese que cando di o inventario que estamos a estudar que o campanario estaría no lugar onde está hoxe a igrexa e a igrexa vella onde está o cemiterio.

¹AHDLu, Adai e Piñeiro, Fábrica II (1825-1885), f. 45v.

Asistimos tamén ao mandato de botar abaixo a igrexa de San Xoán de Folgosa, procedendo a unir a fábrica á parroquia de San Martiño e de retirar os retablos para esta igrexa. Buscamos rastro da igrexa de Perliños, xa que nesta época aínda estaba en pé, e non atopamos cando se ordeou derrubala. Tivo que ser entre o 1763 e 1801, xa que nesa época o libro de fábrica, ou libro onde se levaba a contabilidade e as obras que se facían nas igrexas, non se conserva. Con todo, sobre san Bartolomeu de Chamoso temos o dato que no ano 1796 mandase cerrala ao culto².

Neste grupiño de parroquias tamén están comprendidos tres dos catro santuarios populares que existen hoxe en día no Corgo: As Virtudes, o San Bernabé en Castrillón e o Santo Anxo de Anseán. Faltaríanos o santuario de Atragán, que daquela era parroquia dependente de Marei. Constatamos a partir dos inventarios que existía xa unha confraría dedicada ao Santo Anxo en Anseán, xunto con Santa Caterina e Santo Antonio de Padua.

Tamén vemos con algo de vida aínda algunhas parroquias suprimidas: Castrillón, San Bartolomeu de Chamoso, San Martiño de Perliños, Santo Estevo e San Xoán de Folgosa. Aínda que Perliños e San Xoán de Folgosa xa non se consideran parroquias, senón igrexas mortas.

Case todas as parroquias, que van reseñadas neste feixe, son de presentación da Condesa de Lemos, que naqueles tempo era Rosa María Fernández de Castro, XII condesa. Aparte do dereito de presentación tamén cobraba algunhas rendas nestas parroquias. Por outra banda nestas parroquias había casa rectoral en Anseán, en Arxemil só tiña “unha cociña que o cura reedificou” e en Folgosa. Cabreiros era anexo de San Fiz de Paradela e Castrillón dependía de Santalla do Alto, polo tanto non tiñan casa rectoral e as súas parroquias principais estaban en arciprestados veciños.

En canto a ermidas aparecen tres en Arxemil e unha capela en Piñeiro. Chamámoslle capela porque está adosada á igrexa. As tres capelas de Arxemil son a das Virtudes, unha na Ponte de Pedra e outra en Demundín. Estas ermitas non aparecen reflectidas na Visita de Bustos de la Torre. Existirían pero non sabemos porque se omiten, quizais por evitar algunha reprimenda do visitador.

Tamén observamos como hai elementos que perduran e outros que desaparecen: Se nos fixamos nos retablos só en Castrillón se conservan as imaxes e algunhas partes do retablo que serían daquela época o mesmo que o de Santo Estevo de Folgosa, hoxe ermida. O resto dos retablos ou desapareceron ou se substituíron por outros. O da parroquia suprimida de San Xoán de Folgosa parece que pasa á igrexa de San Martiño.

Adentrarnos neste tipo de documentación significa adentrarnos na mentalidade do século XVIII, onde o que se perseguía era que as igrexas fosen verdadeiros templos, onde a divindade o inundase todo. Así que fose belo aos ollos e que invitase á devoción e a que alma se recrease e entrase en contacto co divino. A beleza pasaba pola limpeza e a orde fundamentalmente. A igrexa parroquial tíñase que diferenciar do de todo os días, do cotián. Non é que agora se persiga outra cousa, todo o contrario. Constitúen estes inventarios o esforzo dun prelado e no seu nome un párroco por achegar os fieis ao divino. Está en consonancia cos esforzos levados a cabo desde o concilio de Trento por evanxelizarse tamén a través das formas non só a través dos contidos. Así o vemos sobre todo cando fala das luminarias que se usan nas celebracións, ou onde se fai o monumento de Semana Santa e como se fai. Os monumentos eran verdadeiras expresións de afecto e adhesión á divindade. Sepáranos entre os inventarios e a actualidade preto de 261 anos e moitos dos mobles e xa non digamos das vestiduras sagradas desapareceron e foron substituídas por outras. Pero a pesar diso aínda hai cousas que permanecen como é a estrutura das igrexas, e ás veces a distribución da mesma igrexa é a mesma.

²AHDLu, Arxemil-Pedrafita-Chamoso-Perliños, *Fábrica II*, ff. 245-246.



Imaxe 1: Sala de autopsias de Adai, que presumiblemente era parte do presbiterio da igrexa vella.

1

ADL, SC, *Estados de las iglesias*, Maestrescolía 1, Santiago de Adai e Santa María de Piñeiro

|Estado de las parroquias de Santiago de Adai y aneja de Piñeiro. Arciprestazgo de Maestrescolía. Año de 1764.

Cobrose parte de los caudales.

Estado en que se halla actualmente la parroquia y feligresía de Santiago de Adai y su anexo Santa María de Piñeiro, arciprestazgo de Maestrescolía del Obispado de Lugo formado por Don Juan Polín como vicario con nombramiento que le ha hecho don Bartolomé Sánchez de Castro como cura de dichas feligresías y aprobación del Ilustrísimo de Lugo Don Juan Saenz de Buruaga, obispo y señor de la ciudad de Lugo en este obispado año de 1764.

Iglesia parroquial

La iglesia parroquial de Santiago de Adai tiene diecisiete vecinos, hállase con sagrario donde se guarda continuamente el Santísimo Sacramento en un copón de plata el que está por dorar, no hay relicario ni viril; hay en el altar ara decente.

El tabernáculo está fijado al altar, el que tiene su puerta firme con llave, no hay costumbre de ponerle manifiesto, ni llevarlo en público a los enfermos e impedidos. El viático se les lleva con alba, estola, en el cáliz con el que irán al menos ocho luces encendidas de la limosna del Santísimo. El jueves y viernes Santo se guarda y venera con la decencia posible todos los años en esta parroquia. La lámpara tan solamente se enciende a las dominicas a la misa conventual a costa de la limosna del Santísimo, la que está a cuidado de la persona que eligen los vecinos. Tiene dos puertas ajustadas de nuevo a un maestro una de ellas con llave, y la otra con sierra por dentro, las que se hallan a cuidado de los fabricarios el año que los son. Las paredes están firmes y se están blanqueando por dentro, y fuera los techos son de losa y están seguros. Hay en ella una fenestra en el coro y otra en la fondera sin vidrios, ni encerado. El piso está lastrado la mayor parte aunque desigual. El campanario está separado de la iglesia. La campana se le rompió un pedazo de la primera.

Pila bautismal

La pila está fija y de piedra, su cubierta de madera con llave la que está en mi poder. Hay una alacena para los Santos Óleos sin llave; no hay salero.

Colectorales

Hay un colectoral al lado del evangelio sin retablo. Tiene una mesa de manteles y el altar mayor dos. Tienen ambos ara y cruz. Hay dos candeleros de palo en el mayor a costa de la fábrica, las imágenes están decentes. Hay un misal viejo.

Coro y órgano

El coro está decente; no hay órgano; hay una rejilla portátil por confesionario. No hay sacristía. Hay una arca en la que se guardan alhajas de la iglesia. Hay cáliz y patena de plata por dorar, y no hay cucharita para el agua. Hay una vinajera sin tapa, no hay platillo.

Corporales y ornatos

Hay dos bolsas de corporales con sus tablas decentes, seis purificadores, dos mesas de manteles, dos ornatos decentes, sino un amito de

uno que está roto. Las casullas una de seda blanca y morado, y la otra de persiana azul y verde. El aseo de la ropa corresponde al mayordomo.

No hay dalmáticas ni capa pluvial ni banda, hay frontal de madera pintado. Hay un paño de seda para cubrir el cáliz. Los libros de bautizados, casados, los de las fábricas están en mi poder, los sinodales, los papeles y autos de las pertenencias de los bienes pertenecientes a las dos iglesias e iglesario se hallan en poder del cura, y una apuntación de las misas de pensión todo guardado con llave. El cementerio está cerrado de sobre sí pero está deteriorado. No hay sepultura dotada. No hay cofradía.

Fábrica

La fábrica de esta iglesia tiene por dotación las primicias del término de este lugar que son diecisiete vecinos y pagan a ferrado de pan cada uno los que importan dos fanegas y cinco ferrados de pan que en un quinquenio importará cada año setenta y tres reales para el rompimiento de cada sepultura de medio del cuerpo de la iglesia arriva, ocho reales abajo. Cuatro que regulado un año con otro importarán seis reales, de esto todo un año con otro importará seis reales de esto todo se saca la décima para la visita, Santos Óleos y otras cosas de la iglesia, y lo que sobra se pone en manos del depositario o mayordomo. Tiene existente de caudal en poder de los fabricarios, doscientos noventa y siete reales y cuatro maravedís.

Beneficio curado

El beneficio curado es libre colación de la Excelentísima Señora Condesa de Lemos. Percibe el cura los diezmos enteramente de la iglesia de Santiago de Adai y la tercia parte de Santa María de Piñeiro. Puede valuarle por quinquenio en seiscientos y cincuenta reales a mi parecer. Es su actual cura Don Bartolomé Sánchez de Castro.

Capillas

Hay una capilla inclusa en esta parroquia. Es patronato laical, es capellán Don Juan Fernández, natural de dicha feligresía de edad de treinta años quien tiene actualmente licencia de confesar y celebrar, reside en la ciudad de Lugo como opositor a los curatos. Cumple con la fundación.

Eclesiásticos

Hay dos eclesiásticos uno llamado Don Joseph Sánchez de edad de cincuenta años poco más o menos es patrimonial de San Miguel de Piedrafita, ayuda a la administración el otro Don Tomás Fernández de edad de cuarenta años poco más o menos, patrimonial de San Juan de Segovia ayudan a la administración de los sacramentos. Tienen entrambos licencia de celebrar y confesar.

Sufragánea

La sufragánea de Santa María de Piñeiro se compone de catorce vecinos. No hay copón, relicario ni viril. No hay lámpara. Tiene una puerta decente, las paredes bastante deterioradas y parte de ellas sin recobo ni blanco, su techo de losa. Tiene dos fenestras sin bi[dri]eras, el piso está igual, el campanario bastante deteriorado con llave, la que está en mi poder.

No hay alacena para las crismas ni crismas por ser las de la matriz comunes a entrambas.

No hay más que altar mayor. Está decentemente con su ara, cruz correspondiente. Hay dos candeleros de palo a costa del fabrica[río]; las imágenes están decentes. Hay un misal, no hay coro ni órgano.

Hay una rejilla que sirve de confesonario portátil. Hay sacristía capaz en donde está un cajón de donde se guardan las alhajas de la iglesia sin llave. Hay cáliz, pate[na] de plata sin dorar, una vinagera de estaño. No hay platillo. Hay dos mesas de corporales decentes; hay siete purificadores, dos mesas de manteles.

Hay un paño de lavatorio, hay dos ornatos completos, hay una alba y un amito que están rotos, la casulla una blanca y encarnada de seda, y otra de droguete azul y verde. El aseo de la ropa corresponde al mayordomo. No hay dalmáticas ni capa, hay un paño de cubrir el cáliz de seda. No hay banda, hay frontal de madera pintado.

No hay archivo. Los papeles correspondientes de las tierras de iglesario y una apuntación de las misas de pensión los tiene el cura guardados; el atrio está decente pero sin puertas.

No hay en esta iglesia sepultura dotada.

El curato no tiene casa de iglesario.

La fábrica de Piñeiro tiene por dotación tres fanegas y media que importaba la primicia que son catorce vecinos y pagan a ferrado y medio y por un quinquenio importan setenta y tres reales y once maravedís por el rompimiento de las sepulturas se paga del medio de la iglesia [a]rriba ocho reales y abajo cuatro. Les correspondrá a cinco reales por quinquenio y de estos saca la décima para la visita, para los santos óleos y otras cosas necesarias para la iglesia; tiene la fábrica de esta iglesia trescientos y veintitrés reales en poder de los mayordomos que han sido.

Beneficio curado

puede quedar un año con otro de producto, cien reales de vellón poco más o menos. Poderale también tener de producto dieciséis reales de entierros, y dicho caudal corre a cargo del mayordomo, que todos los años lo elige el común con el consentimiento del cura, y este acabado el año da cuenta en la visita y pone el caudal en poder del depositario que igualmente se elige por el común con el cura, y uno de los más abonados, y de allí saca el cura lo necesario para los reparos precisos, y hay existente de caudal y a favor de la fábrica ciento y treinta y un reales de vellón y diecisiete maravedís.

Caudal de la sufragánea

La fábrica de la sufragánea tiene por donación las primicias del término de su feligresía que son cuatro fanegas y media de las que sacada la décima para el seminario y más cargas le pueden quedar un año con otro de producto cien reales de vellón poco más o menos. Póderale también tener de producto doce reales de entierros un año con otro, y dicho caudal corre a cargo del mayordomo que todos los años lo elige el común con el cura, y este al fin del año da cuentas en la visita y pone el caudal en poder del depositario que también es elegido por el común con el cura, uno de los más abonados y de allí saca el cura lo preciso para los reparos y adorno de dicha iglesia. Y hay existente de caudal y a favor de la fábrica quinientos y ochenta y nueve reales de vellón.

Funerales

En los funerales percibe el cura por sus derechos siete reales de vellón con obligación de misa cantada y vigilia y lo mismo dos honras y a los sacerdotes que asisten a dichas funciones tres reales de vellón comiendo y cinco no comiendo pero de ordinario por los accidentes que pueden acontecer y la poca estimación que en dichas funciones se da al estado sacerdotal y otros graves inconvenientes que se pueden claramente conocer, ya el cura tiene en práctica que no se dé de comer en dichas funciones. Folgosa y agosto trece de mil setecientos y sesenta y cuatro.

Joseph de la Torre y Quiroga [Firmado.]

Su Señoría Ilustrísima visitó estas parroquias, mandó cobrar los alquileres dentro de 3 meses. En la principal vidriera, cerrar el atrio, y luego, habiendo caudal disponible hacer retablo. Y habiendo reconocido la capilla que se halla al lado de la capilla construida por don Álvaro Quiroga, presbítero, de quien fue heredero y descendiente don Joseph Lorenzo Quiroga, dueño de la casa de Seoane, sin que se le hubiese hecho dotación alguna ni fondo agregado a él, la que tiene la invocación de San Juan, y no poderse reparar de lo necesario, y ser su fábrica muy útil a esta iglesia desde ahora para siempre jamás a ella la unimos, agregamos e incorporamos por no constar legítimo patrono, y se dio por extinguido todo derecho que a ella se pueda intentar. Mandó su señoría ilustrísima que dicho rector cierre la puerta de dicha capilla de la parte de afuera, dejándole la que tiene por adentro. Y el referido don Joseph Lorenzo cedió el derecho que pudiese tener a dicha capilla y se le permitió quitase de allí el retablito, santos y que el retablo e imágenes que están en la iglesia de San Juan de Folgosa, mandada cerrar, se coloquen en la capilla de dicha iglesia en todo lo que asintió el cura rector, a cuya disposición se le dejó la ejecución de esta providencia. En la dicha de San Juan de Folgosa que se cierre, y no se celebre en ella, dándola por extinguida. Y se les intime a los feligreses la demuelan dentro de 15 días, y las alhajas se transporten a la iglesia principal. Y la losa, piedra, madera y lo más que está no necesita que se beneficie para la fábrica. En San Esteban de Folgosa, que se haga el santo titular. Quitar los santos que ocupan el nicho por hallarse indecentes. Cerrar la ventanilla del presbiterio, y que se haga otra que dé luz. Vidriera. Y al mayordomo se le multó en una libra de cera por su descuido a la santa visita. Y al de San Martín en libra y media. Que hagan un cubierto para reparo de la caballería del cura los vecinos fuera del atrio, y este lo hagan cerrándolo. Y un cabildo.

ENTRE O ESTIGMA E A ACEPTACIÓN: MATERNIDADE ILEXÍTIMA NAS PARROQUIAS DO CORGO (S. XVIII-XIX)

Álvarez Quiroga, Carlos

c.alvarezquirolga@gmail.com

Enxeñeiro Superior de Telecomunicacións (Universitat Politècnica de Catalunya)

Fuentes Sánchez, Tamara

tamarfs@gmail.com

Licenciada en Filoloxía francesa e hispánica (Universitat Autònoma de Barcelona)

Martín Monge, Alberto

albertomartinmonge1@gmail.com

Graduado en Historia (Universidad Complutense de Madrid). Máster en Dereito Nobiliario e Premial, Heráldica e Xenealoxía (UNED)

RESUMO

Se ben o embarazo fora do matrimonio foi unha experiencia frecuente nos séculos XVIII e XIX, non por iso deixaba de ser algo extraordinario. Trátase dun estado cargado de estigma e de tabús, a miúdo vivido con ansiedade e baixo a óptica do pecado e da delincuencia. Pola súa importancia, a gravidez espertaba un interese particular por parte da comunidade. É por iso que o obxectivo que ten este artigo é achegar esta realidade desas mulleres grávidas e solteiras do Corgo nos séculos XVIII e XIX, que se afastaba do ditado polos preceptos morales dunha sociedade onde a Igrexa tiña un poder innegable.

PALABRAS CLAVE

Mulleres, nais solteiras, espontáneas, expósitos, século XVIII, século XIX, situacións familiares, socioloxía, Marei, Gomeán, Chamoso, O Corgo.

1. INTRODUCCIÓN

O fenómeno das nais solteiras nos séculos XVIII e XIX, especialmente en comunidades rurais como as parroquias do Corgo, amosa unha realidade complexa e ás veces cargada de estigmas. A gravidez fóra do matrimonio era percibida como un acto extraordinario e socialmente cuestionable, sobre todo cando estaba asociada ca pobreza e a marxinalidade. Este contexto provocou que moitas mulleres vivisen esta situación baixo unha forte presión moral e relixiosa, reflectindo a influencia omnipresente da Igrexa na configuración dos valores sociais da época.

O estudo que aquí se presenta centra a súa análise na ilexitimidade e nos casos de nais solteiras empregando como fontes principais os libros bautismais conservados no Arquivo Central Parroquial Diocesano de Lugo. Estes documentos non só rexistran os nacementos, senón que tamén ofrecen unha visión do contexto social e familiar dos recién nados, permitindo así reconstruír o panorama demográfico e cultural da época. A documentación revela unha realidade marcada pola desigualdade social, onde as mulleres pertencentes a clases baixas eran as máis vulnerables a caer na categoría de nais solteiras.

É difícil dar unha explicación ao fenómeno da ilexitimidade no Corgo deste período. Aínda que o crecemento económico da Galicia rural a partir de 1780, momento no que comeza o propio aumento exponencial das nais solteiras, non pode explicar esta circunstancia, xa que segue medrando a partir das décadas de 1830 e 1840, cando o declive económico é un feito¹. Ademais, para facernos unha idea do que supuxo a ilexitimidade na Galicia interior neste período, o profesor Isidro Dubert expón que chegou a duplicar e triplicar os casos de Suecia, Inglaterra e Francia, e mesmo a cuadruplicar os de Irlanda². Como veremos, a marxinalidade foi o espazo no que caeron moitas das mulleres que estudamos neste artigo. Unha das hipóteses que sempre se manexa para

¹ DUBERT, Isidro: «Eglise, Monarchie, mariage et control social dans la Galice rurale, XVIIIe-XIXe siècles», en *Annales de Démographie Historique*, 2, 2009, p. 117.

² DUBERT, Isidro: «Ilegitimidad, matrimonio y mercados de trabajo femeninos en la Galicia interior, 1570-1899», en *Obradoiro de Historia Moderna*, 24, 2015, p. 56.

algunhas delas é a prostitución: a pesar de que se daba máis nos núcleos urbanos³, non era algo alleo á sociedade rural. Isto intentaríano indicar casos de nais reincidentes con pai incógnito ou as nais solteiras que entraban na categoría de «pobres».

Este artigo tamén destaca a existencia das chamadas «mulleres espontaneadas», un fenómeno propio de Galicia, onde as nais solteiras declaraban formalmente a súa gravidez perante a xustiza local. Estas declaracións, rexistradas en numerosos casos das parroquias estudadas, amosan a institucionalización dunha resposta legal a unha realidade socialmente rechazada.



Porén, non todo foi estigma e exclusión. A análise tamén reflicte mostras de solidariedade comunitaria, como o acollemento de nais solteiras e os seus fillos por parte de veciños ou a implicación de padriños e madriñas que actuaban como referentes sociais para os cativos. Así mesmo, a figura do matrimonio posterior á maternidade como unha vía de reintegración social reflicte o papel da comunidade na atenuación do impacto social deste fenómeno.

Este traballo non só pon o foco sobre as dificultades e as discriminacións que estas mulleres afrontaron, senón que tamén reivindica a súa resiliencia e a complexidade das súas vidas. Ao reconstruír esta parte da historia, buscase dar visibilidade a unha realidade frecuentemente esquecida, ofrecendo unha perspectiva renovada sobre a maternidade e a condición feminina no rural galego da época.

2. AS FONTES DOCUMENTAIS: AS ACTAS BAUTISMAIS

Os libros bautismais no Arquivo Central Parroquial Diocesán de Lugo constitúen a principal ferramenta a nosa disposición para achegarnos a natalidade e ao contexto familiar e social dos recentemente nados.

³ RIAL GARCÍA, Serrana: «Solos y pobres: las mujeres de las ciudades de Galicia ante la marginalidad y la prostitución», en *Semata: Ciencias sociales e humanidades*, n.º 16, 2005.



Exemplos dos libros de bautismos consultados

O noso estudo toma como exemplos representativos tres das parroquias do noso concello, Santa María de Marei, Santiago de Gomeán e Santo André de Chamoso. A dispoñibilidade dos seus libros bautismais nun período sen interrupcións que abarca desde a segunda parte do século XVIII ata a última década do XIX, permite obter unha boa visión da natalidade nas devanditas parroquias, visión que cremos representativa da realidade do concello nesa época. O estudo supuxo a revisión de máis de 5.000 actas de bautizo correspondentes ao período mencionado.

Nos 'Libros de Bautizados', os párrocos recollían cronoloxicamente os datos mais relevantes dos nenos bautizados. A principios do século XVIII, limitábanse a anotar de maneira sintética o seu nome, data e lugar de nacemento e bautizo, nome dos pais e nome dos padriños. Con todo, xa poucas décadas despois, e como resultado das indicacións en diferentes visitas do bispo de Lugo,

as actas foron incluíndo mais información, como profesións dos pais, situación social ou o nome e lugar de procedencia dos avós.

É relevante destacar que nas partidas, o párroco poñía especial interese en indicar se o neonato era lexítimo (froito dun matrimonio católico), natural (ou ilexítimo) ou expósito.

Os fillos naturais eran froito da unión voluntaria, ou non, dos seus proxenitores que ao momento da concepción non estaban unidos legalmente en matrimonio relixioso. Estas partidas son de especial interese para o noso estudo xa que indican entre outros temas por exemplo se a nai era solteira, se o pai era coñecido e, no seu caso, recoñecía ao bebé.


Doutra banda, os expósitos eran criaturas de pais descoñecidos, abandonados normalmente no atrio da igrexa ou na porta dalgunha casa da parroquia, sen saberse quen as depositaba. Nalgúns eran acompañados dunha nota na que se pedía o seu bautismo. Normalmente, o seu bautismo funcionaba como medio preventivo antes de iniciar a viaxe á Inclusa pero nalgúns casos eran finalmente criados por familias da parroquia. Estes nenos abandonados eran considerados poboación marxinal, no último chanzo social xunto a mendigos ou prostitutas⁴; a pesar diso, adoitaban deixarse en lugares onde se consideraba que ían estar protexidos, como conventos ou casas de veciños con especial sensibilidade.

Como despois veremos, a representatividade dos datos para o noso estudo vén condicionada nalgúns casos polo pouco rigor dalgúns párrocos en manter os libros actualizados. É habitual na zona a presenza de anotacións nos libros bautismais anos despois da data dos nacementos, ou mesmo nalgúns casos reescrituras masivas como resultado de discrepancias detectadas nas visitas polo bispado ou de reclamacións dos veciños.

⁴SOBRADO CORREA, Hortensio: «Desamparo y marginación infantil en Galicia en los siglos XVIII y XIX», en María Marta Lobo de Araújo y Alfredo Martín García (coords.), *Os Marginais (séculos XVI-XIX)*, Famalição, Edições Húmus, 2018, p. 36.

Tamén temos que ter en conta ademais que os párrocos non acostumaban a deixar constancia daquelas criaturas que falecían sen recibir o bautismo, cifra que puido ser importante, dado que, ata o século XIX, os proxenitores esperaban aos últimos días de prazo –oito días que podían ampliarse en caso de enfermidade ou problemas durante o parto–. Entre os ilexítimos e os expósitos, a causa do halo de ocultación que os rodeaba, a mortalidade sería posiblemente máis grave polas peores condicións do parto.


A análise das partidas móstranos o diferente crecemento demográfico que experimentaron as tres parroquias ao longo dos case dous séculos do período estudado. Aínda que no século XVIII e primeira metade do XIX a natalidade en Chamoso e Gomeán era moi similar, Gomeán experimenta un crecemento significativo na segunda parte do XIX, posiblemente debido ao impacto económico cada vez maior derivado da estrada de Lugo a Astorga, actual Nacional VI. O crecemento demográfico en Santa María de Marei iníciase dunha maneira máis acentuada a mediados do XVIII manténdose durante todo o período como a parroquia cun maior número de nacementos.



Os datos parecen mostrar un acusado descenso da natalidade en Marei nas décadas de 1660 e 1670. Dita caída é coincidente coa epidemia de peste na provincia e coa crise agraria e forte fame negra no bienio de 1768 e 1769, crise derivada das malas colleitas dos cereais e que sen dúbida tivo un certo efecto na natalidade. Con todo, o feito de non observar unha caída semellante na parroquia veciña de Chamoso, distante poucos quilómetros, nin tampouco unha maior mortalidade nos libros de defuntos da parroquia de Marei, fainos pensar que boa parte da redución das

anotacións no libro de bautismos é causada pola falta de rigor do párroco de ambas parroquias. A base desta afirmación son as numerosas anotacións nos libros desas décadas indicando que faltan partidas, e aínda que nalgúns casos, os nacementos aparecen anotados nos libros de anos posteriores, supoñemos que moitos non quedaron correctamente rexistrados.

Á análise da ilexitimidade e do número de expósitos ten que poñerse en relación ao número total de nacementos en cada parroquia.




É interesante destacar como o peso da ilexitimidade mantívose en porcentaxes similares nas tres parroquias na primeira parte do XVIII con valores similares aos reportados por outros estudos similares na provincia, ao redor do 5%. Chamoso abandeira un incremento substancial desde a década de 1770, alcanzando valores próximos ao 20%, moi superiores ás parroquias de Gomeán e Marei. Non é ata mediados do XIX cando se detectan valores equiparables en Chamoso e Marei cunha 'explosión' de casos que chega a alcanzar un impresionante 30% dos nacementos totais.

No seu estudo sobre infancia e o apadriñamento⁵, Tamara González López apunta que o sistema hereditario que beneficiaba a un fillo sobre os demais, xunto cun mercado matrimonial ríxido que pretendía evitar a fragmentación do patrimonio familiar, provocaba en grande medida o celibato do resto de fillos e mantíñoas no fogar. O crecemento demográfico acabou motivando

que o mercado matrimonial restrinxíse a aínda máis e as taxas de celibato en ambos sexos foron progresivamente incrementándose. Con todo, a mentalidade da poboación non impoñía a castidade a estes solteiros, polo que a ilexitimidade creceu ao compás do celibato. Aínda que a comunidade non aprobase esas relacións ilexítimas e os fillos resultantes, non os repudiaban, eran nalgúns casos previsión de futura man de obra ou axuda na casa.

O número de expósitos observado nas parroquias mantense en valores residuais, aínda que cun máximo con valores ao redor do 3% na primeira metade do século XIX, de maneira análoga aos reportados no estudo antes mencionado. Nese sentido, como apunta Sobrado Correa (2001: 460), o carácter rural e o hábitat disperso de Lugo limitaría os abandonos, debido a que no rural «todo se ve e todo se sabe», polo que a ocultación era tarefa complicada.



3. SER NAI SOLTEIRA NO RURAL: ESTIGMA, DESIGUALDADE E REIVINDICACIÓN

3.1 A orixe e condición social das nais solteiras

A mobilidade xeográfica nos tempos que estudamos (séculos XVIII e XIX) era bastante reducida, limitándose apenas ás aldeas e parroquias próximas.

Nos casos que nos ocupan, cómpre destacar a importancia do Camiño Real, construído tras o Real Decreto do 10 de xuño de 1761, expedido para facer «camiños rectos e sólidos en España, que faciliten o comercio entre provincias, comezando por Andalucía, Cataluña, Galicia e Valencia». Este camiño pasaba por Chamoso e formaba parte da ruta que desembocaba na

⁵GONZÁLEZ LÓPEZ, Tamara: «Infancia y padrinazgo: legítimos, naturales y expósitos en la diócesis de Lugo en el Antiguo Régimen», en *Revista de Demografía Histórica-Journal of Iberoamerican Population Studies*, vol. 38, n.º 1, 2020, pp. 59-77

Coruña desde a Corte de Madrid⁶, proporcionando unha vía de transporte en mellores condicións que as anteriores, que maioritariamente eran calzadas sen pavimento.

Este Camiño Real, xunto co impulso da Coruña, coa presenza dos Correos Marítimos e o comercio con América, e de Ferrol como gran produtora da industria naval, constituían uns atractivos para a emigración galega e do resto de España⁷.

Con todos estes factores, en Santo André de Chamoso obsérvase unha tendencia a ser naturais da mesma parroquia, especialmente durante o século XVIII, coincidindo coa dificultade para a mobilidade debido ás deficientes estradas e á menor necesidade de emigrar. Ao entrar no século XIX, atópanse máis mulleres procedentes de fóra.

Vemos, así mesmo, unha clara relación entre a ilexitimidade e a baixa condición social e económica destas mulleres, sobre todo a partir do segundo terzo do século XIX. Como nos explica novamente o profesor Isidro Dubert⁸, a maioría das mulleres atopaban unha saída laboral no servizo doméstico, o que podía proporcionarles un matrimonio e un futuro social ao ter un oficio estable.

Exemplos de criadas neste século temos o de Josefa Lombardana, tamén espontánea, que viña de Córneas; Josefa Vázquez, de San Xoán do Campo; Juana Pérez (1860), natural de Santalla, identificada como caseira de Josefa Ribas, o que poderíamos equiparar a unha ama de chaves ou criada maior; Josefa Rodríguez (1866), de Adai; Ángela Sánchez (1872), que serve na casa de Antonio Bande, en Marei; Martina Souto (1873), de Folgosa, que serve na casa de Pedro Díaz do Val; Francisca Riazor (1879), que chegou a Gomeán, parece que desde a Corte, onde servira; Amalia

Rodríguez e María López Sánchez, en 1894, preséntansenos como criadas. Antonia Pérez, de Hospital de Chamoso, é criada nunha casa en 1854, cando nace a súa filla María Josefa.

En Chamoso, no primeiro período estudado, 1700-1787, a pesar de haber unha poboación maior que en épocas posteriores (553 bautizos), só se rexistran trinta e dous fillos de nai solteira, das cales dúas reincidiron con dous fillos cada unha, ademais dunha nena expósita, María Ventura, nada en 1705 e deixada na porta do veciño Pedro da Bacariza. A nai incluía unha cédula de petición de bautismo xunto á nena, reducindo o número de nais solteiras a vinte e nove en oitenta e sete anos.

Entre 1787 e 1807, a práctica totalidade das nais solteiras eran naturais da propia parroquia, e os casos de fóra proviñan de parroquias próximas como San Salvador de Toirán (Josefa Díaz), San Cosme de Manán (Brígida López) ou San Cristovo de Chamoso (Manuela López).

No período 1807-1851 obsérvase un aumento da emigración. Exemplos como o de Tomasa López, procedente de San Bartolomeu de Mariz, a medio camiño entre Lugo e A Coruña, suxiren que posiblemente estaría realizando a ruta inversa A Coruña-Madrid e pasou por Chamoso no momento do parto. Tamén Manuela Villares procedía dunha parroquia próxima á de Tomasa: San Vicenzo dos Vilares, entre A Coruña e Lugo, o que reforza esta hipótese de viaxe a Madrid. María Josefa Fernández, natural de Santa María de Lourenzán, entre Mondoñedo e a costa (a Praia das Catedrais), tivo xemelgos en 1820 e posteriormente puido dirixirse tamén cara a Madrid polo Camiño Real.

No período 1851-1872 rexístranse doce nais solteiras procedentes de fóra da parroquia, algunhas nadas tan lonxe como Madrid, aínda que os seus pais eran de Pedrafita e Marei, como no caso de Josefa Rodríguez, que tivo dous fillos en 1861 e 1864. Tamén destaca o caso de dona Juana de Páramo, nacida na Coruña ou en San Cosme de Manán, segundo a partida de nacemento dos seus fillos, nados en 1854 e 1857.

⁶LINDOSO TATO, Elvira y VILAR RODRÍGUEZ, Margarita: «La literatura de viajes y el transporte en Galicia desde el último tercio del siglo XVIII hasta mediados del XIX», en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, núm. 128, 2015.

⁷SOBRADO CORREA, Hortensio: *Las tierras de Lugo en la Edad Moderna. Economía campesina, familia y herencia, 1550-1860*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 2001, p. 365.

⁸DUBERT, Isidro: «Ilegitimidad, matrimonio y mercados...», op. cit., pp. 79-84.

Ramona Pérez e Antonia Pérez, posiblemente irmás aínda que os datos proporcionados eran incompletos, procedían dunha parroquia da costa lucense, no concello de Viveiro: Santa María de Chavín; aparecen como criada e esmoleira, declarando Ramona que só coñecía á súa nai, o que suxire que as posibles circunstancias socioeconómicas desta familia puideron levalas a emigrar a Chamoso e ter dificultades para contraer matrimonio.

A profesora Ofelia Rey Castelao tamén incide nesta emigración de mulleres solteiras, sobre todo no século XVIII⁹. O destino máis lóxico sitúase nas cidades, como vimos anteriormente, nas que poderían dirixirse cara a Madrid para buscar un traballo estable, casar ou agochar un embarazo, como fixeron algunhas das mulleres deste estudo.

De dona Juana de Páramo, antes mencionada, pódese deducir que non foi un fenómeno exclusivo das clases máis baixas. Era filla do escribán don José de Páramo e de dona Inés de Cobas, naturais de San Cosme de Manán e A Coruña. Tivo un primeiro fillo en 1854 de pai incógnito e outro en 1857 recoñecido polo pai, Manuel Díaz, ao ano seguinte. Neste último caso observamos que lle retiraron o tratamento de «dona», o que indica que puido ser en parte repudiada polos seus pais, residindo en Hospital de Chamoso, mentres eles vivían entre San Cosme de Manán e San Fiz de Paradela; aínda que parece contar co apoio da súa irmá dona Manuela de Páramo, que amadriñou o seu primeiro fillo e exerceu como madriña doutros nenos de nais solteiras, como o de María de Castro en 1855.

Exemplos de mulleres co tratamento de «dona» atopámoslos tamén no caso de dona María de la Vega e Montenegro, que deu a luz ao seu fillo José María en 1787 co capitán don José Vicente Taboada Monteagudo, aínda que declararon que ambos estaban libres e capitulados. Neste caso sorprende que tiveran o fillo en Chamoso sendo ambos naturais de fóra da parroquia e que, en principio, tiveran promesa de matrimonio. En Marei vemos a dona Ana de Quiroga, procedente

do barrio de Vilar en Santalla do Alto, que tivo ao seu fillo Domingo Antonio en 1740, aínda que recoñecido polo pai (Juan Álvarez Montenegro).

Dona Josefa Teixeira Zapata, que non achega filiación pero sabemos que é filla de don Sebastián Díaz Guitián e dona Manuela Teixeira Zapata, unha das familias máis importantes de Santo André de Chamoso e, en concreto, do Hospital. En 1780 nace o seu primeiro fillo, José, cun home solteiro chamado Francisco López do Campo. Neste momento a ela non se lle inclúe co tratamento de fidalga; porén, en 1785 dá a luz a outro José, desta vez de pai incógnito, residindo ela na Casa de Lamas, na freguesía de San Cristovo de Chamoso, onde aínda vivía co seu pai, don Sebastián Díaz. Levaron expresamente este segundo fillo a bautizar sen a nai, sendo o seu padriño o seu tío don José María Díaz.

É interesante incidir nos casos de mulleres máis pobres: as chamadas *pordioseras*. Estas mulleres estarían no nivel máis baixo de todos, xa que, na súa maioría, vivirían de esmolas e non exercían ningún traballo estable. Temos o caso de Martina, natural de Friol, que en época tan tardía como 1895 se presenta como tal. María Dolores Quiroga, filla doutra nai solteira, Manuela Quiroga, está acollida na casa de Gregorio Rey cando nace a súa filla María Asunción en 1891. Francisca Fernández, de Vilapene, serve nunha casa onde os señores apadriñan o seu fillo Vicente en 1861, pero móstrase como *pordiosera*, quizais porque apenas recibiría un soldo máis alá do sustento alimenticio. María Pérez, de Santalla, dá a luz en 1859 en Valverde (Gomeán), na casa de José López e a súa muller, onde pasara a noite. Antonia de Anseán tivo o seu fillo Antonio o ano anterior, figurando tamén como *pordiosera*.

En Chamoso vese este aspecto en Manuela Villares, natural de San Vincenzo dos Vilares, que chegou á parroquia pedindo esmola, e en Manuela García, de San Cibrao de Montecubeiro, que tamén figura como pobre.

Aínda que normalmente non se inclúe o emprego das mulleres na documentación, entendemos que a gran maioría se dedicaría ao servizo doméstico, á labranza ou como xornaleiras nalgún lugar da parroquia.

⁹REY CASTELAO, Ofelia: «Crisis familiares y migraciones en la Galicia del siglo XVIII desde una perspectiva de género», en *Studia historica. Historia moderna*, vol. 38, n.º 2, 2016, p. 221.

3.2 Nais solteiras reincidentes e imitación de patróns familiares

Unha gran porcentaxe de mulleres que tiñan un primeiro fillo como solteiras reincidían. Quizais, ao ver que non podían acceder a un matrimonio debido ao estigma xerado arredor da súa maternidade en solteiría, víanse atrapadas na espiral que iso implicaba.

En Chamoso hai casos como o de Francisca de Otero, filla de Alejandro de Otero e de María Fernández, que tivo tres fillos (nos anos 1845, 1849 e 1860) con pais incógnitos. Faleceu á idade de sesenta e oito anos en 1873¹⁰, quedándolle Ángela, que vivía con ela; Vicente, que estaba «en el servicio de las armas» na Habana; e Francisco, de catorce anos. Ángela falecería en 1895¹¹ tras formar unha familia co seu marido Feliciano Fernández.


Francisca Torrón tivo dous fillos como solteira (en 1837 e 1844). O primeiro, José, foi recoñecido por Felipe Rodríguez, natural de Sabarei; con todo, cando falece José Torrón en 1872¹² só aparece como fillo natural de Francisca e sen ningunha mención ao seu pai recoñecido. Podemos comprobar que conseguían saír adiante e formar familias, a pesar do estigma: José chegou a ter tres fillos coa súa muller Petra López. Francisca Torrón sobreviviu ao seu fillo e faleceu en 1876¹³, sendo organizado o seu enterro por Manuel Cela, que era nese momento o marido da súa nora Petra.

María López Riveira é o caso de nai solteira máis reincidente. Tivo tres fillos: María Manuela Gregoria (1824) con José Carballo, e os xemelgos Pedro e María en 1833 con Jerónimo Fernández. Ademais, deu a luz a Manuel María (1826), Francisca Juana (1827) e Teresa (1837) de pais incógnitos. Finalmente, con Andrés Pérez, de quen confesou ser o pai, tivo a Manuel (1840). En total, tivo sete fillos nacidos e bautizados, aínda

que entendemos que puido xestar algún máis que morrera antes de nacer. María López Riveira faleceu en 1880¹⁴, organizando o seu enterro a súa sobriña María López González e declarando que lle quedaban vivos varios fillos: Manuela, solteira e residente en Lugo; María, casada e veciña de Sarria; Teresa, solteira e veciña de Chamoso; e Manuela, casada e «avecindada en la villa de Cego, provincia de Álava».

De Manuela López Riveira sabemos que tivo polo menos unha filla como solteira: María Josefa Juana, nacida en 1846 de pai descoñecido. Esta María Josefa faleceu en 1882¹⁵ deixando outra filla como solteira: Josefa. Porén, de Teresa López Riveira atopamos que seguiu a súa nai na reincidencia de fillos como solteira: Manuel María (1865) e Bibiana María Pilar (1869), nos libros que temos estudados, non descartándose máis fillos.

Vemos, polo tanto, que xurdiron ata tres xeracións de nais solteiras, debido, como dixemos antes, ao estigma e ás condicións socioeconómicas. Un dos casos máis rechamantes que reflicte esta idea é o da familia Lombardina. Josefa Lombardina e Isabel Lombardina eran nai e filla respectivamente. A primeira, orixinaria da parroquia de Córneas, atopábase en Barreiros (Marei) no ano 1824 como criada cando tivo a súa primeira filla, a mencionada Isabel. En total, Josefa tivo ata catro fillos sen estar casada. Este foi un patrón que a súa filla Isabel reproduciu a partir de 1844 –con 20 anos de idade–, sendo nai solteira dun total de sete fillos de pai incógnito.



Na partida de bautismo do cuarto fillo de Isabel Lombardina atopamos estas palabras onde o párroco explica que a nai tarda 15 días en presentalo para o bautismo, xa que pariu fóra da parroquia. Menciónase que sente vergonza de non telo feito antes, que o presenta por temor a volver a «delinquir». Delinquir pódese interpretar neste contexto como «pecar».

¹⁰AHDL, parroquia de Santo André de Chamoso, libro 5 de defunciones, fol. 6r.

¹¹AHDL, parroquia de Santo André de Chamoso, libro 5 de defunciones, fol. 54r.

¹²AHDL, parroquia de Santo André de Chamoso, libro 5 de defunciones, fol. 1v.

¹³AHDL, parroquia de Santo André de Chamoso, libro 5 de defunciones, fol. 14r.

¹⁴AHDL, parroquia de Santo André de Chamoso, libro 5 de defunciones, fol. 22r.

¹⁵AHDL, parroquia de Santo André de Chamoso, libro 5 de defunciones, fol. 27v.


3.3 As mulleres espontaneadas: unha figura xurídica propiamente galega

É durante a procura do marco teórico para o sustento deste artigo que atopamos a existencia das «mulleres espontaneadas». Non era a nosa intención inicial tratar en exclusiva esta realidade das nais solteiras, mais antes de amosar unha das nosas descubertas en relación ás espontaneadas, daremos forma a continuación deste concepto, exclusivo do ordenamento xurídico galego.


Para iso, imos remitirnos a definición que fixo Ana María Romero Masiá no seu discurso cando foi admitida como membro do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses en 2017: «En esencia, os expedientes das **espontaneadas** son documentos nos que unha muller solteira ou viúva embarazada dirixese ao Alcalde para espontanearse, é dicir, declara o seu embarazo a cambio de recibir un salvoconduto polo que ningunha autoridade podía molestala por aquela falta». Ao longo dos séculos XVIII e XIX, as declaracións das mulleres espontaneadas institucionalizáronse de diversas maneiras e en diferentes niveis da administración local. Durante o Antigo Réxime, varias autoridades locais, como os meiriños, alcaldes, xuíces constitucionais, notarios e xuíces de paz, rexistraban estas declaracións. Esta rica documentación notarial, que é analizada tamén en profundidade na obra de Ángel Arcay Barral «Mulleres espontaneadas: Fraxilidade humana e cópula carnal na comarca do Eume e Ferrol (XVIII-XIX)», evidencia a existencia en Galicia dunha sexualidade extraconxugal que ten sido analizada desde os estudos demográficos, nos que se resalta o elevado número de fillos ilexítimos con respecto a outras zonas do Estado español e que os documentos de espontaneadas completan presentando as situacións nas que se produciron os embarazos. O expediente de espontaneada comeza coa identificación da muller e a explicación da causa da súa gravidez, xa sexa por relacións consentidas ou por violación, ante un escribán para que dea fe e poder presentarse ante a xustiza, ante a que presta declaración, presenta un fiador que se compromete a responder pola saúde do neno e, unha vez aceptado, o xuíz, mediante un auto, declara rexistrada esa preñez

e indica á muller como debe ser a súa vida de agora en adiante¹⁶.


Mais, había mulleres espontaneadas nas parroquias de Marei, Chamoso e Gomeán? A resposta é afirmativa. Mentres se analizaban as actas bautismais das tres parroquias, atopamos con estupor un total 40 actas bautismais onde o cura especificaba que a nai «se espontaneó» ante un meiriño, escribán ou xuíz para dar parte da situación.



En 1791, o párroco de Santo André de Chamoso declara neste acta que: «baptice cristianamente una niña hija natural de Mariana Fernández y de padre incógnito según consta de la espontánea de su madre que hizo ante la justicia de la villa de Adai y que nació en el día veintiuno de dicho mes.»




Nesta acta de 1807, o cura de Gomeán recolle o seguinte: «(...) bauticé solemnemente con los nombres de María Juana, una niña que nació el día tres de dicho mes, hija natural de Andrea Rodríguez, soltera y haberla tenido de Antonio de Vigo, también soltero de quien se espontaneó ante el Sr. Merino de Lugo, juez ordinario de la predicha de Gomeán de la que los sobredichos son vecinos»




Nesta acta de 1824, o cura de Marei anota: «(...) bauticé solemnemente una infanta (...) hija natural de Manuel do Val y de Josefa Lombardana, según espontánea que hizo por delante de Don José Ramón Freire, escribano de notario de Adai, el padre, vecino de Santa María Magdalena de Sabareí y la referida madre vecina de Santa María de Córneas y ahora se halla sirviendo en el lugar de Barreiros (...)»

¹⁶ Definición elaborada polo Arquivo do Reino de Galicia consultable na súa páxina web. A estrutura desta declaración está explicada con precisión na obra de Arcay Barral.



Espontaneadas por parroquia



Podemos rematar este apartado, botando un ollo aos gráficos de aquí arriba, onde se aprecia que Chamoso é a parroquia que ten máis número de espontáneas. Unha posible causa sería á proximidade de Chamoso ás figuras de notarios como Antonio López Torrón ou don Felipe Taboada, que residían practicamente na parroquia. Outro dato a subliñar é o ano onde se producen máis declaracións de espontáneas: é en 1824, cun total de 4 casos.

Engadimos que no anexo deste artigo pódese atopar unha táboa que concreta os casos de mulleres espontáneas das tres parroquias.

3.4 A cara amable de ser nai solteira no rural: unha rede de apoio veciñal

Durante a nosa investigación puidemos constatar que ser nai solteira supoñía romper con uns preceptos do ámbito familiar moi ríxidos pero, ao mesmo tempo, desmedando os datos, vimos certa aura amable na resposta de certos veciños

e veciñas ante a chegada na comunidade dun bebé froito dunha relación ilexítima.

Atopamos veciños que acollen mulleres «*pordioseras*» ou «*transeúntes*» na súas casas ou onde traballan como caseiros. É o caso de Francisca Montes, caseira no domicilio de José Doval, situada no Castro (Gomeán). A propia Francisca declara para a elaboración da acta de bautismo que ela acolleu unha moza esmoleira embarazada e que esta pariu no seu cuarto. Dá ao párroco a información que sabe sobre os avós maternos e a nai pero non ten máis noticias. A madriña do bebé será tamén a propia veciña. Outro caso de solidariedade veciñal é o de José López e a súa muller, de Gomeán, que apadriñou dous bebés de dúas nais solteiras que deran a luz na súa casa (a primeira porque por uns días e a segunda porque foi acollida por eles e levaba residindo en Gomeán por dous meses).

Outro caso de apoio veciñal é o da mestra de nenas Amalia Quintana, residente en Chamoso. Esta muller viúva que desempeñou un papel importante na educación feminina do concello na segunda metade do século XIX, amadriñou varias fillas de nai solteira das parroquias de Marei e Chamoso.

Do mesmo Chamoso temos que volver a mencionar a dona Manuela de Páramo, que amadriñou o primeiro fillo da súa irmá Juana que tivo como muller solteira, e tamén outros nenos de nais solteiras, como o de María de Castro en 1855 ou o de Antonia López González en 1859. Unha das fillas de Manuela de Páramo foi tamén madriña de fillos de nais sen casar e tamén empregou a algunhas delas como Antonia Vázquez, que servía na súa casa en 1870. Ese ano naceu o fillo da criada –Antonia–, Manuel Lino, e foi amadriñado pola señora da casa.

E para rematar, falamos de dous casos que tamén amosa a axuda de membros da comunidade ás bebés expósitas. Sabemos o necesario que é para o desenvolvemento dun cativo ou cativa ter un referente adulto que estea presente na

súa vida. Os bebés expósitos non sempre tiñan esa opción, xa que normalmente acababan nas inclusas, establecementos de beneficencia nos que se acollía, albergaba e criaba os nenos expósitos abandonados nas portas deste tipo de institucións ou repudiados polos seus proxenitores, co obxectivo de salvar as súas vidas e diminuír o impacto do infanticidio debido á pobreza ou outras causas. Pois ben, en Marei atopamos o caso de Rosa (apelidos descoñecidos), unha nai solteira e nena expósita que foi acollida á idade de catro anos por unha veciña chamada María Díaz Vivero. Esta veciña converteríase na súa referente, criouna coma unha filla e cando Rosa quedou embarazada, foi María quen sería a madriña do bebé en 1871.

Outro caso de muller expósita similar ao de Rosa é o de Concepción Rey. Estivo ao cargo da veciña Juana Neira desde a nenez. Concepción, natural da inclusa de Santiago, ten o seu fillo Manuel, de pai incógnito, e ela acaba trasladándose a Marei, con Juana, que sería tamén a madriña do bebé.

3.5 Os pais incógnitos: o perfil

Aínda que é de supoñer que unha parte significativa dos pais de fillos ilexítimos eran homes casados, son moi escasos os bautismos nos que a nai o afirma explicitamente. É o caso de María das Rodas de Marei en 1764 ou de Ana Ferreyro de Gomeán en 1787. Son máis habituais os casos onde a nai declara o suposto pai e así que logramos saber que se trataba dun home casado, como é o caso de don Carlos de Yebra de Vilanova de Marei, que en 1722 menciónase como suposto pai dunha criatura sendo un home casado con dona María de Lossada desde 1706.

Aínda que de que forma indirecta, tamén temos constancia que algúns pais incógnitos eran membros do clero pero evidentemente esa circunstancia non se vía reflectida nas partidas de bautismo tanto pola necesidade do cura de protexerse como polo interese da igrexa de ocultar este tipo de situacións.

Os pais que recoñecían aos seus fillos con estas nais solteiras, ou que se vían obrigados a facelo publicamente (por declaracións de espontáneas, pola presión do párroco ou das familias, etc.), adoitan ser naturais ou, polo menos, veciños da mesma parroquia.

Atopamos unha tendencia maior a que os pais fosen nomeados e recoñecidos no século XVIII, algo que se vai perdendo gradualmente no XIX. O profesor Hortensio Sobrado dá unha explicación para este fenómeno baseada na promulgación en Francia do Código Napoleónico, que prohibía investigar a identidade do pai¹⁷, mentres que anteriormente esta situación podería estar máis relacionada co medo da nai á categoría social do pai.

Un caso singular é o de Juan Fernández, natural de Chamoso, que en 1800 tivo dous fillos con dúas mulleres distintas, solteiras e espontáneas: Manuela Rodríguez López e Ana López, ambas ante o escribán de Adai, don Felipe Antonio Taboada e Ulloa. Isto lévanos a preguntarnos: desexaban estas mulleres ser nais e vían en homes como Juan Fernández un medio accesible para iso? Se non fose o caso, estaríamos ante o arquetipo do mozo pícaro que lograba atraer a varias mozas á vez.

Por se isto fose pouco, Juan Fernández tivo un irmán, Pedro Fernández, que foi pai doutro neno, Manuel Agustín, coa mesma Manuela Rodríguez López, desta volta en 1814. Vemos que había unha grande conexión familiar entre os pais e as nais destes nenos.

Os irmáns José López e Vicente López, fillos de Gregorio e Isabel, e naturais de Chamoso, tiveron fillos con dúas mulleres solteiras: Mariana Fernández (1797) e Antonia López (1799), con quen casaron posteriormente. Vicente e Antonia fixérono aos tres meses do nacemento do seu fillo Agustín, en novembro de 1799¹⁸, o que fai posible que xa tivesen un noivado cuxo parto derivou

¹⁷SOBRADO CORREA, Hortensio: *Las tierras de Lugo...*, p. 442.

¹⁸AHDL, parroquia de Santo André de Chamoso, libro 2 de matrimonios.

nunha voda rápida. Antonia, ademais, era irmá de Manuela Rodríguez López, o que reforza a teoría da conformación dun espazo familiar e afectivo entre homes e mulleres solteiros nas parroquias.

Se ben o perfil social destes homes, igual que ocorre no caso das mulleres, está máis relacionado coa categoría de labregos e gandeiros, tamén atopamos persoas notorias e cunha categoría socioeconómica máis alta. Neste sentido, temos a don Francisco Antonio Varela e Ulloa, xuíz ordinario de Adai, do que o párroco só conseguiu saber que era natural de Lugo ou dos seus arredores. Este xuíz tivo en 1733 un fillo, Francisco Antonio, con Antonia Díaz¹⁹, filla de Gracia Díaz e neta de Sebastián Díaz, patriarca da importante familia Díaz do Hospital de Chamoso, da que tamén era neta dona Josefa Teixeira Zapata anteriormente mencionada. Tamén neste sector social nobiliario estaba o xa citado capitán don José Vicente Taboada Monteagudo. Don Francisco de Neira, fillo de don Manuel de Neira e de dona Bernarda Villares, desta parroquia de Chamoso, tamén tivo que ser recoñecido como pai en 1787, xunto con Josefa Fernández, dunha nena chamada María Francisca, xa que ata o momento do bautismo permanecera oculto.

En Marei, don Francisco de Páramo, natural de Camposo, inaugura o noso listado de fidalgos. Don Álvaro de Roy e don Pedro Pardo en 1721, e o antes mencionado don Carlos de Yebra ao ano seguinte. Don Castaño Cedrón, orixinario de Fonsagrada, tivo con Francisca García un neno, Domingo Castaño, en 1730. Don Fernando de Yebra, fillo de don Carlos de Yebra (sería o mesmo de 1722?) e de dona María de Losada, tivo en 1740 a María Librada Isabel con María López Armada.

Don Tomás de Neira, fillo de don José Díaz de Neira e de dona María Soengas, recoñeceu en 1762 un neno, Manuel Luis, con Ana Conde, sendo

eliminada a ilexitimidade no rexistro bautismal. Don Francisco de Camoa é un dos pais que son recoñecidos pola nai e non por el mesmo, cando naceu o seu fillo con Ana Díaz en 1775. Pecha o século XVIII, en 1797, don Antonio Riesgo, de Reboredo, con María López.

En Gomeán, don Diego Teixeira e Lamas tivo dous fillos con Gracia Sánchez: Juana (1723) e Joseph (1724); debía ser irmán de don Jerónimo Teixeira, ambos naturais de Cantorcía, quen tivo unha filla, Antonia, en 1728 xunto con María Pascuala Rodríguez. Un tal don Mendo, natural de San Esteban de Folgosa, tivo unha nena con María Pérez en 1744.

Finalmente cabe mencionar, pola súa excepcionalidade, o feito de que algúns dos proxenitores se postulaban como padriños do fillo ilexítimo. Iso permitíanlles ligarse á criatura sen recoñecer a paternidade con, aparentemente, o beneplácito da nai. Se non querían ser obrigados a contraer matrimonio, ser padriño do fillo era unha vía, posto que o parentesco espiritual impedía que contraesen matrimonio. É o caso do bautizo de Domingo Antonio en 1706 en Matafaxin no cal Ana de Quiroga menciona a Antonio Díaz Besteiro como o presunto pai, pero finalmente descubrimos que o mesmo Antonio é o padriño da criatura.

3.6 Vivir en pecado: casos de concubinato

O concubinato ou, como era coñecido na Idade Moderna, o amancebamento, constituía unha transgresión da moral sexual ademais de, e máis importante, un pecado grave. Como ben explica a profesora Margarita Torremocha: «partindo dunha mesma idea, este delito ten diferentes formas e desenvolvemento, castigándose sempre o mesmo: o ultraxe ao matrimonio²⁰», xa que isto ocorría nas diversas versións entre solteiría e matrimonio, sendo unha ofensa ao Sacramento.

¹⁹MARTÍN MONGE, Alberto: «Xenealoxía dunha familia da parroquia de Santo André de Chamoso: os Díaz», en *Revista Corga*, n.º 10, 2023, pp. 116-126.

²⁰TORREMOCHA HERNÁNDEZ, Margarita: «Amancebamiento de casado: el adulterio masculino que sí se castiga en los tribunales (s. XVIII)», en *Matrimonio, estrategia y conflicto. (Siglos XVI-XIX)*, Universidad de Salamanca, 2020, p. 144.


Con todo, era un pecado e un delito, e adoito era condenado, sobre todo entre as mulleres que, ademais, eran consideradas libertinas²¹. Isto tamén levaba á consideración do adulterio, non só dun concubinato entre solteiros ou entre viúvos, polo que a súa pegada impregnaba aínda máis dentro da orde social.

En Marei atopamos a Pedro Sallo e Josefa Manán. Cando nace o seu primeiro fillo, Ricardo, en 1872, levaban catorce meses convivindo, ela sendo viúva. Alegan que están a arranxar a documentación para poder contraer matrimonio e regularizar a súa situación; porén, en 1873 nace o seu segundo fillo, Tomás, e segue todo igual. Hai que ter en conta que neste momento xa existía un Rexistro Civil, polo que os trámites eran aínda máis sinxelos que en épocas anteriores, razón pola cal non se explica tan facilmente a causa de conviviren amancebados.

No barrio de Castro, parroquia de Gomeán, atopamos o exemplo máis paradigmático. José Barba, un viúvo que entendemos de maior idade, mantén unha relación de concubinato cunha muller de Campelo, Josefa Caldeiro, filla doutra nai solteira: Isabel Caldeiro. Cando nace a primeira filla, Francisca, en 1872, reprímese ao pai polo exceso e este declara que conviven separados e que non volverá acontecer. Non só volverá acontecer, senón que será en bastantes ocasións. En 1875 nace Mariano, recomendándolles novamente a separación. En 1877 conciben a Manuel María; en 1877, a María Juana; en 1881, outro Manuel María; en 1882, outra María Juana; en 1884, os xemelgos Manuel e Josefa; en 1886, María Josefa; e en 1887, María Elvira.

En total, dez fillos habidos en concubinato. Non sería máis eficaz promover o seu matrimonio? Que lles impedía? Acaso ela viuse abocada a vivir con el, pero el non quería casar por algún tema familiar ou económico? Cando nace María Elvira, en 1887, o párroco parece ter dado por perdida

a entrada en matrimonio desta parella, facendo mención ao «*incoregible del concubinato*».



Fragmento da acta onde se pode ler a valoración do cura respecto o modelo familiar de Josefa e José.

En Chamoso tamén podemos apreciar este aspecto, aínda que en menor medida e en forma de adulterio. En 1790 nace unha nena, Dominga, cuxa nai, María Rodríguez e Cela, estaba casada con Domingo Carballo. Este, porén, estaba ausente no momento da concepción e do parto, traballando no campo en Castela. Ábrese un proceso e, diante de testemuñas, entre elas o párroco, anúlase a lexitimidade, manifestando a nai que o pai da pequena é incógnito. Non sabemos como acabou o matrimonio, pero non volveu reincidir, polo menos non na parroquia.

Outras veces era difícil saber se concurría algún destes supostos, xa que hai casos de fillos póstumos, como o de Juan de Oria e Ana Díaz, de Santa Mariña de Rosende, que en 1715 chega desde aquela parroquia a parir a Chamoso. É curioso que fixera máis de setenta quilómetros para dar a luz a un fillo que afirmaba ser do seu defunto marido, polo que quizais estaba a fuxir debido ás sospeitas que podería xerar no seu lugar de orixe.

3.7 A saída do estigma das nais solteiras: o matrimonio

En Santo André de Chamoso, un exemplo paradigmático atopámolo nunha muller anteriormente citada: Mariana Fernández, declarada espontánea en 1791, reincidindo en 1794 e 1797, esta vez con José López, tamén veciño da parroquia, con quen casou o 5 de maio de 1800²². Este José López era irmán de Antonia López, tamén espontánea en 1797.

²¹MARTÍN GARCÍA, Alfredo: «Mujeres, pecado y escándalo público en el norte de Portugal a finales del Antiguo Régimen: la comarca de Vila Real», en *El Futuro del Pasado: revista electrónica de historia*, n.º 15, 2024, p. 247.

²²AHDL, parroquia de Santo André de Chamoso, libro 2 de matrimonios.

En 1816, Ángela López preséntase como espontánea ante o escribán de Adai, declarando que o pai do neno, Ángel María, é Sebastián Torrón, natural de San Xoán do Corgo. En 1823 repítese a situación, nacendo outro neno aos poucos meses, en febreiro de 1824, esta vez con distinto pai: Domingo López, natural de Chamoso. Non obstante, co paso dos anos, reconducíu a súa vida a través do matrimonio, quizais tamén como consecuencia de sacar adiante unha familia ela soa nunha época tan complicada, casándose con Lorenzo Rodríguez, natural de Santo Estevo de Folgoosa, o 16 de decembro de 1837²³.

O caso de Dominga Díaz, natural da parroquia, que tivo unha filla en 1852 con José Gómez, natural de Santiago de Laxosa, con quen casou posteriormente o 11 de agosto de 1855²⁴. Dominga dera a luz outro fillo, Francisco, en 1853, declarando incógnito ao pai e non habendo posterior nota de recoñecemento, polo que puido morrer párvulo ou ser fillo doutro home. María Pérez, desta parroquia, tivo unha filla, Antonia, tamén en 1852, co veciño José Jacob, con quen casou dous anos despois, en 1854²⁵.

Un caso interesante é o de Manuela Josefa López, natural de Marei e filla doutra muller solteira: Benita López. Tivo un fillo, José María, de pai incógnito en marzo de 1856 e casou ao mes seguinte con Antonio Andrés Rodríguez, orixinario de Santa María de Bretoña²⁶. Sábese que o neno morreu con cinco días, pero resulta rechamante que non fose recoñecido polo pai, mais casaran un mes despois. Podería ser que Manuela Josefa buscara unha nova oportunidade social dentro dun matrimonio ao perder ese fillo sendo solteira, ou que simplemente o pai decidise dar a cara e levar unha vida familiar con ela. En calquera caso, non tivo máis fillos como viúva nin solteira. María López segue un patrón similar: ten un fillo, Manuel María, de pai incógnito en febreiro

de 1861, que morreu pouco despois, casándose en outubro dese mesmo ano con José Sobrado²⁷.

Tamén hai que considerar neste punto ás mulleres que, unha vez viúvas, deciden ou se ven na situación de ter fillos. Os casos de Manuela Pérez, viúva de José Pérez, que tivo unha filla, María da Concepción, en 1789, con Domingo López Villapene, tamén natural de Chamoso e recoñecido por sentenza ante a xustiza de Adai. Josefa Fernández, de Chamoso, xa viúva de José López Reyxo, tivo a Eustaquia Manuela en 1791²⁸. Josefa López, tamén viúva, tivo a Tomás en 1801, neste caso de pai incógnito. Xerónima Díaz, viúva de Ángel Torrón, dá a luz a Ventura Antonia en 1807, de pai descoñecido. Avanzado o século XIX, Josefa da Fouce concibe a María Manuela en 1847, de pai incógnito.

En Gomeán, Rosa López tivo dous fillos xa viúva de José de Cela, con quen tivera a Pedro Tomás en 1814 sendo solteira: María Manuela (1822) e Vicente Juan (1827), este último declarando ser espontánea. Na mesma Gomeán, a viúva Ramona González tivo a Manuela en 1841, de pai descoñecido. En Marei, María Rodríguez, viúva de José Bascoas, deu a luz a Andrés Francisco, descoñecéndose o pai do pequeno, e reincidindo en 1840 concibindo outro neno: Pedro. Josefa López, viúva, tivo dous fillos en 1855 e 1860 con Andrés Sánchez, con quen posteriormente se casou. Na década de 1870 proliferan os casos de nais viúvas en Marei, como María González (1874), Josefa Castro (1878) e Teresa Vázquez Díaz (1879). Josefa Castro reincide en 1881 e 1883, tendo nese ano outra nai viúva: Juana Pol e Rodríguez.

O caso máis tardío de nai viúva neste traballo é o da labrega Juana Mourelo Díaz, que era filla doutra nai solteira: Josefa Mourelo Díaz, naturais ambas de Marei. Este neno, Manuel María, nacido en 1896, sábese que chegou a casar en 1924 en Valladolid e que tivo medias irmás, entre elas a

²³AHDL, parroquia de Santo André de Chamoso, libro 3 de matrimonios, fol. 18r.

²⁴AHDL, parroquia de Santo André de Chamoso, libro 4 de matrimonios, fol. 3r.

²⁵AHDL, parroquia de Santo André de Chamoso, libro 4 de matrimonios, fol. 2r.

²⁶AHDL, parroquia de Santo André de Chamoso, libro 4 de matrimonios, fol. 3r.

²⁷AHDL, parroquia de Santo André de Chamoso, libro 4 de matrimonios, fol. 11r.

²⁸AHDL, parroquia de Santo André de Chamoso, libro II de Bautismos, fol. 8v.

súa madriña Carmen Doval. Juana dera a luz a unha nena, María Concepción, en 1894.

Un dos exemplos máis característicos deste estudo é o de María López, declarada espontánea en 1799, manifestou que o pai era Juan López, natural de Santo André, con quen casou o 11 de agosto de 1802²⁹. Unha vez viúva, en 1811 tivo un fillo de pai incógnito.

En Marei temos o caso similar de Benita López, espontánea en 1811, dando a luz a Josefa, declarando que o pai era Jacob Roldán; en 1819, xa viúva, tivo outra María Josefa (a primeira debeu morrer de nena), de pai descoñecido. En 1824 é viúva de Manuel Manán e declara que o pai da nena, Manuela Josefa, era un transeúnte.

Vemos que é un fenómeno menos común que o das nais solteiras que se casan posteriormente, pero cómpre destacalo, xa que moitas mulleres quedaban viúvas novas e iso podía dificultarlles o acceso posterior ao matrimonio, por ter xa fillos ou porque os homes preferían mulleres máis novas ou que non tivesen consumado un matrimonio.

En dona Juana Pallina, natural de Coedo e filla de don Fernando de Neyra e Osorio e de dona Antonia Pallina, conflúen tres categorías estudadas neste artigo: fidalga, viúva e espontánea. En 1798 foi espontánea ante a xustiza ordinaria, tendo unha filla en Marei con Froilán Sánchez, chamada María Dominga.

5. CONCLUSIÓNS

Esta análise axuda a comprender a complexidade dunha realidade social marcada pola desigualdade, o estigma e as dinámicas de poder propias dunha sociedade fortemente influenciada pola relixión e as tradicións rurais. O fenómeno das nais solteiras, lonxe de ser unha rareza, configurouse como unha circunstancia recorrente e plural, reflexo das transformacións sociais e económicas da época.

Unha das conclusións máis destacadas deste estudo é o papel que xogaron os contextos socioeconómicos na prevalencia da ilexitimidade. O aumento dos casos de nais solteiras e fillos ilexítimos, especialmente a partir da segunda metade do século XVIII, coincide con momentos de crise económica, transformacións agrarias e cambios nos sistemas de herdanza e mercado matrimonial. Estas circunstancias contribuíron á exclusión de moitas mulleres do sistema tradicional de matrimonio, incrementando o celibato e favorecendo as relacións extraconxugais. Neste contexto, a maternidade fóra do matrimonio converteuse nunha saída para moitas mulleres, aínda que implicaba un alto custo social.

O traballo tamén revela a importancia da documentación parroquial, especialmente os libros bautismais, como fonte fundamental para reconstruír esta realidade. Estes rexistros non só proporcionan datos sobre a natalidade, senón que tamén ofrecen unha visión do contexto social e cultural, permitindo identificar patróns de ilexitimidade, mobilidade xeográfica e factores como a reincidencia. Por exemplo, obsérvase como certas mulleres, despois de ser nais solteiras unha vez, reincidiron, probablemente debido á imposibilidade de acceder a un matrimonio posterior debido ao estigma asociado á súa condición.

Un elemento único e salientable do contexto galego foi a figura das «mulleres espontaneadas». Estas mulleres declaraban formalmente a súa gravidez perante as autoridades locais, unha práctica que reflicte a necesidade de protexer legalmente ás nais e aos seus fillos nunha sociedade que penalizaba severamente a ilexitimidade. A existencia destas declaracións non só evidencia a institucionalización dunha resposta social a este fenómeno, senón que tamén ilustra a vulnerabilidade das mulleres e a súa loita por reivindicar os seus dereitos nun sistema desigual. Engadimos que o estudo en detalle das declaracións de espontáneas do concello será unha das nosas próximas liñas de investigación, xa que nas actas bautismais non

²⁹AHDL, parroquia de Santo André de Chamoso, libro 2 de matrimonios.

se dan tantos detalles como neses documentos notariais.

Outro aspecto importante que destaca neste estudo é a existencia dunha rede de solidariedade comunitaria que, en certos casos, atenuou o impacto do estigma asociado ás nais solteiras. Veciños e veciñas, padriños e madriñas, así como figuras locais como mestras ou párrocos, desempeñaron un papel fundamental na protección e apoio a estas mulleres e os seus fillos. Exemplos de familias que acolleron nais solteiras ou bebés expósitos subliñan a importancia das conexións sociais no ámbito rural para superar situacións de vulnerabilidade.

Por outra banda, este traballo tamén pon de manifesto o papel da relixión e da moral cristiá como elementos centrais na configuración do discurso social en torno á ilexitimidade. A Igrexa, ao tempo que estigmatizaba ás nais solteiras e ás relacións fóra do matrimonio, rexistraba e daba fe das circunstancias nas que nacían os nenos ilexítimos, converténdose nunha institución paradoxalmente represora e protectora. Este dobre papel reflíctese nas anotacións dos libros bautismais, onde se detallaban cuestións como a ilexitimidade, a categoría social ou a mobilidade das nais e dos pais.

Finalmente, as conclusións deste estudo non só afondan na realidade histórica das nais solteiras, senón que tamén serven como punto de reflexión sobre a resistencia e a capacidade de adaptación destas mulleres. A pesar das dificultades e do rexeitamento social, as nais solteiras atoparon maneiras de sobrevivir, de formar redes de apoio e, nalgúns casos, de reintegrarse socialmente mediante o matrimonio ou outros mecanismos. Esta resiliencia, documentada ao longo das páxinas deste artigo, é un testemuño da súa loita por superar o peso dunha sociedade que, en moitos casos, as condenaba á marxinalidade.

En resumo, este traballo contribúe a visibilizar unha parte esquecida da historia social galega, mostrando a importancia de estudar fenómenos aparentemente marxinalizados para comprender mellor as dinámicas sociais e culturais do pasado. Ao rescatar a historia das nais solteiras de Marei, Gomeán e Chamoso, este artigo non só enriquece o coñecemento histórico, senón que tamén serve para reflexionar sobre as condicións de xénero, desigualdade e estigmatización que, en moitos aspectos, aínda resoan na sociedade actual.

ANEXO A.1. Actas bautismais do estudo

G O M E Á N E M A R E I	• Libro nºII de Bautismos Archizesprazgo de Farnadeiros. Parroquia de Marey y Gomeán. Anos 1640-1764
	• Libro nºIII de Bautismos Archizesprazgo de Farnadeiros. Parroquia de Marey y Gomeán. Anos 1764-1827
	• Libro nºIV de Bautismos Archizesprazgo de Farnadeiros. Parroquia de Marey y Gomeán. Anos 1827-1852
	• Libro nºV de Bautismos Archizesprazgo de Farnadeiros. Parroquia de Marey y Gomeán. Anos 1852-1858
	• Libro nºVI de Bautismos Archizesprazgo de Farnadeiros. Parroquia de Marey y Gomeán. Anos 1858-1864
	• Libro nºVII de Bautismos Archizesprazgo de Farnadeiros. Parroquia de Marey y Gomeán. Anos 1864-1874
	• Libro nºVIII de Bautismos Archizesprazgo de Farnadeiros. Parroquia de Marey y Gomeán. Anos 1874-1887
	• Libro nºIX de Bautismos Archizesprazgo de Farnadeiros. Parroquia de Marey y Gomeán. Anos 1887-1896

C H A M O S O	• Libro nºI de Bautismos Archizesprazgo de Farnadeiros. Parroquia de San Andrés de Chamoso. Anos 1664-1788 • Libro nºII de Bautismos Archizesprazgo de Farnadeiros. Parroquia de San Andrés de Chamoso. Anos 1788-1807 • Libro nºI de Bautismos Archizesprazgo de Farnadeiros. Tomo 3. Parroquia de San Andrés de Chamoso. Anos 1807-1851 • Libro nºII de Bautismos Archizesprazgo de Farnadeiros. Tomo 4. Parroquia de San Andrés de Chamoso. Anos 1852-1872 • Libro nºIII. de Bautismos Archizesprazgo de Farnadeiros. Tomo 5. Parroquia de San Andrés de Chamoso. Anos 1872-1897
--	---

ANEXO A.2. Listado de casos de mulleres espontaneadas

Velaquí unha táboa que recolle a totalidade dos casos de mulleres espontaneadas atopados no período estudado (1700-1896):

Parroquia Lugar	Data bautismo	Nome do bebé	Pai do bebé	orixe do pai	Nai do bebé	Orixe da nai	Referencia literal ao acto de espontanearse
Marei	06/01/1764	María Antonia	Angel Seta (?) Yglesia (?)	-	Josepha Fernández	Chamoso	«Padre mozo soltero según espontánea judicial que a presencia de dicho cura se manifiesta por parte de Josepha»
Gomeán O Val	12/1767	Francisco	Joseph Palandeiro	Castrillón	Ysabel López	Pacio, Gomeán	«Se espontaneó ante la justicia ordinaria.»
Santo André de Chamoso	22/11/1791	María Cecilia	-	-	Mariana Fernández	Santo André de Chamoso	«La madre hizo declaración de espontánea ante la justicia de Adai»
Santo André de Chamoso Quintela	23/08/1794	Felipe Francisco	Domingo de Roque	San Miguel de Lapío	María Torrón	Santo André de Chamoso	«La madre hizo declaración de espontánea ante la justicia de Adai»
Santo André de Chamoso	7/3/1797	José Antonio	José López	San Vicente de Coeo	Antonia López	Santo André de Chamoso	«Declaración de espontánea ante D. Felipe Taboada, escribano de Adai. »
Marei	13/09/1798	María Dominga	Froylan Sánchez	Mariño	Doña Juana Pallina	Coedo	«Se espontaneó ante la justicia ordinaria.»
Gomeán	16/11/1798	Josefa María	Josef Pedrosa Condal	Mirón. San Martíño de Caraño	Francisca López	Gomeán	«Se espontaneó ante la justicia ordinaria.»

Santo André de Chamoso Quintela	5/2/1799	Josefa	Domingo Jacob	Santa María de Marei	Brígida López	San Cosme de Manán	<i>El padre «confesó libremente y sin violencia ser padre de la referida niña y que, por tal, se espontaneaba disponiendo en todo y por todo por la educación de la tal hija y responsabilidad que por su hecho debe a la tal Brígida»</i>
Santo André de Chamoso	09/04/1799	Tomás Benito	Juan López	Santo André de Chamoso	María Fernández	Santo André de Chamoso	«Declaración espontánea y confesión del padre»
Santo André de Chamoso	7/5/1799	María Josefa	Francisco Pérez	Santo Adré de Chamoso	María Fernáñez	Santo André de Chamoso	«Declaración espontánea ante la justicia del Coto de San Andrés»
Santo André de Chamoso	28/3/1800	María Manuela	Juan Fernández	Santo Adré de Chamoso	Manuela Rodríguez López	Santo André de Chamoso	«Espontánea ante D. Felipe Antonio Taboada y Ulloa, escribano de Adai, el 30/03/1800»
Santo André de Chamoso Hospital	19/9/1800	Tomás Francisco	Juan Fernández	Santo André de Chamoso	Ana López	Santo André de Chamoso	«Espontánea ante D. Felipe Antonio Taboada y Ulloa, escribano de Adai, el 30/08/1800».
Santo André de Chamoso Vilapene	28/02/1803	Domingo	-	-	Jerónima Díaz	Santo André de Chamoso	«La madre es espontánea ante la justicia de Adai, era viuda de Ángel Torrón. Padre incógnito»
Gomeán	4/3/1807	María Josefa	Antonio de Vigo	Gomeán	Andrea Rodríguez	Gomeán	«Espontaneada ante el Sr Merino de la Ciudad de Lugo, juez ordinario de Gomeán.»
Gomeán Escardel	18/10/1807	María Josefa	Juan Díaz Cabanas	Vilapene	Manuela López	Gomeán	«Espontaneada ante la justicia de Puebla de Adai»
Marei Lago	3/7/1807	María Juana	Froilán López	San Fiz de Bergazo	Josefa Vázquez	Marei	«Espontaneada ante la justicia de Puebla de Adai»
Gomeán Valverde	17/09/1808	María Josefa	Juan Díaz	Chamoso	Juana López	Gomeán	«Espontaneada ante el alcalde mayor de Lugo»
Marei	19/03/1809	Pedro Gabriel	-	-	Ana Capón	Marei	«Espontaneada ante la justicia de Puebla de San Julián»
Marei	18/11/1809	Isabel María	Josef Sánchez	Marei	Nicolasa Vázquez	Marei	«Espontaneada ante la justicia de Puebla de Adai»
Marei	16/6/1810	Manuela Juana	-	-	Josefa Rodríguez	Marei	«Espontaneada ante la justicia de Puebla de Adai»
Marei	10/7/1810	Domingo Luis	Antonio Santacruz	Marei	Antonia de la Fuente	Marei	«Espontaneada ante la justicia de Puebla de Adai»

Marei	1/10/1811	Josefa	Jacob Roldán	Marei	Benita López	Marei	«Espontaneada ante la justicia de Puebla de Adai».
Marei Barreiros	23/09/1813	José Juan	Manuel Fernández	Pousada	Agustina Díaz	Marei	«Espontaneada ante el juez constitucional de Puebla de Adai.»
Gomeán Escardeel	14/4/1814	Pedro Tomás	Josef de Cela	Gomeán	Rosa López	Gomeán	«Espontaneada ante el juez constitucional de Gomeán»
Gomeán	4/5/1814	Josef María	-	-	Dominga de Neira	Gomeán	«Espontaneada ante el juez constitucional de Argemil»
Santo André de Chamoso	10/06/1816	Ángel María	Sebastián Torrón	San Xoán do Corgo	Ángela López	Santo André de Chamoso	«Espontánea ante D. José Ramón Freire, escribano de Adai, el 30/03/1816». La madre «dio por agresor» al padre.
Gomeán	19/6/1817	José Francisco	-	-	Manuela López	Gomeán	«Espontaneada ante el alcalde mayor de Lugo»
Gomeán Valverde	17/09/1817	José Juan	Manuel de Vigo	Sanprizón	Juana López	Gomeán	«Espontaneada que hizo justicia en su domicilio»
Santo André de Chamoso Hospital	23/11/1817	Ana María Manuela	Pascual da Penela	Santo André de Chamoso	María Fernández	Santo André de Chamoso	«Espontánea ante D. José Ramón Freire el 29/05/1817. La madre «dio por agresor» al padre»
Santo André de Chamoso Vilapene	27/12/1818	Josefa Juana	Antonio do Val	Santo André de Chamoso	María Jacob	Santiago de Laxosa	Espontánea ante D. José Ramón Freire el 01/07/1818. La madre «dio por agresor» al padre.
Santo André de Chamoso Vilapene	7/12/1821	Domingo Manuel	José Torrón	Santo André de Chamoso	Francisca Castedo	Santa Catarina de Anseán	«Espontánea ante D. José Ramón Freire el 23/08/1821. La madre «dio por agresor» al padre»
Santo André de Chamoso	15/12/1823	José Juan	Pedro Quintela	Santiago de Laxosa	María Galán	Santiago de Laxosa	«Espontánea ante D. José Ramón Freire el 15/12/1823. La madre «dio por agresor» al padre»
Santo André de Chamoso	18/02/1824	José Domingo	Domingo López	Santo André de Chamoso	Ángela López	Santo André de Chamoso	«Espontánea ante D. José Ramón Freire el 22/12/1823, y ante el licenciado D. José María Cedrón y Quiroga, juez de Adai.»
Marei Barreiros	12/3/1824	Isabel	Josef do Val	Sabarei	Josefa Lombardana	Córneas	«Espontaneada ante el notario José Ramón Freire de Puebla de Adai»
Santo André de Chamoso	04/06/1824	José Juan	Pedro do Val	Santo André de Chamoso	Josefa López	Santo André de Chamoso	«Espontánea ante D. José Ramón Freire el 23/04/1824, y ante el juez.»

Santo André de Chamoso	25/12/1824	María Manuela Gregoria	José Carballo	Santo André de Chamoso	María López Riveira	Santo André de Chamoso	«Espontánea ante D. José Ramón Freire el 28/01/1825, y ante el juez.»
Gomeán Alfonxe	15/5/1827	Vicente Juan	-	-	Rosa López	Gomeán	«Espontánea ante el merino de la ciudad de Lugo»
Santo André de Chamoso	13/02/1828	Domingo José	José González	Gomeán	Josefa López	Santo André de Chamoso	«Espontánea ante D. José Freire, escribano de Adai, el 18/12/1827. El padre reconoce al niño el 28/11/1828»
Santo André de Chamoso	03/09/1833	Pedro	Jerónimo Fernández	Lugo	María López Riveira	Santo André de Chamoso	«Espontánea ante el párroco y testigos»
Santo André de Chamoso	03/09/1833	María	Jerónimo Fernández	Lugo	María López Riveira	Santo André de Chamoso	«Espontánea ante el párroco y testigos»

7. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Libros

BARRALARCAY, Ángel: *Mulleres espontaneadas. Fraxilidade humana e cópula carnal nas comarcas do Eume e Ferrol* (XVIII-XIX). Baía Edicións, A Coruña, 2023.

FRANCO RUBIO, GLORIA ÁNGELES: *Debates sobre la maternidad desde una perspectiva histórica: (siglos XVI-XX)*. Asociación Española de Investigación de Historia de las Mujeres (AEIHM). Icaria editorial, Barcelona, 2010.

OUTEIRO IGLESIAS, Mario: 19 (+1) *Escapadas polo Corgo*, Deputacion Provincial de Lugo, 2024.

SOBRADO CORREA, Hortensio: *Las tierras de Lugo en la Edad Moderna. Economía campesina, familia y herencia, 1550-1860*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 2001.

Artigos:

DUBERT, Isidro: «Église, Monarchie, mariage et control social dans la Galice rurale, XVIIIe-

XIXe siècles», en *Annales de Démographie Historique*, 2, 2009, pp. 101-121.

DUBERT, Isidro: «Ilegitimidad, matrimonio y mercados de trabajo femeninos en la Galicia interior, 1570-1899», en *Obradoiro de Historia Moderna*, 24, 2015, pp. 49-86.

GONZÁLEZ LÓPEZ, Tamara: «Infancia y padrino: legítimos, naturales y expósitos en la diócesis de Lugo en el Antiguo Régimen», en *Revista de Demografía Histórica-Journal of Iberoamerican Population Studies*, vol. 38, n.º 1, 2020, pp. 59-77.

LINDOSO TATO, Elvira y VILAR RODRÍGUEZ, Margarita: «La literatura de viajes y el transporte en Galicia desde el último tercio del siglo XVIII hasta mediados del XIX», en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, núm. 128, 2015, pp. 207-247.

MARTÍN GARCÍA, Alfredo: «Mujeres, pecado y escándalo público en el norte de Portugal a finales del Antiguo Régimen: la comarca de Vila Real», en *El Futuro del Pasado: revista electrónica de historia*, n.º 15, 2024, pp. 233-261.

- REY CASTELAO, Ofelia: «Crisis familiares y migraciones en la Galicia del siglo XVIII desde una perspectiva de género», en *Studia historica. Historia moderna*, vol. 38, n.º 2, 2016 pp. 201-236.
- RIAL GARCÍA, Serrana: «Solas y pobres: las mujeres de las ciudades de Galicia ante la marginalidad y la prostitución», en *Semata: Ciencias sociais e humanidades*, n.º 16, 2005, pp. 301-332.
- ROMERO MASIÁ, ANA: «Entre a protección e o control. As espontaneadas da Coruña e Ferrol (1750-1800)», Instituto José Cornide de Estudos Coruñenses, 2017, pp. 1-90.
- SOBRADO CORREA, Hortensio: «Desamparo y marginación infantil en Galicia en los siglos XVIII y XIX», en LOBO DE ARAÚJO, María Marta y MARTÍN GARCÍA, Alfredo(coords.), *Os Marginais (séculos XVI-XIX)*, Famalição, Edições Húmus, 2018, pp. 35-58.
- TORREMOCHA HERNÁNDEZ, Margarita: «Amancebamiento de casado: el adulterio masculino que sí se castiga en los tribunales (s. XVIII)», en *Matrimonio, estrategia y conflicto. (Siglos XVI-XIX)*, Universidad de Salamanca, 2020, pp. 143-162.

ÁNGEL IGNACIO SILVA (1749-1829). UN ESCULTOR MONFORTINO NAS TERRAS DO CORGO

Flores Vázquez, Adrián
adrianfloresvaz@hotmail.com
Graduado en Historia da Arte

RESUMO

As reformas nas igrexas de Galicia no século XVIII supuxo a mobilización de moitos artistas. Nestas páxinas prestarase atención á familia Silva, orixinaria de Santiago de Viascón, que se desprazaron hasta Monforte de Lemos no primeiro terzo do século. Pero máis concretamente farase un seguimento á figura de Ángel Ignacio Silva, a terceira xeración de mestres escultores, quen viría dende as terras do Cabe ate San Xoán do Corgo para desempeñar o seu oficio e formar unha familia nesta parroquia luguesa.

PALABRAS CLAVE

Ángel Ignacio Silva, escultor, retablo, talla, século XVIII, barroco galego

INTRODUCCIÓN

Durante o século XVIII, Galicia foi testemuña dun notable crecemento na renovación e ampliación das súas igrexas, impulsado por un fervor relixioso e a necesidade de adaptar os espazos sagrados ás demandas litúrxicas e sociais da época. Este feito dáse de maneira significativa nas parroquias da diocese de Lugo. Moitas delas, con varios séculos de antigüidade, encontrábanse ruínas e debían ser reformadas segundo as necesidades estruturais e estéticas do momento para acoller de forma adecuada unha poboación devota e proporcionar un entorno seguro e digno para o culto.

Este proceso de renovación dos templos requiriu a colaboración dun gran número de mestres artesáns. Entre eles atopábanse principalmente canteiros, pintores e escultores. Estes últimos gañarían gran importancia nesa época debido a que as paredes das igrexas estaban a ser revestidas con cal como unha medida de protección ante a peste, eliminando as decoracións pictóricas. Este feito, así como a ampliación dos ábsides das igrexas, iniciou a construción dun gran número de

retablos, completados cas imaxes dos santos e santas propios de cada unha das parroquias.

De entre eses escultores atópase unha familia orixinaria de Santiago de Viascón (Cotobade), que se dedicaron ao oficio da talla durante tres xeracións: os Silva. Da parroquia pontevedresa desprazaríanse nun primeiro momento a Monforte de Lemos, onde se establecerían, hasta que o último escultor desta liñaxe se trasladase ás terras do Corgo, onde desenvolvería gran parte da súa carreira artística¹.

ORIXE FAMILIAR. UNHA SAGA DE ESCULTORES

A familia Silva ten a súa orixe na precitada parroquia pontevedresa de Santiago de Viascón, en Cotobade. Alí, Mauro Silva –nalgúns documentos consta como Amaro Silva– contraeu matrimonio con María Magdalena García, tamén natural da mesma localidade. De entre os seus fillos destacou Juan Ignacio, nacido en torno a 1709, quen, seguindo a tradición familiar, dedicouse á arte da escultura e da arquitectura.

Mauro Silva, xunto ca súa familia, desprazouse dende Viascón ate Monforte de Lemos, asentándose na parroquia de San Pedro de Ribas Altas. Máis tarde, Juan Ignacio, estableceríase en Santa María da Régoa, pertencente á Vila de Monforte, concretamente na rúa dos Fornos. O 27 de marzo de 1742 contraeu matrimonio con María Manuela Jacinta Fernández de Castro y Guitián², filla de Juan Fernández de Castro e Josefa Núñez, unha familia de certo prestixio na vila e tamén veciños da mesma rúa.

Deste enlace entre Juan Ignacio Silva e María Manuela Fernández naceron, ate onde se puido atopar nos rexistros de bautismos das parroquias

¹FRAGUAS FRAGUAS, Antonio. "Notas de artistas en tierras lucenses". *Cuaderno de Estudios Gallegos*. 1969, Vol. 70 Nº 72-74, pp.110-125.

²Arquivo Diocesano de Lugo (ADLu). Régoa, Santa María. Matrimonios, libro II (1682-1817), f.129r

de Santa María da Régoa e San Pedro de Ribas Altas³, seis fillos: Domingo Antonio, Ángel Ignacio, María, Manuel Ramón, Francisco Tomás Xavier e Pedro. Sobresae entre os demais Ángel Ignacio, xa que desempeñou o oficio familiar da escultura, como fixera anteriormente o seu avó e o seu pai. É obrigado mencionar que a arte de traballar a madeira seguía presente nesta nova xeración dos Silva máis aló de Ángel Ignacio. Súa irmá María, contraeu matrimonio con Jerónimo Peñalba⁴, tamén escultor que estivo instruído por Juan Ignacio Silva dende 1748 ate 1753⁵.

ÁNGEL IGNACIO SILVA. DE MONFORTE AO CORGO


Ángel Ignacio Silva, fillo de Juan Ignacio Silva e María Manuela Jacinta Fernández de Castro, naceu o 26 de setembro de 1749 na parroquia de San Pedro de Ribas Altas. Foi bautizado o 2 de outubro dese mesmo ano, sendo o seu padriño Domingo López⁶.

O 1 de febreiro de 1773, aos 23 anos, contraeu matrimonio con Juana Pardo en San Cristovo de Guntín, parroquia próxima a Monforte de Lemos. Porén, o seu matrimonio non sería duradeiro e, ao quedar viúvo e sen descendencia en 1776, trasladárase ás terras do Corgo, quizás movido pola demanda de traballo nas igrexas da zona.

Casou de segundas nupcias o 3 de xuño 1778 en San Xoán do Corgo con María Díaz de Armesto, filla de Francisco Díaz de Armesto e María Antonia de Neira. Este matrimonio sería máis frutífero, pois estiveron casados ate o falecemento do escultor, e de cuxo enlace tiveron por fillos a Jacobo, Domingo, Ángel, Francisco, José, Manuel, María Josefa (Maripepa) e Juana.

Dende o seu traslado nos anos setenta do século XVIII ás terras do Corgo e o seu casamento con María Díaz, establecería a súa residencia permanente na citada parroquia de San Xoán, converténdose nun destacado mestre de escultura e pintura que se encargaría dun gran número de proxectos na zona e parroquias próximas.

En 1798 desempeñou o cargo de fabriqueiro na parroquia de San Xoán do Corgo, levando as contas da igrexa. Deste ano, anotouse unha carga no caudal da fábrica de 209 reais de vellón, aos que restados os gastos da parroquia, deron a cantidade total de 117 reais e 5 maravedís⁷. Dito importe quedaba reflectido nas contas unha vez que Silva fixo entrega en 1800⁸.



Imaxe 1: Sinatura de Ángel Ignacio Silva no libro de fábrica da parroquia de San Xoán do Corgo, ano de 1805, cando desempeñou o cargo de fabriqueiro. Fotografía do autor

A principios do século XIX, ao falecemento do seu sogro, Francisco Díaz de Armesto en decembro de 1804, púxose en dúbida a orixe fidalga de Ángel Ignacio Silva, notificándolle a súa rebaixa ao “estado llano” e, como consecuencia, a perda dos dereitos propios da nobreza, a obriga de pagar impostos e a inclusión dos seus fillos varóns nos sorteos militares. Este feito preocupou a Silva, quen puxo unha reclamación na Real Chancillería de Valladolid en abril de 1805⁹.

Para solucionar esta cuestión, o escultor outorgou un poder notarial a Francisco Gallardo Merino, procurador de número da Real Chancillería¹⁰. Do mesmo xeito, alegando carecer do tempo necesario para ocuparse persoalmente do litixio

³María Manuela Jacinta Fernández de Castro tiña propiedades en Rioseco (San Pedro de Ribas Altas), Santa María da Régoa e en Santa María de Goo (preto do mosteiro de Samos), onde tamén residiron.

⁴Os matrimonios entre familias que pertencían a un mesmo gremio, neste caso o da escultura, eran moi frecuentes no século XVIII, creando deste xeito vínculos entre escultores e privatizando en certo modo o oficio ao que se dedicaban.

⁵Arquivo Histórico Provincial de Lugo (AHLu). Protocolos. Francisco de Zúñiga. Sinatura 02926.

⁶ADLu. Ribas Altas, San Pedro. Bautismos, libro I (1664-1678), f.95v

⁷ADLu. Corgo, San Xoán. Fábrica, libro I (1679-1852), f.168r

⁸ADLu. Corgo, San Xoán. Fábrica, libro I (1679-1852), f.170v,172r

⁹AHLu. Hidalguías y datos de nobleza. Mazo 7, Número 5 (1805). *Reales prohibiciones de la sala de Hijos-dalgo de la Real Chancillería de Valladolid sobre informe del estado que pretende Don Ángel Ygnacio Silba en contradictorio juicio con los vecinos de San Juan del Corgo.*

¹⁰AHLu. Protocolos. Taboada, Bartolomé Antonio. Legajo 220, f.37-38

debido ao seu oficio de escultor, fixo un novo poder o 19 de maio de 1805, designando ao seu cuñado, Francisco Fernández, cabo de milicias do rexemento provincial de Lugo, para que o representase¹¹.

Neste preito, como se expón na documentación, algúns dos seus propios veciños poñían en dúbida a orixe fidalga da que Silva dicía gozar, tal e como o fixeran seu pai e avó antes ca el, asegurando que as exencións, prerrogativas e liberdades do estado nobre que tiña viñan dados polo seu sogro co que convivían o escultor e a súa muller. Así mesmo, non o chegaban a considerar un veciño “con voz e voto”, xa fora por falta de residencia na parroquia dada a súa labor de escultor ou por “manter a voz de veciño” na freguesía o seu defunto sogro¹².

En 1813 consta na parroquia de San Xoán do Corgo como primiciario da mesma, tomando novamente conta dos cargos e rebaixas da igrexa. Deixou desta nova xestión da fábrica a cantidade de 244 reais e 17 maravedís que sumados ao caudal que xa tiña a parroquia, ascendía a pouco máis de 640 reais.

Ángel Ignacio Silva faleceu o 8 de agosto de 1829 de enfermidade natural aos 79 anos de idade. Non fixo testamento, deixando todo o que correspondía a disposición da súa viúva, María Díaz de Armesto. Dos fillos mencionados anteriormente, Manuel e Jacobo faleceran o 14 de xaneiro e o 22 de febreiro de 1804, respectivamente; o resto estaban casados fóra da parroquia, agás José que tamén estaba casado pero na casa familiar. O escultor foi soterrado no interior da igrexa de San Xoán do Corgo, fronte ao altar colateral de Nosa Señora das Angustias –trataríase do retablo esquerdo, do lado do Evanxeo. A imaxe actual, aínda que segue a levar a mesma advocación, representa unha Virxe das Dores–.

A PEGADA ARTÍSTICA DE ÁNGEL IGNACIO SILVA

Seguir a obra de Ángel Ignacio Silva non é unha tarefa doada. A principal documentación que podería asegurar a autoría dalgunha obra

do monfortino son os libros de fábrica de cada unha das igrexas do Corgo. O problema reside en que moitas veces faise mención a un artista, neste caso un escultor, omitíndose o nome. Isto complica poder afirmar que unha peza sexa ou non del. Porén, noutros casos, si se pode atopar o seu nome a carón de “maestro de escultura”, “maestro escultor”...

Por outra banda, aínda tendo a certeza documental de saber da existencia dunha obra de Silva, en moitas ocasións –como se verá máis adiante– esas pezas desapareceron, ben polos estragos do paso do tempo, por reformas, adaptacións mal executadas ou incluso por latrocinios nas igrexas que, dende o século XX, céntranse no roubo de tallas e pinturas, ademais dos obxectos litúrxicos de prata, moi cobizados polos ladróns dende séculos atrás.



Imaxe 2: Pomba trinitaria enmarcada no nimbo con centellas. Arriba esquerda, retablo colateral de San Cristovo de Chamoso. Arriba dereita, retablo maior de San Xoán de Cela. Abaixo esquerda, retablo maior de San Pedro de Santa Comba. Abaixo dereita, retablo maior de San Bartolomeu de Chamoso

O estilo á hora de realizar algunhas pezas é certamente peculiar neste artista. En base a algúns detalles comúns nas súas obras, pódese, aínda que se omita o seu nome na

¹¹AHPLu. Protocolos. Taboada, Bartolomé Antonio. Legajo 220, f.56

¹²AHPLu. Hidalguías y datos de nobleza. Mazo 7, Número 5 (1805). *Reales provisiones de la sala de Hijos-dalgo...* f.9v-10v

documentación, determinar que foi el quen as realizou. Para analizar a súa obra é importante basearse en certas cuestións estilísticas que se ven reflexadas, tomando como exemplo, no retablo que fixo entre 1774 e 1775 na parroquia de San Pedro de Santa Comba, que linda cas terras do Corgo polas freguesías de Santiago de Laxosa e San Pedro Fiz de Paradela.


Esta obra foi realizada por Ángel Ignacio Silva en conxunto co seu pai, Juan Ignacio Silva. Por aquel entón o escultor contaría cuns 25 anos e fixo este retablo co seu proxenitor que xa tería ao redor duns 70. O traballo destas dúas xeracións mostran o carácter hereditario do oficio e dá a entender que Ángel Silva recibiu a instrución como mestre escultor de Juan Ignacio. Atendendo ao retablo maior de Santa Comba e ás obras de Silva no Corgo, destacan tres recursos estilísticos: os ornamentos, a pomba trinitaria e a aparencia e vestimenta das imaxes.

Como bo artista do XVIII, Silva empregou na súa produción elementos típicos do estilo barroco, como son as rocallas, os ornamentos vexetais e as volutas. Porén, esta decoración non pode ser a única razón para a atribución dunha obra ao escultor de Monforte, xa que eran amplamente empregados por toda Galicia, aínda que a forma de realízalos pode axudar a determinar a súa autoría. O que si é relevante é un elemento empregado polo artista para decorar o cumio dos retablos: unha pomba trinitaria enmarcada nun nimbo circular con raios ou centellas douradas. Acostumábase rematar os conxuntos con algunha representación alusiva ao trino Pai, Fillo e Espírito Santo, pero o xeito en que Silva representa a pomba vista dende abaixo e coas ás case pechadas é moi característico nel.

Por outra banda, é importante prestar atención á forma de realizar as imaxes. Todos os personaxes masculinos aos que mostra con barba, teñen unha disposición practicamente idéntica, o cal podería ser un claro indicio da súa autoría. Do mesmo xeito, representa a imaxinería peregrina das tallas de Santiago e San Roque cunha bolsa plana, tres

cunchas de vieira no sombreiro e outras dúas na capa. Este modelo repítese ao longo da produción destas imaxes¹³. Así mesmo, algúns dos santos que realizou constan dun pequeno lazo no cordón que se ata á cintura, visible en moitas das súas obras.

Das trinta e oito parroquias que conforman O Corgo, a presenza de Silva atópase, en maior ou menor medida, en sete delas¹⁴: San Bartolomeu de Chamoso, San Xoán de Cela, San Cristovo de Chamoso, San Xoán do Corgo, Santa Catarina de Anseán, Santiago de Fonteita e Santiago de Camposo. Algunhas contan con referencias explícitas ao seu traballo nos libros de fábrica, no que aparece o seu nome, a labor desempeñada e as ganancias que obtivo; noutros casos, omítense algúns destes datos, aínda que o seu facer móstrase nas obras realizadas; e incluso hai outros nos que non hai ningún tipo de información documental, polo que a súa atribución debe facerse comparando as obras con outras semellantes.



Imaxe 3: Mapa do Corgo ca división parroquial. Aparecen sinaladas as parroquias nas que se atopou a intervención de Ángel Ignacio Silva. Elaboração propia

¹³Aínda que estes elementos non son exclusivos na produción dos Silva, poden servir de guía para intentar identificar algunha obra súa, especialmente pola forma na que os executa.

¹⁴Non se desbota a posibilidade de que existan máis obras ca intervención de Ángel Ignacio Silva en proxectos escultóricos nouttras igrexas do Corgo.

CHAMOSO, San Bartolomeu

As primeiras novas que se atopan da obra escultórica de Ángel Ignacio Silva no Corgo chegan dende a parroquia de San Bartolomeu de Chamoso, igrexa suprimida que ate o século XVII foi sufragánea de San Pedro de Santa Comba e logo anexionada polo bispo Alonso López Gallo á de San Pedro de Arxemil¹⁵. En 1778 pagáronse 80 reais pola talla do “Glorioso San Bartolomé segun recibo del maestro”. Non consta que fora Silva quen realizase esta imaxe, pero atendendo a súa tipoloxía e a data na que foi feita poderíase asegurar que se trata dunha obra súa. A morfoloxía da imaxe é moi semellante á empregada para a realización do Santiago peregrino no retablo maior de San Pedro de Santa Comba. Trátase dunha talla de 70 centímetros de altura con aureola de madeira e cun dragón aos pés¹⁶.

Nese mesmo ano de 1778 fíxose un pago de 20 reais ao escultor, pero non se especifica o concepto nin o nome do destinatario¹⁷. Trataríase posiblemente dun novo pago pola citada talla, xa que os 80 reais pagados pola imaxe do patrón distan bastante do que acostumaba cobrar por eses traballos, que oscilaba entre os 100 e os 180 reais. Así mesmo, dous anos antes, en 1776 pagáranse outros 80 reais pola pintura da imaxe de San Bartolomeu (probablemente a antiga imaxe do patrón da freguesía). Porén, non se pode garantir que fose un retoque cromático de Silva, xa que as datas son incertas e non se sabe se o escultor estaba xa por aquel entón nas terras do Corgo. Aínda que en 1775 Silva finalizara o traballo no retablo de Santa Comba e, San Bartolomeu de Chamoso como a súa antiga freguesía anexa, podería ter contratado os servizos do monfortino para a pintura do santo patrón.



Imaxe 4: Retablo maior de San Bartolomeu de Chamoso (1781), antes da desaparición das tallas. Fotografía do *Inventario artístico de Lugo y su provincia*

O 23 de outubro de 1782 Ángel Silva outorgou un poder a Felipe Sánchez Baamonde e Blas Sánchez, procuradores na Real Audiencia do Reino de Galicia, para un preito cos veciños de San Bartolomeu de Chamoso¹⁸. O ano anterior encargáraselle a realización do retablo maior desta pequena igrexa que incluía tamén a feitura dunha imaxe de San Antonio. Todo o traballo estaba valorado en 380 reais de vellón que debían ser pagados unha vez finalizada a obra. Silva rematara a súa labor en marzo de 1781 e tras pedir reiteradas veces que o pago fose realizado, tivo que optar pola vía legal para cobrar os seus honorarios.

O monfortino gañou o preito contra a freguesía de Chamoso e, nese mesmo ano, Pedro Torrón, depositario da igrexa, fixo entrega ao escultor dos 380 reais endebedados por concepto do custo do retablo e da imaxe de San Antonio. Déronselle tamén outros 15 reais por cravar o retablo na capela maior.

A obra consta de dous pisos. O baixo está conformado por tres nichos separados con columnas de rocallas. Os vanos teñen arcos de medio punto e o central, que albergaba a imaxe

¹⁵GONZÁLEZ MURADO, Óscar. “Quen foron curas nestas terras? Antigos arciprestados do Corgo: Maestrescolía, Farnadeiros, Picato e Sarria”. *Corga. Revista anual do Centro de Estudos do Corgo*. 2020, Nº 7, p. 74

¹⁶VALIÑA SAMPEDRO, Elías; RIELO CARBALLO, Nicanor; SAN CRISTÓBAL SEBASTIÁN, Santos; GONZÁLEZ REBOREDO, José Manuel. *Inventario artístico de Lugo y su provincia*. Tomo II. Madrid: Ministerio de Educación y Cultura, 1975. p.264.

¹⁷ADLu. Corgo, San Xoán, Chamoso, San Bartolomeu. Fábrica, libro II (1702-1880), f.221v.

¹⁸AHPLu. Protocolos. Taboada, Felipe Antonio. Ref. 332/4, f.102.

do patrón, é de maior tamaño e lixeiramente abocinado. Nos laterais, estaban as imaxes da Virxe do Carme e o San Antonio, realizado por Silva, case idéntico ao que se atopa no retablo maior de San Pedro de Santa Comba. O piso superior, dun só nicho flanqueado por dúas columnas, tiña a antiga imaxe de San Bartolomeu. O cumio decórase ca característica pomba trinitaria –con nimbo e raios–, e marcadas volutas, a mesma ornamentación que se repite polos laterais do retablo.

Lamentablemente, ao quedar suprimida esta igrexa, deixouse de celebrar o culto nela e, co paso do tempo, os bens que había no seu interior foron espoliados. Ningunha das catro imaxes se conservan na actualidade e o retablo ten considerables danos, faltándolle as dúas columnas externas do piso inferior.

CELA, San Xoán

A participación de Ángel Ignacio Silva como artista na igrexa de San Xoán de Cella está mellor documentada no libro de fábrica. Nel hai mencións explícitas á obra realizada polo mestre de escultura monfortino que se limita, neste caso, á realización do retablo da capela maior.

Nas rebaixas do caudal da fábrica de 1778 consta o pago de 390 reais “para aiuda de pagar el retablo maior de hesta Y Glesia, los mesmos que percivio Angel de Silva, Maestro de hescultura”¹⁹, máis 16 reais para cravos. O resto do importe da obra pagouse en especie do seguinte xeito: en 1781 cobrou o escultor seis fanegas e dous ferrados de centeno cun valor de 177 reais e 10 maravedís; ao ano seguinte, o mesmo importe e, en 1783, 6 fanegas e dous ferrados de pan que importaban 252 reais e 12 maravedís²⁰. Polo tanto, toda a obra tivo un coste total de 896 reais e 32 maravedís. O traballo debía incluír, a ademais da feitura do retablo maior, a imaxe de San Roque, de un metro de altura aproximadamente.



Imaxe 5: Retablo maior de San Xoán de Cella (1778), coa imaxe de San Roque. Fotografía do Inventario artístico de Lugo y su provincia

A tipoloxía do retablo de San Xoán de Cella é similar á xa vista en San Bartolomeu de Chamoso, aínda que conta cunha maior e máis elaborada ornamentación. Nos tres nichos inferiores atópanse unha Inmaculada, o patrón San Xoán, e a talla de San Roque. Na actualidade esta última imaxe xa non se atopa no retablo, sendo substituída por unha Virxe do Carme contemporánea. O ático está ocupado por unha pequena imaxe da Virxe. Ten decoración barroca de rocallas, visible nas columnas do andar inferior e nas ornamentacións laterais do piso superior –moito máis decorado– que conta ademais coa presenza de volutas. Novamente, o retablo culmínase cunha pomba trinitaria, nimbo e longas centellas. Nos extremos do friso que separa os dous corpos do retablo, encóntranse dous pequenos querubíns, moi empregados na retablistica galega.

¹⁹ADLu. Cella, San Xoán. Fábrica, libro II (1647-1791), f.106v

²⁰ADLu. Cella, San Xoán. Fábrica, libro II (1647-1791), f.108v-112v

CORGO, San Xoán

O traballo do escultor de Monforte ten unha maior presenza na parroquial de San Xoán do Corgo, quizás por ser veciño dela, e podelo ter de man para calquera reforma na igrexa que precisase dun mestre de escultura.

A primeira obra localizada de Silva nesta freguesía é unha nova cruz procesional de madeira que substituíse á antiga por mor de estar destruída e atacada por xilófagos. A peza constaba da propia cruz, o astil e a basa. A súa feitura e policromía tivo un gasto para a igrexa de 160 reais²¹. Na mesma entrada no libro de fábrica consta que lle pagaron a maiores 20 reais por pintar e facerlle os marcos e táboas ás sacras do altar maior.



Imaxe 6: Retablo maior (1804). San Xoán do Corgo (Diocese de Lugo). Fotografía do autor

As cruces procesionais de madeira eran unhas pezas moi comúns e abundantes durante o século XVIII nas igrexas que non tiñan un caudal demasiado abundante. Pouco a pouco, fóronse substituíndo polas metálicas, xeralmente de latón, bronce ou prata nos templos máis prósperos. Lamentablemente, a obra feita por Ángel Silva para esta parroquia non chegou aos días presentes. As cruces de madeira tiñan o inconveniente de que eran máis perecedoiras, pois eran susceptibles ás humidades, incendios e aos xilófagos. Por esta razón, o número de pezas desta tipoloxía que se conservaron ate a actualidade é moi escaso²².

Cando Juan López de Vallado, Mestrescola da catedral de Lugo, fixo a visita de 1802, deixou anotado no libro de fábrica a suspensión do culto nos altares colaterais por estar indecentes, mandando que se adecuasen ás obras de mellora que se estaban a acometer na igrexa. Pola mesma razón ordenou sepultar todas as imaxes do retablo maior e os laterais, agás a do patrón San Xoán, posiblemente pola súa recente feitura. Esta obra é, con toda probabilidade, unha talla realizada por Ángel Silva. Porén, a actual imaxe de San Xoán que preside o altar maior do Corgo non é á que se menciona nesta anotación, senón unha posterior, moi semellante á que se mandou conservar na visita, e tamén realizada polo monfortino.

As reformas na igrexa parroquial de San Xoán do Corgo ás que fai mención o visitador, realizáronse en 1804. Nelas, ademais de Ángel Ignacio Silva, atópase a participación do escultor Manuel de Luaces, quen cobrou 10 reais por facer as “plantillas para la mesa del Altar Mayor”²³. Non é doado afirmar que o retablo sexa obra de Ángel Silva, xa que dista bastante do estilo que acostumaba a empregar, agás pola representación da Trindade do ático. Neste caso, mediante un relevo que representa un triángulo enmarcado nun nimbo con raios, que substitúe á súa característica pomba. Aínda que sería lóxico pensar que esta obra

²¹ADLu. Corgo, San Xoán; Bergazo, San Fiz; Chamoso, San Cristovo. Fábrica, libro I (1679-1852), f.145v-146r

²²Sobre esta cruz do Corgo e as das súas parroquias sufragáneas (San Fiz de Bergazo e San Cristovo de Chamoso) véxase FLÓRES VÁZQUEZ, Adrián. “As cruces procesionais de madeira no Corgo. Símbolo de fe e tradición”. *Mazarelos. Revista de Historia e Cultura*. 2024, Nº 14, 32-39.

²³ADLu. Corgo, San Xoán; Bergazo, San Fiz; Chamoso, San Cristovo. Fábrica, libro I (1679-1852), f.174v

non se asemelle as realizadas con anterioridade polo escultor, xa que se sitúa cronoloxicamente no cambio de século, cando se comezaba a deixar atrás os cánones barrocos e buscábanse composicións máis sinxelas e a pureza das liñas. Cabería a posibilidade de que, ademais da mesa de altar, Luaces participase dalgún xeito neste retablo –xa fora realizando a súa planta ou simplemente aconsellando ao monfortino–, razón de máis pola que esta obra non se asemelle ao resto das realizadas por Silva. A traza desta nova peza é moi similar, en estética e composición, a outros realizados por Manuel de Luaces, como os de Santiago A Nova da cidade de Lugo en 1803, ou o de Santa María Quintá de Lor en Quiroga, en 1810²⁴.

Pola súa banda, Silva interveu facendo as perchas, abrindo unha rejilla na porta da sancristía, colocando o retablo maior e facendo a tarima do altar, traballos polos que cobrou 30 reais²⁵. Na súa calidade de pintor, pagáronlle 60 reais por pintar a imaxe do patrón San Xoán Bautista²⁶. Esta talla que ocupa a parte central do retablo é, sen dúbida



Imaxe 7: Tallas de San Xoán Bautista (esquerda) e San Roque (dereita). San Xoán do Corgo (diocese de Lugo). Fotografía do autor

algunha, obra súa. Non consta nos rexistros da fábrica á realización pero, atendendo á morfoloxía da talla, pódense ver elementos característicos do escultor: por exemplo, a lazada empregada no cordel que ata a pel de camelo á cintura do santo, idéntica ás empregadas nas imaxes de Santiago Peregrino e San Roque do retablo de San Pedro de Santa Comba; así como a forma de realizar a barba, semellante en todos os santos varóns tallados por el.

Do mesmo xeito, á imaxe que na actualidade se atopa na hornacina do lateral da epístola do retablo, a de San Roque, tamén é con toda probabilidade do escultor monfortino. Novamente, atendendo á súa morfoloxía e comparándoa coas que realizou nas preditas parroquias de Santa Comba e Cela, apréciase como todas elas seguen o mesmo canon empregado por Ángel Ignacio Silva para representar aos santos peregrinos. A imaxe de San Antonio, da mesma época e tamén sen documentar, podería ser igualmente de Silva, aínda que a súa atribución é máis complicada xa que non garda tanta similitude cas outras tallas do mesmo santo realizadas polo escultor.

Nos anos seguintes de 1815 e 1817²⁷, Ángel Ignacio Silva cobrou 100 e 160 reais, respectivamente, polos conceptos do Altar Maior que ben podería tratarse da feitura da parte central do retablo, como das imaxes de San Xoán, San Roque ou San Antonio (se finalmente fora obra súa). Os dous pequenos retablos que acaban de compoñer o maior, non parecen ser da mesma época e o seu estilo non é acorde coa parte central. Atendendo aos mencionados retablos feitos por Luaces na Nova e en Quintá de Lor, estes constan dun único corpo, moi similar á parte central do de San Xoán do Corgo, polo que a teoría máis acertada é supoñer que estes dous retablos fosen un engadido á peza feita a principios de século, quizás partes do antigo retablo que ocupaba a capela maior.

²⁴ ADLu. Quinta de Lor, Santalla. Varios, Libro del Santuario de Nuestra Señora de los Remedios e Historia de la Parroquia, f. S/N.

²⁵ ADLu. Corgo, San Xoán; Bergazo, San Fiz; Chamoso, San Cristovo. Fábrica, libro I (1679-1852), f.174v

²⁶ ADLu. Corgo, San Xoán; Bergazo, San Fiz; Chamoso, San Cristovo. Fábrica, libro I (1679-1852), f.174v

²⁷ ADLu. Corgo, San Xoán; Bergazo, San Fiz; Chamoso, San Cristovo. Fábrica, libro I (1679-1852), f.185v,186v

Así mesmo, en 1818 pagouse novamente 100 reais²⁸, neste caso non consta nome algún, soamente o destinatario: o escultor. Porén, vendo a presenza que tiña Silva en toda canta obra ou traballo de escultura que precisaba a parroquia onde era veciño, é de supoñer que ese descargo fora tamén para el e, moi posiblemente, pola feitura do retablo maior, como acontecera no pago do ano anterior.



Imaxe 8: Retablo colateral dereito (1804). San Xoán do Corgo (Diocese de Lugo). Fotografía do autor

É evidente a carencia de información sobre a acometida destas obras na igrexa de San Xoán do Corgo, pois non está reflexado o descargo total da realización do novo retablo cas súas correspondentes imaxes, así como tampouco a feitura do colateral do lado da Epístola, mandado substituír polo Mestrescola en 1802 e bendicido o novo en 1813 polo bispo de Lugo, que por aquel entón era Felipe Peláez Caunedo. Esta obra é a única autógrafa de Silva atopada ate o momento. No arco superior pódese apreciar unha inscrición notablemente deteriorada que aínda permite ler o nome do escultor monfortino, así como parte do ano de realización (1804 ou 1809)²⁹.

²⁸ADLu. Corgo, San Xoán; Bergazo, San Fiz; Chamoso, San Cristovo. Fábrica, libro I (1679-1852), f.187v

²⁹Esta obra xa foi referencia por Jesús Abuín Arias. Véxase ABUÍN ARIAS, Jesús. *Iglesia de San Juan de Corgo*. Obra inédita, 2000, pp. 7, 18, 19.

CHAMOSO, San Cristovo

A pegada artística do escultor monfortino tamén está presente, aínda que en menor medida que noutras, na parroquia de San Cristovo de Chamoso, sufragánea, xunto a San Fiz de Bergazo, da igrexa de San Xoán do Corgo.

A primeira encarga de Silva rexistrada na documentación desta igrexa data de 1785. Trátase dunha imaxe do patrón, San Cristovo, realizada en abril dese mesmo ano³⁰, cun custo de 160 reais. Como é costume, non consta o nome do artífice e hai que atender á tipoloxía do santo para comprobar se efectivamente é unha nova obra do monfortino. Nesta talla vese un dos seus característicos elementos: a lazada no cordel da cintura. Trátase de un bo traballo de escultura que representa ao santo co neno Xesús aos seus ombreiros sostendo nas súas mans un globo crucífero, realizada nunha soa peza de madeira. Non parece que estivese destinada ao



Imaxe 9: Retablo maior cas imaxes atribuídas a Silva de San Cristovo (1785) e San Antonio (1790). San Cristovo de Chamoso (Diocese de Lugo). Fotografía do autor

³⁰ADLu. Corgo, San Xoán; Chamoso, San Cristovo. Fábrica, libro III (1746-1892), f.35v, 36v.

emprazamento que hoxe ocupa, pois, atopándose no nicho superior do retablo, este foi modificado, facéndolle un rebaixe para que a imaxe coubese nel. Do mesmo xeito, a base da talla sobresae do friso que separa as dúas alturas do retablo. Posiblemente, a cruz procesional estaría ao carón do altar, e o San Cristovo estivese no oco central do primeiro piso, xa que ate mediados do século XIX non se estableceu o sagrario nesta igrexa (hoxe ocupa parte do nicho central), conservándose a Sagrada Forma en San Xoán do Corgo, como igrexa principal³¹.

Por outro lado, o retablo parece estar feito en distintas fases ou empregando partes doutros. O banco e o corpo central manteñen una estética semellante, porén o ático onde se atopa o San Cristovo, non encaixa co resto da tipoloxía da obra, polo que podería tratarse dun engadido posterior, reutilizando algún retablo existente na igrexa de Chamoso ou outra próxima. O remate, cun frontón e unha cruz, non é propio dun retablo maior, senón dun colateral³². Pola súa banda o sagrario é do século XVIII, pero non pertence ao retablo orixinal, xa que naquel entón non estaba establecido na parroquia. Deste feito non consta nada nos documentos da parroquia.

En 1790 Manuel López, maiordomo da fábrica, fai entrega de 42 reais para a feitura da imaxe de San Antonio segundo recibo que amosou do escultor, do que se descoñece o nome. Porén, se o comparamos co que se atopa no lado do Evanxeo do retablo maior de San Xoán do Corgo, ten a mesma tipoloxía e forma de representación. Ambos teñen certos detalles que os asemellan aos feitos por Silva para San Bartolomeu de Chamoso e San Pedro de Santa Comba. Como diferencia entre todos eles, o desta igrexa, de 60 centímetros de altura, conta cunha nube con cabezas de anxos aos seus pés, seguramente para facer parella coa talla da Virxe do Carme, situada do lado do Evanxeo do altar maior que



Imaxe 10: Retablo colateral da Virxe do Carme (colocado en 1803). San Cristovo de Chamoso (Diocese de Lugo).
Fotografía do autor

posúe esta ornamentación. Descoñécese se esta imaxe é tamén obra de Silva. A representación de figuras femininas non está ben documentada, polo que non se pode establecer unha comparación con outras obras da súa produción.

En 1807 a fábrica de San Cristovo de Chamoso pagou 33 reais a Ángel Silva por limpar a talla do colateral da Virxe do Carme, cubrir a mesa e colocalo³³. Neste caso, cando se cita a talla do colateral non se trata da imaxe da Virxe, senón da propia estrutura do retablo, emprazado na actualidade na parede do lado da Epístola.

É unha peza curiosa pola enigmática historia que a rodea. A intervención de Silva nel é clara en base á presenza da pomba trinitaria. Porén, no libro de fábrica non consta a súa realización. Isto podería deberse a que esta obra non estivese destinada á igrexa de San Cristovo. O retablo colateral é máis grande que o maior e o espazo que ocupa non é acorde co resto do templo, de feito ten unha modificación na voluta esquerda para adaptarse ao oco no que está colocado.

³¹Archivo Histórico Diocesano de Lugo (AHDLu). Documentación sin clasificar, Siglo XIX. Ref.: XIX-12-48

³²Véxase de exemplo o retablo colateral do lado do Evanxeo da igrexa parroquial de Santa María de Bóveda, o que garda un gran parecido estrutural e estético co de San Cristovo de Chamoso. Ambos retablos son coetáneos, ca maior diferenza de que o sagrario do de Bóveda está integrado no banco.

³³ADLu. Corgo, San Xoán; Chamoso, San Cristovo. Fábrica, libro III (1746-1892), f.72r

A opción máis lóxica neste caso é pensar que o retablo fora adquirido a outra igrexa que o vendese para poder realizar certas reformas no altar maior. Pódese atopar un caso similar nas terras do Corgo. Nos anos setenta do século XVIII a igrexa de San Fiz de Paradela mandou facer un novo retablo para a capela maior, mentres que o vello, que debía atoparse aínda en boas condicións, foi adquirido pola freguesía de Santa Mariña de Cabreiros, anexa de Paradela. A venta foi feita en 1776 cun custo de 430 reais e 22 maravedís³⁴. Se o retablo colateral de Chamoso fose unha adquisición a outra igrexa, é evidente que Silva tivese que adecuar esa obra, limpándoa, facéndolle arranxos como o engadido do nimbo que parece non encaixar de todo no retablo, e colocándoo na súa nova localización. Hoxe en día, a peza consérvase sen a mesa e a imaxe da Virxe do Carme foi substituída por unha contemporánea de escaiola.

ANSEÁN, Santa Catarina

A finais do século XVIII o altar da igrexa parroquial de Santa Catarina de Anseán atopábase, segundo consta nos rexistros parroquiais, “derrotado y bastante destruído”. É de supoñer que fora feito canda o retablo, encargado en 1737 cun custo de 1.050 reais³⁵, e repintado en 1760, costando esta nova policromía outros 1.000³⁶. Baixo o sagrario léese a inscrición “ESTE RETABLO SE HIZO Y PINTO SIENDO CURAD. MARCOS BARRERA”³⁷. Dada esta situación, decidiuse encargar a Ángel Ignacio Silva a realización dunha nova mesa de altar para a igrexa.

En 1789, Silva recibiu o traballo de realizar esta obra “a la Romana”, e tiña que darlle xuntamente a pintura. Ente a talla e a aplicación da policromía, o escultor recibiu un total de 300 reais, segundo o recibo que foi exhibido ca firma do monfortino³⁸.

Aínda que é habitual atopar referencias aos retablos baixo o nome xenérico de altar, neste caso, a labor de Silva refírese á creación dunha mesa que completase o retablo preexistente na parroquia de Anseán. Lamentablemente, como sucede noutros casos, esta labor de Silva non chegou á actualidade. Posiblemente, cando as mesas dos altares deixaron de estar pegadas aos retablos e comezouse a oficiar o culto de cara aos fregueses, esta mesa foi substituída por outra exenta.



Imaxe 11: Retablo maior (1737). Santa Catarina de Anseán (Diocese de Lugo). Fotografía do autor

En canto as imaxes que compoñen o retablo, Elías Valiña sitúa cronoloxicamente as tallas na época do retablo³⁹. Todas elas son do século XVIII, agás a pequena imaxe da virxe que preside o ático. A tipoloxía entre elas difire notablemente, o San Cristovo parece anterior as tallas da patroa, Santa Catarina, e o San Antonio. No libro de fábrica, non consta a feitura de ningunha delas e, aínda que poderían ter sido feitas canda o retablo, a talla de San Antonio garda un gran parecido cas outras realizadas por Silva nas parroquias próximas, ca significativa diferenza de que o neno Xesús aparece vestido.

³⁴ADLu. Paradela, San Pedro Fiz. Fábrica, libro I (1730-1893), f.68r

³⁵ADLu. Anseán, Santa Catarina; Manán de Abaixo, San Cosme. Fábrica, libro I (1691-1792), f.160v

³⁶ADLu. Anseán, Santa Catarina; Manán de Abaixo, San Cosme. Fábrica, libro I (1691-1792), f.164v

³⁷Marcos Barrera Sotomayor foi cura de Santa Catarina de Anseán entre 1748 e 1769, hasta que pasou ao beneficio de San Salvador de Santiso, na diocese de Oviedo. Véxase GONZÁLEZ MURADO, Óscar. “Quen foron curas nestas terras? Antigos arciprestados do Corgo: Maestrescolía, Farnadeiros, Picato e Sarria”. *Corga. Revista anual do Centro de Estudos do Corgo*. 2020, Nº 7, p. 66.

³⁸ADLu. Anseán, Santa Catarina; Manán de Abaixo, San Cosme. Fábrica, libro I (1691-1792), f.205v-206r

³⁹VALIÑA SAMPEDRO, Elías; RIELO CARBALLO, Nicanor; SAN CRISTÓBAL SEBASTIÁN, Santos; GONZÁLEZ REBOREDO, José Manuel. *Inventario artístico de Lugo y su provincia*. Tomo I. Madrid: Ministerio de Educación y Cultura, 1975. p.83.

FORTEITA, Santiago

A información que se pode recadar da igrexa parroquial de Santiago de Fonteita a través das fontes documentais é moi pouco precisa. A igrexa carece de retablo, aínda así, encóntranse no seu libro de fábrica varios encargos de tallas para o templo. Porén, a escaseza de datos aportados á hora de asentar os gastos dificulta en gran medida saber de que obras se está a falar e quen foi o seu artífice.



Imaxe 12: Talla de Santiago peregrino (1792). Santiago de Fonteita (Diocese de Lugo). Fotografía do autor

En 1790 consta o pagamento de 300 reais pola realización de dúas imaxes para a igrexa⁴⁰. Desta información do libro de fábrica non se pode sacar ningunha conclusión xa que non se especifica que imaxes foron as encargadas. Pola data da súa feitura podería tratarse dunha obra de Silva, pero, sen dispoñer de máis datos, é unha cuestión imposible de abordar.

Dous anos máis tarde, en 1792, a igrexa pagou 180 reais por facer e pintar unha imaxe do seu patrón, Santiago, duns 90 centímetros de altura⁴¹.

Novamente, a cantidade de datos aportados é insuficiente e non indica o nome do escultor que realizou esta encarga, pero sabendo de que santo se trata, é máis doado intentar clasificalo. Podería tratarse, de novo, dunha obra de Silva. Comparando a talla da igrexa de Fonteita con outras similares (as de San Roque e Santiago no retablo de Santa Comba ou os San Roque do Corgo e de Cela), vese como a iconografía e o modo de representar esta imaxe é exacto en todos os casos estudados anteriormente.

A imaxinería peregrina é sempre representada do mesmo xeito por Ángel Ignacio Silva. Os santos aparecen co bordón ou bastón, unha escarcela cruzada e practicamente plana, un sombreiro con tres cunchas de vieira e outras dúas na parte frontal da capa. No caso de Santiago, preséntase cun libro sostido de forma horizontal. Aínda que esta iconografía é das máis espalladas pola xeografía galega, a gubia de Silva é inconfundible nestas imaxes, podendo identificar cales son obras súas.

Atendendo a que esta talla do patrón axústase ás normas de representación do peregrino executadas por Silva e cumpre con outros requisitos estéticos empregados polo escultor, como o caso da barba, trataríase, seguramente, dunha obra do monfortino. A maior diferenza entre esta imaxe de Santiago e as que se atopan noutras igrexas é que a de Fonteita ten unha menor cantidade de detalles, mentres que a da igrexa de Santa Comba, por exemplo, ten un realismo moito maior, quizás como un intento de manter a estética románica do templo.

CAMPOSO, Santiago

A igrexa de Santiago de Camposo podería albergar outra obra feita por Ángel Ignacio Silva. Neste caso a información desta parroquia é inexistente dado a falta dos libros de fábrica. En 1755 era cabeceira do curato xunto con San Xoán de Cela e San Pedro de Maceda, sendo suprimida en 1890 e pasando a ser unha parroquia sufragánea de San Miguel de Lapio⁴².

⁴⁰ADLu. Fonteita, Santiago. Fábrica, libro I (1721-1808), f.110v

⁴¹ADLu. Fonteita, Santiago. Fábrica, libro I (1721-1808), f.115r

⁴²LÓPEZ VALCÁRCCEL, Amador. *Guía de la Diócesis de Lugo*. Lugo: La Voz de la Verdad, 2002. p.88.

O retablo que se atopa na cabeceira da igrexa pódese datar do último cuarto do século XVIII, dada a súa tipoloxía e ornamentación. A falta de datos da parroquia impide aportar unha data exacta, así como tamén a autoría desta obra. Atendendo á estética propia de Silva, este retablo conta con varias das súas características principais. Está composto por dous niveis: o inferior, de tres nichos, cas imaxes da Virxe do Carme, Santiago (patrón da igrexa) e San Antonio, separados por columnas panzudas con rocallas –xa vistas en outras obras do monfortino–.

O ático conta cun único oco ca imaxe dunha Virxe, decorado a ambos lados con volutas. A principal pista para unha posible atribución a Ángel Ignacio Silva é a ornamentación do cumio do retablo. Dúas grandes volutas sustentan o nimbo cos raios que enmarcan a pomba trinitaria, ca usual representación do escultor. Elías Valiña referencia a presenza de dous pequenos anxos nesta parte alta do retablo,⁴³ que na actualidade atópanse localizados a ambos lados do banco.



Imaxe 13: Retablo maior (último cuarto do século XVIII). Santiago de Camposo. Fotografía do Concello do Corgo

⁴³VALIÑA SAMPEDRO, Elías; RIELO CARBALLO, Nicanor; SAN CRISTÓBAL SEBASTIÁN, Santos; GONZÁLEZ REBOREDO, José Manuel. *Inventario artístico de Lugo y su provincia*. Tomo II. Madrid: Ministerio de Educación y Cultura, 1975. p.19.

Porén, non parece que as tallas que completan o conxunto sexan obra de Silva.

Centrando a atención no patrón da igrexa, Santiago, e o San Antonio do lado da Epístola, non teñen similitude algunha cas outras representacións que o artista fixo destes santos. No caso da talla da Virxe do Carme, sucede o mesmo que en San Cristovo de Chamoso, non hai obras recoñecidas femininas de Silva que permitan establecer unha comparación estilística. Porén tanto esta imaxe como a de Chamoso gardan moita similitude, incluída a base de nubes con cabezas de querubíns.

Este peculiar caso de Santiago de Camposo serve de mostra para darse conta de que podería haber moitas máis obras que foran de Silva e cuxa atribución sexa moi complicada debido á falta de documentos que o corroboren.

CONCLUSIÓN

Co estudo dos traballos levados a cabo por Ángel Ignacio Silva, queda patente a necesidade de renovación que tiveron as igrexas galegas no século XVIII, que tivo especial relevancia na diocese de Lugo e, neste caso, nas freguesías do Corgo. A presenza de escultores, como o que protagoniza estas páxinas, era una condición fundamental para a adaptación das igrexas aos novos tempos e ás tendencias artísticas vixentes.

A figura de Ángel Silva demostra o carácter itinerante dos artistas deste século, trasladándose pola súa conta ou en compañía do seu pai por distintas entidades de poboación para realizar a súa labor e, finalmente, establecéndose no Corgo. Aínda así, como consta no preito en relación á súa fidalguía, asegurábase que pasaba moito tempo fóra da casa familiar realizando traballos en diversas igrexas. Acaso máis aló do Corgo?

A familia Silva é unha saga de escultores que merece ser tida en conta pola gran cantidade de obras que realizaron na diocese lucense, das que moitas aínda se conservan a día de hoxe. Tanto Ángel Ignacio coma o seu pai, son artistas que quedaron esquecidos co paso do tempo, sendo escasamente mencionados nas recentes

publicacións. No caso de Juan Ignacio, pódese atopar algunha referencia ao seu oficio da man de Couselo Bouzas⁴⁴, García Campello⁴⁵, Vázquez Santos⁴⁶ ou Diéguez Rodríguez⁴⁷, sen afondar na súa produción artística. Porén, de Ángel Silva, non se atopou nova algunha agás as liñas que lle dedicaron Antonio Fraguas⁴⁸ ou Jesús Abuín Arias⁴⁹.

Por esta razón, os datos aportados nesta investigación sobre a terceira xeración da familia Silva, afincada nas terras do Corgo, son tan só o principio do “redescubrimiento” destes artistas que encheron co seu bo facer as igrexas da diocese de Lugo con obras de arte que aínda hoxe adornan os seus interiores e causan a devoción dos fregueses.

BIBLIOGRAFÍA

ABUÍN ARIAS, Jesús. *Iglesia de San Juan de Corgo*. Obra inédita, 2000.

COUSELO BOUZAS, José. *Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas – Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, 2004.

DIÉGUEZ RODRÍGUEZ, Ana. *El retablo durante los siglos XVII y XVIII en el Arciprestazgo de Monforte de Lemos (Lugo)*. Lugo: Diputación Provincial de Lugo, 2003.

FLORES VÁZQUEZ, Adrián. “As cruces procesionais de madeira no Corgo. Símbolo de fe e tradición”. *Mazarelos. Revista de Historia e Cultura*. 2024, Nº 14, 32-39.

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio. “Notas de artistas en tierras lucenses”. *Cuaderno de Estudios Gallegos*. 1969, Tomo 24, Nº 72-74, 110-125.

GARCÍA CAMPELLO, María Teresa. “Lugo y su entorno. Los artistas del siglo XVIII a través de los protocolos notariales”. *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. 2005, Nº12 Tomo 2, 9-86.

GONZÁLEZ MURADO, Óscar. “Quen foron curas nestas terras? Antigos arciprestados do Corgo: Maestrescolía, Farnadeiros, Picato e Sarria”. *Corga. Revista anual do Centro de Estudos do Corgo*. 2020, Nº 7, 58-81.

LÓPEZ VALCÁRCEL, Amador. *Guía de la Diócesis de Lugo*. Lugo: La Voz de la Verdad, 2002.

VALIÑA SAMPEDRO, Elías; RIELO CARBALLO, Nicanor; SAN CRISTÓBAL SEBASTIÁN, Santos; GONZÁLEZ REBOREDO, José Manuel. *Inventario artístico de Lugo y su provincia*. Tomo I. Madrid: Ministerio de Educación y Cultura, 1975.

VALIÑA SAMPEDRO, Elías; RIELO CARBALLO, Nicanor; SAN CRISTÓBAL SEBASTIÁN, Santos; GONZÁLEZ REBOREDO, José Manuel. *Inventario artístico de Lugo y su provincia*. Tomo II. Madrid: Ministerio de Educación y Cultura, 1975.

VÁZQUEZ SANTOS, ROSA. *Arte, culto e iconografía del Camino Francés en la provincia de Lugo (1500-1800)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2003.

XIZ, Xulio. *O Corgo. Amplo horizonte*. Lugo: Concello do Corgo, 2007.

⁴⁴CONSUELO BOUZAS, José. *Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas -Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, 2004, pp.621-622

⁴⁵GARCÍA CAMPELLO, María Teresa. “Lugo y su entorno. Los artistas del siglo XVIII a través de los protocolos notariales”. *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. 2005, Nº12 Tomo 2, p.67.

⁴⁶VÁZQUEZ SANTOS, ROSA. *Arte, culto e iconografía del Camino Francés en la provincia de Lugo (1500-1800)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2003, pp.169, 193.

⁴⁷DIÉGUEZ RODRÍGUEZ, Ana. *El retablo durante los siglos XVII y XVIII en el Arciprestazgo de Monforte de Lemos (Lugo)*. Lugo: Diputación Provincial de Lugo, 2003, pp.99-100

⁴⁸FRAGUAS FRAGUAS, Antonio. “Notas de artistas en tierras lucenses”. *Cuaderno de Estudios Gallegos*. 1969, Vol. 70 Nº 72-74, pp.110-125.

⁴⁹ABUÍN ARIAS, Jesús. *Iglesia de San Juan de Corgo*. Obra inédita, 2000, p. 19.

Outeiro Iglesias, Mario

mario.outeiro@usc.gal

Enxeñeiro Técnico Industrial (esp. en Química Industrial) e Enxeñeiro Químico.

Profesor de Ensino Secundario (esp. de Física e Química e Tecnoloxía) no IES Pedregal de Irimia (Meira), onde é director.

Profesor Asociado do Departamento de Didácticas Aplicadas da USC.

*No niño novo do vento
hai unha pomba dourada;
quen puidera namorala,
quen puidera namorala,
meu amigo.*

Álvaro Cunqueiro (fragmento de “Quen puidera namorala”, en “Cantiga nova que se chama riveira”)

RESUMO

Neste artigo centrarémonos nun dos elementos da arquitectura popular galega asociado á cría de pombas, xeralmente en casas cunha certa relevancia económica e social. Comezaremos realizando un breve repaso histórico para ver as orixes destas construcións e continuaremos facendo unha clasificación tipolóxica dos mesmos para posteriormente realizar unha descrición pormenorizada das distintas partes e elementos dos pombais.

Será despois cando nos centremos nos pombais do Corgo. Situarémolos e describirémolos seguindo as tipoloxías e as distintas partes, antes comentadas. Pecharemos o artigo cunhas conclusións, as referencias bibliográficas empregadas e un par de anexos para coñecer o pombal grande da Casa Grande de Quintela a partir dunha das plumas lucenses máis delicadas e rigorosas (Isaac Rielo Carballo) e a gastronomía asociada aos pombiños.

PALABRAS CLAVE


Pombal, pombeiro, pomba, O Corgo, Lois Ladra.

1 LIMIAR

A orixe da realización deste artigo está nas múltiples saídas de campo que realizamos durante anos Manuel Fernández López (Lolo de Anseán)

e eu para inventariar o patrimonio corgués que aparece publicado no libro “19 (+1) Escapadas polo Corgo. Guía visual do concello” (2024). Nas distintas viaxes realizadas polas parroquias do concello fomos aumentando a listaxe de pombais independentes (sen estar asociados a outras construcións) que tiñamos catalogados previamente no concello ata chegar aos vinte e dous que incorporamos a este traballo, sendo conscientes de que algún se nos puido escapar.

A beleza destas mostras da arquitectura popular fainos merecentes dun estudo e posta en valor no concello do Corgo, porque todo o que non se coñece, ignórase e non se conserva.



Imaxe 1.1. Alzado do pombal da Casa da Torre de Arriba (Anseán). Debuxo do autor

Os pombais (como construcións anexas independentes) son edificacións que, asociadas normalmente ás casas grandes e pazos (como os hórreos, as capelas...), teñen unha función ornamental, a maiores da de criar pombas, xa que o número de aves simbolizaba a importancia da casa. Os pombiños, daquela, eran moi valorados a nivel gastronómico (e o esterco delas moi apreciado como fertilizante).

Xeralmente atópanse en terreos secos e lugares altos, pero abrigados dos ventos dominantes, orientados cara ao nacente ou ao mediodía, e sen árbores na contorna para evitar a presenza de aves de rapina. Por desgraza, moitos dos pombais atópanse nun estado deficiente de conservación ou foron tendo novos usos, máis acaídos aos tempos (galiñeiros, almacéns...).

2 BREVES ANOTACIÓNS HISTÓRICAS

Aínda que é probábel a existencia de pombais nas culturas antigas (Exipto ou Grecia) as orixes dos nosos pombais están incardinadas no imperio romano, no que existen numerosas referencias á cría de pombiños para o seu consumo, na mensaxería e para o seu uso en cerimonias litúrxicas e rituais, e onde distintos tratadistas (Varrón, Plinio ou Columela) describen aspectos da construción dos pombais (Ladra, 2002). A primeira referencia a estas construcións no Noroeste peninsular témolase no Bierzo no século X (Alonso Ponga, 1993) e temos que agardar a novembro de 1233 para atopala en Galiza, no que unha venda emprega un pombal como referencia para emprazar unha leira (González Pérez, 1982).

Nestas mesmas datas (mediados do século XIII) temos tamén a primeira das representacións gráficas dun pombal. Trátase dunha construción urbana que aparece acompañando á cantiga CLVIII de Afonso X, o Sabio, no códice rico das Cantigas de Santa María que se garda na biblioteca do mosteiro de El Escorial. O pombal, tipicamente árabe, está situado nunha das entradas da poboación e aínda que a relación estética da imaxe con Galiza poida ser cuestionada, o propio idioma do texto (galego)

e a posibilidade de que os ilustradores fosen de orixe galego, é suficiente para incluír este aspecto nesta breve contextualización histórica (González Pérez, 1982).

Na Idade Media prolifera a construción de pombais asociados a señores feudais, clérigos ou segres, sendo un signo de poder e prestixio social, ademais do uso, fundamentalmente culinario, que puideran ter. A súa construción aparecerá asociada a pazos e mosteiros, como indica o dito castelán “capela, pombal e ciprés, pazo é”. De feito na Revolución Francesa, este tipo de construcións foron o foco da ira dos sublevados de igual xeito que foron as fortalezas na Revolución Irmandiña galega (Blanco Rodríguez, 2023).

A partir da desamortización comeza o seu período de decadencia que se acelera na segunda metade do século XX co paulatino abandono do rural e o éxodo cara as cidades. Nos últimos anos, outros motivos como que manchan moito preto das casas ou depositan os seus excrementos enriba da herba que se emprega para dar de comer ao gando vacún (moitas pombas mudaron de casa trala construción dalgunha corte preto do pombal). A iso tamén hai que sumar a presenza, cada vez maior, de aves de rapina que acaban coas pombas.

3 TIPOLOXÍA

A tipoloxía máis habitual nos pombais do Corgo é un edificio de planta cilíndrica con paramento de cachotaría de granito, xeralmente revocado cun lucido branco, mestura de barro e cal, cunha pequena porta de acceso (habitualmente elevada) e unha cuberta cónica feita en lousa. Na parte superior dos muros atópase a repisa, feita con chanto que sobresaí entre 15 e 20 cm do muro e circunscribindo o edificio para facilitar o voo das pombas e evitar que entren os ratos. Entre a soleira e o beirado (ou cornixa) queda un pequeno espazo para albergar as entradas das pombas (pequenos buratos xeralmente cadrados).

Na parte interior dos muros perimetrais atópanse os niños das pombas que son ocos con forma


cúbica (feitos con lousa e pedras), e nalgunha ocasión tornáronse e unha mesa ou pía onde se deposita o gran para que coman as pombas (ver seguinte apartado). Os escasos elementos decorativos concéntranse nos remates da cuberta.

A primeira clasificación dos pombais poderíamola facer atendendo a se o pombal é independente ou integrado nalgunha edificación. Deste xeito teríamos:

- **Pombais independentes** (ímonos centrar neles neste artigo).
- **Pombais integrados nas vivendas** (xeralmente nos faiados).
- **Pombais integrados en anexos** (palleiras, muíños...).

Dentro dos pombais independentes poderíamos seguir clasificando atendendo á planta:

- **Circular.** É a tipoloxía máis habitual, establecendo un corpo cilíndrico dunha altura lixeiramente superior ao seu diámetro, con lousado habitualmente cónico.
- **Cadrada.** Formaría un corpo prismático con lousado a catro augas.



Imaxe 3.1. Pombal de planta cadrada (Casa da Torre de Arriba en Anseán). Debuxo do autor

- **De ferradura.** Trataríase dun círculo incompleto.
- **Poligonal.** Formando un corpo prismático con lousado adaptado ao número de lados.
- **Mixta.** Na que se mesturan varias xeometrías debido a existencia de distintos usos no edificio.



Imaxe 3.2. Planta mixta no pombal da Casa de Cela en Cabreiros (corpo inferior cadrado: galiñeiro; corpo superior circular: pombal)

4 PARTES DUN POMBAL

A continuación iremos sinalando as partes máis importantes dos pombais, aínda que non todos eles dispoñen dos elementos sinalados a continuación. Comezaremos por aquelas partes que se observan dende o exterior para describir posteriormente o interior das construcións.

- **Teito:** dependendo da comarca galega onde fiquen emprazados os pombais estarán cubertos de tella ou lousa (no Corgo absolutamente todos empregan lousa). Nos pombais de base circular é normal que o teito sexa cónico cun adorno no **cumio** (pináculo, cruz, cataventos...) ou cun simple coio, asentado nunha **rodela**. Neste tipo de planta tamén se poden ver teitos a unha soa

auga. Dentro dos cadrados o normal é atopar teitos a catro augas mentres que nos poligonais haberá tantas augas como lados (co antedito remate no cumio). Nos pombais de planta de ferradura o lousado adoita resolverse a unha auga mais no Corgo atopamos tamén unha cuberta pseudocónica. Nalgúns teitos pódense atopar pedras co fin de evitar que os refachos fortes de vento levantasen a cuberta.

- **Parede:** o paramento dos pombais adoita ser de cachotaría de granito ou da pedra habitual da zona, xeralmente revocado cun lucido branco, mestura de barro e cal (para manter a frescura no verán e evitar que os depredadores agatuñaran polo muro). Na parede está incrustada a repisa e atópanse os ocos para acceder as pombas (piqueiras) e as persoas (porta). Algúns pombais contan con algunha xanela pequena para fomentar a ventilación.
- **Piqueiras:** son as entradas que empregan as pombas para acceder ao pombal. Estas atópanse na parte superior, protexidas polo **beirado** do teito e por enriba dunha repisa. Atópanse distribuídas por todo o perímetro pero con maior abundancia cara ao nacente-sur e tratando de evitar os ventos predominantes na zona. A forma das piqueiras adoita ser cadrada (a veces coa parte superior redondeada) ou rectangular, habendo casos en Galiza de formas circulares ou triangulares.
- **Repisa:** é o lugar onde se pousan as pombas cando inician ou rematan o voo. A repisa adoita a ser de pedra ou laxes e rodea parcial, ou totalmente, o pombal. A repisa fai as funcións de tornarratos, evitando que os roedores e outros inimigos terrestres (donicelas...) accedan ao pombal polas piqueiras.
- **Porta:** o lugar polo que as persoas acceden ao pombal pode ser de distintas dimensións e circunstancias. Xeralmente son de tamaño pequeno (polas que entra unha soa persoa agachada) e aínda que moitas delas teñen o limiar ou soarego ao nivel do solo exterior,

outras téñeno elevado, a modo de xanela de acceso (algúns con necesidade incluso dunha escada para poder acceder). Aínda que a feitura das portas é sinxela pode ser un espazo para que o canteiro se recree co fin de manifestar, xunto coas dimensións do pombal e o remate do cume, a importancia da casa. Dende deixar as canterías perimetrais á vista (en contraste co albo da parede), a algunha inscrición no lintel (data de construción, “Ave María”, cruz...) ou rematadas cun arco de medio punto. A carpintaría adoita ser de madeira, podendo dispor de buratos para fomentar a ventilación do pombal.

- **Niños:** é o lugar onde poñen as pombas. Son nichos feitos no interior da parede empregando laxes e cachotes que adoitan ter unhas dimensións de algo máis de 20x20x20 cm. Os niños comezan a unha certa distancia do chan, chegando, xeralmente, ata a parte superior da parede. É preciso o uso dunha escada para acceder aos niños superiores.



Imaxe 4.1. Niños do pombal da Casa de Carrizo en Segovia

- **Mesa ou pía:** é un elemento que non é moi común nos pombais galegos (algo máis nas zonas frías de Galiza). Está situado no centro do pombal e ten a función de poñerlles a comida ás pombas no longo inverno, cando estas non poden saír por longas nevaradas. Moitas veces reutilízase unha moa ou capa de muíño fendida ou desgastada. En ocasións, cando o pombal é pequeno, a mesa pódese construír fóra, nas inmediacións deste.





Imaxe 4.2. Mesa do pombal do Muíño de Chousa en Cela

- **Tornarratos:** é unha pedra incrustada na parede e que sobresaí xusto antes de comezar a primeira rea de niños (a modo de banco perimetral) que ten dúas funcións: a primeira é a de impedir que os roedores accedan polo interior do pombal aos niños das pombas e a segunda facer as funcións da mesa nos fríos e longos invernos. Adoita estar situada a unha distancia superior aos 50 cm do chan. É un elemento que non é moi habitual nos pombais.



Imaxe 4.3. Tornarratos e mesa do pombal da Casa de López

- **Pía-bañeira:** son pedras cun burato en forma de cunca, non moi fonda, coa finalidade de albergar auga para que as pombas beban e se bañen no verán. Tenden a estar nas proximidades do pombal e moitas veces están escavadas nunha pena próxima (moitos pombais están construídos xa enriba dun penedo). Como as mesas e os tornarratos estes elementos tampouco son habituais nos pombais.



Imaxe 4.4. Seccións vertical e horizontal do pombal da Casa da Torre de Arriba en Anseán na que se poden apreciar parte dos elementos descritos. Debuxo do autor

5 OS POMBAIS DO CORGO

O concello do Corgo posúe un total de vinte e dous pombais independentes e un número indeterminado, e moito maior, de pombais integrados noutras edificacións. Comezando por estes últimos imos citar algúns deles para exemplificar ou, simplemente por ser construcións senlleiras.



Imaxe 5.1. Entrada do pombal do Pazo do Corgo (ampliación dunha foto cedida por Jesús Abuín Arias)

- **Pombais integrados nas vivendas.** Un caso relevante sería o pombal do Pazo do Corgo, situado entre a grandiosa bóveda da lareira e a ornamentada cheminea.
- **Pombais integrados en paleiras.** Desta tipoloxía hai moitísimos exemplos. Citaremos pola fermosura da paleira o da Casa de Antón en Santa María de Manán e como curiosidade arquitectónica o pequeno pombal construído sobre unha esquina da paleira da casa de Aldegunde en Chamoso (S. Cristovo), a modo de torre.



Imaxe 5.2. Pombais da Casa de Antón en Santa María de Manán (esquerda) e da Casa de Aldegunde en Chamoso (dereita)

- **Pombais integrados noutras edificacións.** Poñemos como exemplo o existente no faiado do Muíño de Andrés en Queizán.



Imaxe 5.3. Pombal do Muíño de Andrés en Queizán

Centrándonos nos **pombais independentes** (obxecto de estudo deste artigo) temos:

- **Circular.** Como dixemos antes é a máis habitual, establecendo un corpo cilíndrico dunha altura lixeiramente superior ao seu diámetro, con lousado habitualmente cónico. Como son os máis habituais citaremos algún exemplar peculiar dentro desta tipoloxía: pombais da Casa de Vila de Donalbán (Laxosa) e do Pazo de Andrade en Santa Mariña (Cabreiros), con cuberta a unha auga, pombal da Casa de Díaz de Serín (Bergazo), situado enriba da esquina do muro, pombal da Casa grande de Camposo, con dúas repisas ou pombal da Casa de Ron de Laxes (Camposo), o de maiores dimensións do concello.
- **Cadrada.** Formaría un corpo prismático con lousado a catro augas. Como exemplos deste tipo de pombais temos o das casas da Torre de Abaixo e Castedo (Anseán), o da Casa grande de Pousada (Paradela) e o da Casa de David de Quetesende (Piñeiro).
- **De ferradura.** Trataríase dun círculo incompleto. No concello contamos con dous exemplares: na Casa de Arias de San Cristovo (Chamoso), con

cuberta “pseudocónica” adaptada e na Casa de Carrizo de Vilaceleiro (Segovia) con cuberta a unha auga.


- Poligonal.** Formando un corpo prismático con lousado adaptado ao número de lados. No concello contamos con dous exemplares: o da Casa grande de Seoane (Folgosa, San Martiño) con planta octogonal e o da Casa de Soto (Sabarei) con planta hexagonal.
- Mixta.** Teríamos un caso no concello, situado na parroquia de Cabreiros (casa de Cela), con dúas alturas, a primeira de base cadrada (empregada como galiñeiro) e a segunda de base circular (que sería propiamente o pombal) con entrada interior e unha porta elevada exterior. Ten cuberta cónica e a peculiaridade de ter un comedeiro de pombas fóra do pombal a 30 m.

Facendo unha recapitulación e incluíndo os pombais de planta de ferradura e mixta no saco común de “outras”, podemos advertir que os pombais do Corgo seguen unha distribución tipolóxica semellante a do resto de Galiza (ver seguinte táboa).

	O Corgo		Galiza (González Pérez, 1982)	
	nº	%	nº	%
Circular	13	59,1	217	72,6
Cadrada	4	18,2	42	14,0
Poligonal	2	9,1	12	4,0
Otras	3	13,6	29	9,4

Táboa 5.1. Número e porcentaxe das distintas tipoloxías de pombais independentes no concello do Corgo e nos inventariados no libro de Clodio González (González Pérez, 1982)

Os vinte e dous pombais independentes están distribuídos por todo o concello segundo se amosa na seguinte imaxe (a súa numeración correspóndese co inventario do seguinte apartado):



Imaxe 5.4. Mapa do concello do Corgo coa distribución dos pombais independentes (realizado polo autor a partir dun mapa de Gifex)

Os pombais do Corgo foron protagonistas dunha exposición fotográfica da autoría do antropólogo e arqueólogo Lois Ladra (responsábel do proxecto Corgoral durante os anos 2021-2023 e actual director do Museo do Pobo Galego). A exposición foi realizada no Punto de Atención á Lectura do Corgo (PALCO) co título de “Sentinelas do Desleixo” durante os meses de outubro a decembro de 2023. O título ben a amosar o mal estado de conservación que sofren algúns destes elementos patrimoniais corgueses e constou dun total de 16 fotografías, das cales 15 foron de pombais (en branco e negro) e unha dunha pomba dun retablo da ermida de San Bartolomeu de Chamoso.



Imaxe 5.5. Cartel da exposición “Sentinelas do Desleixo”, de Lois Ladra (o pombal da imaxe pertence á Casa Grande de Quintela)

Os pombais corgueses tamén foron reproducidos en cerámica polo ceramista Manuel Fernández López (Lolo de Anseán) e agasallados durante varias edicións aos/ás gañadores/as do certame literario “Terras de Chamoso” (organizado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo). Na seguinte imaxe, de esquerda a dereita, aparecen as reproducións dos pombais da Casa de Vila (Donalbán-Laxosa), da Casa de Carrizo (Vilaceleiro-Segovia), da Casa da Torre de Abaixo (A Torre-Anseán) e da Casa de Ron (Laxes-Campos).



Imaxe 5.6. Colección de pombais corgueses feitos polo ceramista “Lolo de Anseán”

Aínda que no Corgo non hai ningún topónimo de lugar ou parroquia relacionado coa familia léxica das pombas si existe unha rúa na urbanización de Santa Mariña (Cabreiros) debido á existencia do pombal do Pazo dos Andrade: Rúa do Pombeiro.



Imaxe 5.7. Placa da rúa do do Pombeiro en Santa Mariña

Para rematar este apartado, a modo de curiosidade e, tendo en conta que dende novembro de 2024 a técnica do esgrafiado galego queda incluída no Censo do Patrimonio Cultural, queremos poñer en valor dous esgrafiados do Corgo que teñen relación co tema a tratar. Por unha banda temos unhas aves, que ben puideran ser pombas (ou pitas), no muíño de Bieito de Matafaxín (Gomeán) e por outra temos a un cazador nunha das casas da Veiga (Cerceda), ambos os dous dunha fermosa feitura:



Imaxe 5.8. Posíbeis pombas en Matafaxín (arriba) e cazador na Veiga (abaixo)

6 INVENTARIO DOS POMBAIS CORGUESES

A continuación describiremos cada un dos vinte e dous pombais inventariados no Corgo cunha sinxela ficha descritiva que contén o emprazamento, tipoloxía, partes, uso, estado de conservación e comentarios. Algún dato é descoñecido (sinálase con ¿?) por mor de non poder acceder ao seu interior.

1. Pombal da Casa de Somoza

- Lugar (parroquia): Adai (Adai).
- Coordenadas: 42.97636, -7.41567.
- Planta: circular.
- Cuberta: cónica.
- Adorno cuberta: pedra redonda (muíño castrexo?).
- Paredes exteriores: na actualidade ten pedra encintada (antes tiña un enlocido de cal argamasada).
- Pía/mesa: non.
- Tornarratos: non.
- Uso como pombal: non pero úsase de galiñeiro.
- Estado de conservación: moi bo.
- Comentarios: atópase a 120 m en liña recta do pombal da Casa de Capón.



Imaxe 6.1. Pombal da Casa de Somoza (foto feita en 2008)

2. Pombal da Casa de Capón

- Lugar (parroquia): Adai (Adai).
- Coordenadas: 42.97575, -7.41449.
- Planta: circular.
- Cuberta: cónica.
- Adorno cuberta: pináculo.
- Paredes exteriores: enlocido de cal argamasada.
- Pía/mesa: non.
- Tornarratos: non.

- Uso como pombal: non pero úsase de galiñeiro.
- Estado de conservación: regular.
- Comentarios: é de semellante feitura que o pombal da Casa de Somoza pero de maiores dimensións.



Imaxe 6.2. Pombal da Casa de Capón

3. Pombal da Casa da Torre de Abaixo

- Lugar (parroquia): A Torre (Anseán).
- Coordenadas: 42.91336, -7.44486.
- Planta: cadrada.
- Cuberta: catro augas.
- Adorno cuberta: pedra aguzada.
- Paredes exteriores: enlocido de cal argamasada.
- Pía/mesa: non.
- Tornarratos: non.
- Uso como pombal: non pero úsase de galiñeiro.
- Estado de conservación: bo.
- Comentarios: hoxe ten unha construción auxiliar acaroadá mais orixinalmente estaba exento.



Imaxe 6.3. Pombal da Casa da Torre de Abaixo

4. Pombal da Casa de Castedo

- Lugar (parroquia): Mourelle (Anseán).
- Coordenadas: 42.91261, -7.45574.
- Planta: cadrada.
- Cuberta: catro augas.
- Adorno cuberta: pináculo de morteiro (antes tiña un coio branco aguzado).
- Paredes exteriores: na actualidade ten pedra encintada (antes tiña un enlocido de cal argamasada).
- Pía/mesa: non.
- Tornarratos: non.
- Uso como pombal: si.
- Estado de conservación: moi bo.
- Comentarios: este é o único pombal, de todos os inventariados no concello do Corgo, que sigue criando pombas.



Imaxe 6.4. Pombal da Casa de Castedo

5. Pombal da Casa de Díaz de Serín

- Lugar (parroquia): Serín (Bergazo).
- Coordenadas: 42.94365, -7.41212.
- Planta: circular.
- Cuberta: cónica.
- Adorno cuberta: pináculo.
- Paredes exteriores: enlocido de cal argamasada.
- Pía/mesa: non.
- Tornarratos: ¿?
- Uso como pombal: non.
- Estado de conservación: moi bo.
- Comentarios: trátase dun pombal de pequenas dimensións situado enriba da esquina do muro perimetral da casa.



Imaxe 6.5. Pombal da Casa de Díaz de Serín

6. Pombal do Pazo de Andrade

- Lugar (parroquia): Santa Mariña (Cabreiros).
- Coordenadas: 42.94803, -7.47019.
- Planta: circular.
- Cuberta: unha auga (cara o sur).
- Adorno cuberta: non ten.
- Paredes exteriores: actualmente é de pedra mais é probábel que o exterior estivera enlocido de cal argamasada.
- Pía/mesa: non.
- Tornarratos: non.
- Uso como pombal: non pero úsase de almacén.
- Estado de conservación: bo.
- Comentarios: antigamente o pombal estaba na propiedade do pazo dos Andrade, mais esta foi dividida e urbanizada polo que na actualidade o pombal atópase no predio dun chalé, a 150 m (en liña recta) da casa petrucial.



Imaxe 6.6. Pombal do Pazo de Andrade

7. Pombal da Casa de Cela (ou de Val)

- Lugar (parroquia): Cabreiros (Cabreiros).
- Coordenadas: 42.95311, -7.46445.
- Planta: mixta. A parte inferior (empregada como galiñeiro) é de planta cadrada mentres que a superior (empregada como pombal) é de planta circular. Como o diámetro da parte superior é máis grande que o lado do cadrado inferior, o pombal apóiase en ménsulas de granito ben traballadas. Ao pombal accédese tanto dende o galiñeiro inferior como por unha pequena porta orientada cara o oeste.
- Cuberta: cónica.
- Adorno cuberta: pináculo.
- Paredes exteriores: na parte inferior (galiñeiro) a parede é de pedra encintada; na superior (pombal) a parede ten enlocido de cal argamasada.
- Pía/mesa: si (exterior). É unha fermosa construción (única no concello) feita en cantaría (a 30 m cara ao leste do pombal). Ten forma cilíndrica sobre base cúbica apoiada nunha rocha do terreo. Conta cunha fonte granítica na parte superior (onde comerían as pombas) e dúas portañas na parte cilíndrica inferior para gardar a comida.

- Tornarratos: non.
- Uso como pombal: non pero a parte inferior segue a usarse como galiñeiro.
- Estado de conservación: moi bo.
- Comentarios: no lintel da porta do galiñeiro aparece inscrita a data de construción do pombal: 1897. As piqueiras son cadradas coa parte superior redondeada. A carón do comedeiro, e feito na propia rocha, hai un buraquiño que faría as funcións de bebedoiro das pombas. É, sen dúbida, o pombal máis senlleiro dos existentes no concello.



Imaxe 6.7. Comedeiro do pombal da Casa de Cela

8. Pombal da Casa grande de Camposo

- Lugar (parroquia): Camposo (Camposo).
- Coordenadas: 42.87766, -7.47835.
- Planta: circular.
- Cuberta: cónica.
- Adorno cuberta: pedra aguzada.
- Paredes exteriores: enlocido de cal argamasada.
- Pía/mesa: non.
- Tornarratos: non.
- Uso como pombal: non pero foi reconvertido en adegas.

- Estado de conservación: moi bo.
- Comentarios: conta cunha dobre repisa (algo curioso). A inferior cubre toda a circunferencia mentres que a superior é a metade e está orientada cara ao sur. Pertence a unha propiedade que estivo funcionando como casa de turismo rural.



Imaxe 6.8. Pombal da Casa grande de Camposo

9. Pombal da Casa de Ron

- Lugar (parroquia): Laxes (Camposo).
- Coordenadas: 42.87940, -7.46107.
- Planta: circular.
- Cuberta: cónica.
- Adorno cuberta: pináculo (hoxe posúe un niño de cegoña).
- Paredes exteriores: enlocido de cal argamasada.
- Pía/mesa: si (é rectangular e está conformada por un chanto apoiado nos dous extremos).
- Tornarratos: non.
- Uso como pombal: non.
- Estado de conservación: regular.
- Comentarios: é o de maior grande envergadura de todo o concello, cunha circunferencia de aproximadamente 20 m.



Imaxe 6.9. Pombal da Casa de Ron (foto feita en 2008)

10. Pombal do Muíño de Chousa

- Lugar (parroquia): Os Pedregás (Cela).
- Coordenadas: 42.86699, -7.49047.
- Planta: circular.
- Cuberta: cónica.
- Adorno cuberta: pináculo cerámico.
- Paredes exteriores: enlocido de cal argamasada.
- Pía/mesa: si (mesa cadrada feita con morteiro sobre unha base prismática -de menor lado- de granito).
- Tornarratos: non.
- Uso como pombal: non.
- Estado de conservación: regular.
- Comentarios: é o máis moderno dos inventariados (con preto dun século de antigüidade) e emprega materiais construtivos modernos mesturados con materiais tradicionais.



Imaxe 6.10. Pombal do Muíño de Chousa

11. Pombal da Casa grande de Cardexo

- Lugar (parroquia): Cardexo (Cerceda).
- Coordenadas: 42.87108, -7.51024.
- Planta: circular.
- Cuberta: cónica.
- Adorno cuberta: pináculo esférico.
- Paredes exteriores: pedra encintada.
- Pía/mesa: ¿?.
- Tornarratos: ¿?.
- Uso como pombal: non.
- Estado de conservación: moi bo.
- Comentarios: pertence a unha casa que estivo funcionando durante varios períodos como establecemento hostaleiro.



Imaxe 6.11. Pombal da Casa Grande de Cardexo

12. Pombal da Casa de López

- Lugar (parroquia): Vilapene (Santo André de Chamoso).
- Coordenadas: 42.93433, -7.45690.
- Planta: circular.
- Cuberta: cónica.
- Adorno cuberta: pedra aguzada.
- Paredes exteriores: enlocido de cal argamasada.
- Pía/mesa: si (dende a porta hai unha pedra alongada, que está elevada sobre o nivel do solo interior, a modo de corredor e que non chega ata o fondo do pombal que exercería as funcións de comedoiro).
- Tornarratos: si.
- Uso como pombal: non.
- Estado de conservación: regular.
- Comentarios: a porta de entrada atópase elevada sobre o nivel do terreo exterior.



Imaxe 6.12. Pombal da Casa de López (foto feita en 2009)

13. Pombal da Casa de Riba

- Lugar (parroquia): O Hospital (Santo André de Chamoso).
- Coordenadas: 42.93069, -7.46414.
- Planta: circular.
- Cuberta: cónica.
- Adorno cuberta: pináculo.
- Paredes exteriores: enlocido de cal argamasada.

- Pía/mesa: si (rectangular).
- Tornarratos: si.
- Uso como pombal: non.
- Estado de conservación: regular.
- Comentarios: este pombal mantivo o uso ata hai pouco máis dunha década. Foi modificado posteriormente para abrialle unha piqueira no propio lousado (cara o sur).



Imaxe 6.13. Pombal da Casa de Riba (foto feita en 2007)

14. Pombal da Casa de Arias

- Lugar (parroquia): San Cristovo (Chamoso).
- Coordenadas: 42.95089, -7.44766.
- Planta: de ferradura.
- Cuberta: pseudocónica.
- Adorno cuberta: pedra aguzada.
- Paredes exteriores: enlocido de cal argamasada.
- Pía/mesa: non.
- Tornarratos: non.
- Uso como pombal: non.
- Estado de conservación: deficiente.
- Comentarios: ten o lousado parcialmente derrubado.



Imaxe 6.14. Pombal da Casa de Arias

15. Pombal da Casa grande de Quintela

- Lugar (parroquia): Quintela (Farnadeiros).
- Coordenadas: 42.92295, -7.50524.
- Planta: circular.
- Cuberta: cónica.
- Adorno cuberta: non ten.
- Paredes exteriores: na actualidade ten pedra encintada (antes tiña un enlocido de cal argamasada).
- Pía/mesa: non.
- Tornarratos: non.
- Uso como pombal: non.
- Estado de conservación: moi bo.
- Comentarios: **ver anexo I.**



Imaxe 6.15. Pombal da Casa grande de Quintela

16. Pombal da Casa grande de Seoane

- Lugar (parroquia): Seoane (Folgosa).
- Coordenadas: 42.93748, -7.33200.
- Planta: poligonal.
- Cuberta: oito augas. A cuberta (hoxe derrubada) posuía pedras para suxeitar o lousado.
- Adorno cuberta: pináculo.
- Paredes exteriores: enlocido de cal argamasada.
- Pía/mesa: non.
- Tornarratos: non.
- Uso como pombal: non.
- Estado de conservación: deficiente.
- Comentarios: foi construído no século XVIII. É o único octogonal de todos os do concello.



Imaxe 6.16. Pináculo do pombal da Casa grande de Seoane

17. Pombal da Casa de Díaz do Val

- Lugar (parroquia): O Val (Gomeán).
- Coordenadas: 42.92320, -7.39873.
- Planta: circular (un pouco achatado na zona da porta).
- Cuberta: cónica.
- Adorno cuberta: non se sabe (hoxe o lousado veuse abaixo e xa non queda ningún resto de adorno).
- Paredes exteriores: enlocido de cal argamasada.

- Pía/mesa: non.
- Tornarratos: non.
- Uso como pombal: non.
- Estado de conservación: deficiente.
- Comentarios: dentro do pombal existe un chanto situado á altura da primeira fila de niños, soportado por tres trabes, que podería ter feito a función de comedeiro, como plataforma para poder chegar aos niños subíndose a el ou ser un elemento construtivo posterior.



Imaxe 6.17. Pombal da Casa de Díaz do Val

18. Pombal da Casa de Vila

- Lugar (parroquia): Donalbán (Laxosa).
- Coordenadas: 42.95986, -7.46951.
- Planta: circular.
- Cuberta: unha auga (cara o suroeste). A cuberta posúe pedras para suxeitar o lousado.
- Adorno cuberta: non ten.
- Paredes exteriores: na actualidade ten pedra encintada (antes tiña un enlocido de cal argamasada).
- Pía/mesa: non.
- Tornarratos: non (creemos que antes da reforma si o posuía).
- Uso como pombal: non.
- Estado de conservación: moi bo.
- Comentarios: antes a porta non chegaba ao chan mais foi ampliada na súa rehabilitación.



Imaxe 6.18. Pombal da Casa de Vila (foto antiga cedida por Emilio Cristóbal Torregrosa)

19. Pombal da Casa grande de Pousada

- Lugar (parroquia): Pousada (Paradela).
- Coordenadas: 42.92752, -7.51049.
- Planta: cadrada.
- Cuberta: catro augas.
- Adorno cuberta: pináculo.
- Paredes exteriores: enlocido de cal argamasada.
- Pía/mesa: ¿?.
- Tornarratos: ¿?.
- Uso como pombal: non.
- Estado de conservación: deficiente.
- Comentarios: o pombal atópase completamente rodeado por unha figueira e é difícil acceder a el.



Imaxe 6.19. Pombal da Casa grande de Pousada (Rielo Carballo, 2005, p. 148)

20. Pombal da Casa de David

- Lugar (parroquia): Quetesende (Piñeiro).
- Coordenadas: 42.98670, -7.42558.
- Planta: cadrada.
- Cuberta: catro augas.
- Adorno cuberta: non ten.
- Paredes exteriores: enlocido de cal argamasada.
- Pía/mesa: non.
- Tornarratos: non.
- Uso como pombal: non pero úsase como almacén.
- Estado de conservación: bo.
- Comentarios: antes de ser arraxado posuía un piso de madeira interior. A parte inferior era empregada para gardar o cereal e as patacas e a de arriba como pombal.



Imaxe 6.20. Pombal da Casa de David

21. Pombal da Casa de Soto

- Lugar (parroquia): Sabarei de Abaixo (Sabarei).
- Coordenadas: 42.89491, -7.46544.
- Planta: poligonal.
- Cuberta: seis augas.
- Adorno cuberta: actualmente non ten (a cuberta está moi deteriorada).
- Paredes exteriores: enlocido de cal argamasada.
- Pía/mesa: non.

- Tornarratos: si (elevado, ao igual que a primeira liña de niños).
- Uso como pombal: non.
- Estado de conservación: deficiente.
- Comentarios: dentro da edificación hai unha fonte. Hai moi poucos niños e están na parte superior do pombal.



Imaxe 6.21. Pombal da Casa de Soto

22. Pombal da Casa de Carrizo

- Lugar (parroquia): Vilaceleiro (Segovia).
- Coordenadas: 42.99008, -7.43826.
- Planta: de ferradura.
- Cuberta: unha auga (cara o oeste).
- Adorno cuberta: non ten.
- Paredes exteriores: enlocido de cal argamasada (aínda que a cal foi picada na parte inferior).
- Pía/mesa: non.
- Tornarratos: si.
- Uso como pombal: non.
- Estado de conservación: moi bo.
- Comentarios: o pombal é moi antigo e xa aparecía nunha escritura da Casa de San Xoán de 1850.



Imaxe 6.22. Pombal da Casa de Carrizo

7 CONCLUSIÓNS

Segundo os hórreos e os cruceiros se erixiron como símbolos da arquitectura popular galega, con este traballo queremos reivindicar a figura do pombal, non tan estendida como a dos hórreos, como unha relevante peza na paisaxe rural do país.

Tanto polo número deles, como pola relevancia das edificacións, estamos nun concello importante a nivel galego (antano as mallas eran grandes e acudía xente, doutros puntos da xeografía galega, a traballar). A distribución tipolóxica dos pombais do Corgo é variada e segue o patrón dos pombais galegos como podemos ver na táboa 5.1. A maioría deles son de planta circular e cuberta cónica de lousa, habendo exemplares senlleiros doutras tipoloxías. En canto as distintas partes sinaladas no apartado 4, podémolas ver absolutamente todas nos pombais inventariados, aínda que algunha delas apareza dunha maneira máis residual.

Coma todas as cousas, cando algo non se usa cae no esquecemento e se non hai unha sensibilidade patrimonial (ou posibilidade económica de levala a cabo) estes elementos, coma moitos outros (hórreos, arcas, fornos...), comezan o seu deterioro ata a súa desaparición. Primeiro aparecen as goteiras que estragan a madeira que soporta a cuberta. Cando esta se derruba os muros exteriores quedan desprotexidos e a auga infíltrese

por entre as pedras ata que a erosión remata por esborrallar o que con moito esforzo foi erguido hai máis dun século para acubillar as pombas.

Dos vinte e dous pombais inventariados só un conserva o seu uso orixinal. Os que foron reconvertidos en outra cousa, xeralmente galiñeiros, pero tamén almacéns, teñen en xeral un bo estado de conservación. Aqueles que non teñen uso ningún son os que se atopan mal parados, agás uns poucos que foron rehabilitados polo seu valor estético e arquitectónico.

É importante que as administracións procedan á catalogación e protección deste senlleiro elemento patrimonial, co fin de que sexan legados ás vindeiras xeracións de igual xeito que nós puidemos coñecelos e valoralos, mais tamén é importante que estas se mollen colaborando economicamente coa súa rehabilitación e posta en valor xa que o seu arranxo non é facilmente asumible por unhas maltreitas economías domésticas que non ven un retorno no seu uso agás o meramente estético.

8 BIBLIOGRAFÍA

- Alonso Ponga, J. L. (1993). A arquitectura tradicional nos límites galaico-leoneses: os pombais do Bierzo e a súa significación. En Xosé A. Fernández, Xosé A. Fidalgo e Xosé M. González (coords.) *Actas do Simposio de Antropoloxía "Lindeiros da Galeguidade II"*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 35-59.
- Blanco Rodríguez, A. (2023). *Pombais de Allariz*. Allariz: Aira editorial.
- Caamaño Suárez, M. (1999). *As construcións adxectivas*. A Coruña: Museo do Pobo Galego.
- Cunqueiro, A. (1983). *A cociña galega*. Vigo: Galaxia.
- González Pérez, C. (1982). Os pombais galegos. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXIII-98, pp. 479-506.
- Ladra Fernandes, X. L. (2002). Arquitectura popular galega. Os pombais do concello de Valga. *El Museo de Pontevedra*, 56, pp. 249-266.
- Lorenzo Fernández, X. (1995). *A casa*. Vigo: Galaxia.

Outeiro Iglesias, M. (2024). 19 (+1) *Escapadas polo Corgo*. Guía visual do concello. Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo.

Pereiras Magariños, B. (2021). *Patrimonio etnográfico do Concello de Dodro. Hórreos, cruceiros, pombais e reloxos de sol*. A Coruña: Deputación da Coruña.

Rielo Carballo, I. (2005). *A Casa Grande de Quintela. Farnadeiros, O Corgo*. Pol: O Mocrín.

PÁXINAS WEB

<https://www.concellodocorgo.com/2023/10/26/mostra-fotografica-de-pombais-tradicionais/> [Consultado: 30/08/2024].

<https://www.elprogreso.es/gl/articulo/comarca-lugo/gando-pico-pon-corgo-rico/202310271206141702977.html> [Consultado: 30/08/2024].

<https://www.gifex.com/fullsize1/2010-11-04-12521/Corgo.html> [Consultado: 01/09/2024].

https://2020.terrasdeiria.com/Dodro/patrimonio/publicacions/PATRIMONIO_ETNOGRAFICO_DODRO.pdf [Consultado: 01/11/2024].

OUTROS

Gran Enciclopedia Gallega.

RESOLUCIÓN do 11 de novembro de 2024 (DOG do 20 de novembro de 2024), da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se inclúe no Censo do Patrimonio Cultural a técnica do esgrafiado galego como manifestación do patrimonio cultural inmaterial.

ANEXO I: O POMBAL GRANDE DA CASA GRANDE DE QUINTELA

A quen queira descubrir en poucas liñas como é o típico pombal galego recomendaríalle a lectura dun extracto do libro de Isaac Rielo Carballo “A Casa Grande de Quintela” (páxinas 66-69). No texto, o historiador e crego polense, describe con todos os matices o pombal grande da casa, naquel intre xa sen uso (igual ca hoxe), e que na actualidade se atopa rehabilitado, como o resto das edificacións da propiedade. Isaac vai facendo unha descrición do pombal cunha linguaxe

poética e coidada, como adoita facer en todos os seus textos.

Non se trata aquí do pombal pequeno, do que colga dunha das ladeiras do patio, senón do grande, do que, por tras da casa, ergue nun recullo da horta. Por certo, un tanto enfurruñado non se sabe se pola pouca atención que se lle presta se pola longa viaxe -ao parecer sen retorno- que emprenderon as responsables do aluguer, as súas inquilinas.

Mais aí está. E por se fora pouco aínda de bo ver, moumeando doras en cando coa videira que ten ao pé non se sabe se para lle agradece-lo agasalho dos acios que lle está a ofertar ou para lle pedir: “quita de aí, non me tolde-lo sol”.

Ollado por fóra e verbo da súa estrutura, pódese falar de base ou pousadoiro, do corpo propiamente dito e da carapucha ou cuberta.

Para a base ou pousadoiro case sempre se bota man dun chan, dun solo, penedío por mor de rexeita-la humedén. Aquí, como o terreo é barroso e lamacente, fabricouse con abundancia de retallos de lixo un redondel de diámetro lixeiramente meirande co do corpo ou parte cilíndrica, hoxe enteiramente soterrado.

O corpo, redondZo todo el, mide uns 4,20 m de altura dende a base ou sostemento ata o mesmo cimo ou cumio do tellado; e de circunferencia, pola parte de fóra, acada case os 18 m. A ras da terra e montada encol dun pequeno suarego, abre a porta. Orientada ao nordés, ten de alto aproximadamente 1,20 m e de ancho non collen, ao entrar, máis de dúas persoas acaroadas. Preto do pico -e ao sol do nacente e ao do mediodía- albíscanse os ocos cadrados das piqueiras ou porteliñas; unhas cinco en total, a unha distancia de 0,40 m unhas das outras. Dan a un saínte ou balcón corrido, onde os pombados animalíños toman o sol ou fan garda alertando da proximidade de calquer volátil azoreiro inimigo.

O teito é un entabado de cangos que, a xeito de radios e partindo de distintos puntos do anel de madeira que pousa na parede, van a se anoar máis arriba, formando o cumio ou curuto, resaltado por un pináculo ou por un coio, ou mesmo por unha pomba como se pode apreciar na ilustración.



Imaxe A1.1. Foto antiga (ano 2009) do pombal da Casa Grande de Quintela

Por dentro o pombal ten os seus segredos. Do medio para arriba está tallado nunha porción de furniñas -ata 319 podemos atopar nalgúns- que fan de niños ou poñedores. Separadas por toros de cantería ou por chantelas de pizarra. Para que a “señora” poida seguir, no seu tempo, a medranza dos pombiños e recortarlle-las ás para que non fuxan e sigan a se cebar, dispón dunha escaleira de varios chanzos, ás veces en forma de cascarolo e xiratoria.

Os materiais que entran na construción do pombal de Quintela son os da zona: pedra de laxa misturada con cachotes de cantería e lousa tanto ao tellado como na repisa das porteliñas. O enlocido é de cal argamasada. E canto máis albo mellor. Seica así o están a demandar as pombas.

ANEXO II: A GASTRONOMÍA ASOCIADA ÁS POMBAS

Aínda que o refrán indica que “o gando de pico non pon o dono rico”, o certo é que os pombais estiveron ben presentes na xeografía corguesa tanto como construcións independentes, como integrados noutros edificios, e iso quere dicir que, entre outras cousas os pichóns eran apreciados a nivel culinario e empregados como agasallo para pagar favores ou como comida en día importante. Da súa importancia na cociña galega dá testemuño Álvaro Cunqueiro no seu coñecido libro “A Cociña Galega” (páxinas 113 e 114) tal e como se recolle no seguinte extracto:

Nos ríos hai patos, que en moitas partes chaman parrulos, e nos pombais, pombas.

[...] En Galicia debeu de xantarse moito pichón. Pazos e rectorais tiñan pombais, -“palomar y ciprés, pazo es”, di o refrán-, e nas aldeas, en cada unha máis de dúas casas tiñan pombas. Os pichóns guísanse con hervellas e patacas novas en maio e por Xan Xoán, e fan moi sabrosas empanadas e pastelóns. Pero no común das xentes nosas labregas, o pichón é unha carne para enfermos, e un caldo de pichón é o pedido para xente moi delicada, cunha xema de ovo e media copiña de xerez, se o estómago llo admite. Uns pichóns ao espeto, -soamente salgados, fretados con aceite ou manteiga de vaca cocida, e cun dente de allo enteiro que se lles pasa pola pel a cada pichón tres ou catro veces-, é receita que non hai que deixar perder. Hai quen lles adentra unha mazá pequena e un torresmo frebudo, e eu non desapido. E cunhas castañas cocidas ou asadas, van moi ben. En moitos lugares de Galicia saben facer os pichóns con salsa rubia. A salsa non debe levar aceite, senón manteiga de porco, e se a fariña que se tosta para espesar a salsa é de centeo, mellor que mellor. O pichón pide algo de pementa. Faláronme dun crego a quen na súa cociña lle recheaban os pichóns cando xa estaban nos minutos finais do asado, con ostras. Eu disinto destas receitas, xa dixen que por filosofía coquinaria, por repeto aos sabores das cousas. Así eu tomo primeiro as ostras, ben frescas e frías, e despois doulle a un pichonciño ben asado, e fago un almorzo apropiado.



Imaxe A2.1. Portadas dos libros referenciados nos anexos

MEMORIA DE ACTIVIDADES DA A.C. ARUMES DO CORGO E CEC (2024)

XANTAR DE ENTROIDO

O 18 de febreiro celebrouse o tradicional xantar de entroido da Asociación co fin de cargar as pilas e comezar o ano con bo pé. A celebración levouse a cabo no restaurante Prados e contou cunha asistencia de 60 comensais.

PRESENTACIÓN DO NÚMERO 10 DA REVISTA CORGA

O sábado, 11 de maio, presentouse no Punto de Atención á Lectura do Corgo o número 10 da revista Corga que contaba cos seguintes traballos:



- Xurxo Xosé Rodríguez Lozano: “Xesús de Xorxe. O entroido de Queizán e outras cantigas”.
- Carlos Álvarez Quiroga e Tamara Fuentes Sánchez: “Aproximación ao comportamento ante a morte dos habitantes do Corgo dos séculos XVIII-XIX a través dos testamentos”.
- Lois Ladra: “O Punto de Atención á Lectura do Corgo: un novo espazo cultural para a comunidade”.
- Lois Ladra e José Manuel Blanco Prado: “Rituais festivos no santuario do San Bartolomeu de Abragán (O Corgo, Lugo)”.

- Marco Antonio García-Gabilán Sangil: “O concello do Corgo: unha primeira achega á súa orixe. Das xurisdicións de Adai, Arxemil e Manán de Arriba ao concello constitucional da “Villa y Puebla de Aday”.
- Fernando Arribas Arias: “Novas cruces e un peto no concello do Corgo”.
- Óscar González Murado: “O arciprestado de Farnadeiros no ano 1763. Presentación do primeiro inventario das súas igrexas”.
- Alberto Martín Monge: “Xenealoxía dunha familia da parroquia de Santo André de Chamoso: os Díaz”.
- Mario Outeiro Iglesias: “Construcións para a pesca fluvial no Corgo”.



No acto, presentáronse os traballos da revista, as medallas aos novos socios e repartíuse un exemplar de agasallo a cada un dos asistentes.

XIV ENCONTRO DE ASOCIACIÓNS

O sábado 25 de maio de 2024 celebrouse a XIV Xuntanza de Asociacións, no que participaron a Asociación Cultural Arcas de Sarria, Agrupación Instructiva de Redes-Caamouco (Ares), Asociación Andaina A Canteira do Puntal de

Neda, Asociación de Amigos do Patrimonio de Castroverde e a Asociación Cultural Arumes do Corgo, exercendo de anfitrión este ano a Asociación Andaina A Canteira do Puntal de Neda.



Esta asociación organizou unha ruta polo camiño Inglés e polas rúas de Ferrol, para despois facer unha visita guiada a Exponav e ao Museo Naval. A continuación fixemos unha visita ao Mosteiro de San Martiño do Couto en Narón, para despois dirixirnos a Valdoviño onde nos tiñan preparado un succulento xantar. Para rematar puidemos gozar co grupo de cantos de taberna Os Xotas de Ferrol.



PRESENTACIÓN DO LIBRO: “19 (+1) ESCAPADAS POLO CORGO. GUÍA VISUAL DO CONCELLO” DE MARIO OUTEIRO

O venres, 21 de xuño, presentouse no Punto de Atención á Lectura do Corgo o libro “19 (+1) Escapadas polo Corgo. Guía visual do concello”, do profesor e escritor corgués Mario Outeiro Iglesias, que forma parte das Xuntas Directivas

da A.C. Arumes do Corgo e do Centro do Estudos do Corgo. O libro foi editado polo Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo e todos os asistentes foron agasallados cun exemplar.



À presentación asistiron a Deputada de Cultura Iria Castro, o Alcalde Felipe Labrada e acompañaron ao autor Manuel Fernández López (Lolo de Anseán) e Xosé Manuel Castro Castedo que colaboraron en distintas fases da realización do libro.



Despois da presentación ao público na Feira do libro de Lugo e da presentación do Corgo o libro percorrerá os seguintes emprazamentos:

- Mércores, 26 de xuño ás 20:00 h, no salón de actos da Deputación Provincial (Pazo de San Marcos).
- Venres, 5 de xullo ás 20:45 h, na antiga escola de Adai.
- Venres, 12 de xullo ás 20:45 h, no local social de Cela.

LAMBISCADAS CIENTÍFICAS

O 20 de novembro tivemos un relatorio sobre as “Enfermidades transmitidas por carrachas: coñecelas para poder previlas” a cargo da doutora Susana Remesar Alonso. A conferencia levouse a cabo no Punto de Atención á Lectura do Corgo dentro do programa Lambiscadas Científicas promovido por Xuvenciencia co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e a FECYT.



EXCURSIÓN A VIGO

O sábado 30 de novembro desprazámonos ata Vigo para ver as luces de Nadal. Unha vez alí fixemos unha ruta polas principais rúas da cidade para ver os motivos navideños, e os seus mercados de Nadal.



Máis tarde puidemos ter unha perspectiva diferente das luces ao poder desfrutar dunha ruta no “Nadal bus”.

XVIII CERTAME LITERARIO “TERRAS DE CHAMOSO”

O sábado, 21 de decembro, no Punto de Atención á Lectura do Corgo celebrouse a entrega de premios do XVIII Certame Literario “Terras de Chamoso”. Os premiados desta edición foron:

CATEGORÍA: INFANTIL

Modalidade: poesía

1º premio: Paula Reija Folgueira, de Castroverde, pola obra “Sombras de Guerra”.

2º premio: Xulia Veiga Penelo, de Serés (Castroverde), pola obra “Canción”.

Modalidade: relato

1º premio: Carla Rodríguez Pallas, da Coruña, pola obra “Dereito a elixir o meu propio futuro”.

2º premio: Lola Veiga Díaz, de Bolaño (Castroverde), pola obra “A infancia de miña avoa”.

Accésit: Sofía Valcárcel Urbina, de Adai (O Páramo), pola obra “A historia de Mari”.

Accésit: Tomás Maceira Forero, de Martín (Baleira), pola obra “A historia do lobishome”.

Premio “A Legua Dereita”: Carla Carracedo Fernández, de Lugo, pola obra “A colleita do pan antigamente”.



CATEGORÍA: XUVENIL

Modalidade: poesia

1º premio: Uxía Seoane Duro, da Estrada (Pontevedra), pola obra “Tradicións que soan”.

2º premio: deserto.

Modalidade: relato

1º premio: deserto.

2º premio: deserto.

CATEGORÍA: ADULTOS

Modalidade: poesia

1º premio: Ramón Sandoval, de Vigo (Pontevedra), pola obra “Cartografía da casa deshabitada”.

2º premio: Antón Recamán, de Cee (A Coruña), pola obra “Nesta outra parte da néboa”.

Modalidade: relato

1º premio: Sonia Martínez López, de Sarria, pola obra “Ariz”.

2º premio: Abril Viqueira Pose, de Ordes (A Coruña), pola obra “Néboa gris”.

[illegible]





DOCUMENTACIÓN PARA A ENTREGA DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN

D./Dña

NIF: Teléfono:

Enderezo:

C.P.: Concello Provincia:

Correo-e:

Entrega a seguinte documentación co fin de tramitar a inscrición como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDIOS DO CORGO (CEC):

- ☐ Impreso de solicitude de ingreso no CEC debidamente asinado.
- ☐ Copia simple do DNI
- ☐ Traballo de investigación seguindo as normas de publicación establecidas (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- ☐ Anexos (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- ☐ Autorización de cesión dos dereitos de autor.
- ☐ Consentimento do pai/nai/titor legal (nas persoas entre 14 e 18 anos).
- ☐

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



SOLICITUDE DE INSCRICIÓN COMO SOCIO/A NUMERARIO/A OU XUVENIL

D./Dña

NIF: Data de nacemento: / /

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

Tfno. fixo: Tfno. móbil:

Correo-e:

Título do estudo:

Formación académica:

Experiencia laboral:

Forma de recibir comunicacións da Asociación: ☐ Correo electrónico ☐ Correo postal

Solicita formar parte como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO conforme aos seus estatutos.

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



CESIÓN DE DEREITOS DE AUTOR

O Centro de Estudos do Corgo (en diante CEC) é unha Asociación sen ánimo de lucro.

D./Dña (en diante: "o autor")

NIF:

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

Convén o seguinte:

PRIMEIRO: Antecedentes

- 1) O CEC ten como fins a promoción de diferentes estudos (patrimonio natural, material e inmaterial, arte, lingua e literatura, xeografía e historia, economía, sociedade e educación...) sobre o concello do Corgo e a súa divulgación entre os habitantes do concello.
- 2) O CEC realizará (para acadar os fins anteriores) unha recopilación de toda a información posíbel sobre o concello do Corgo nun arquivo/biblioteca (en papel e en formato dixital), así como a publicación dunha revista anual (por escrito) e dun sitio web con artigos sobre O Corgo.
- 3) O autor (en caso de varios autores, especificar no Anexo I) realizou un estudo titulado:

obra que formará parte do uso referido no numeral anterior.

- 4) Polo presente contrato regúlase a forma e condicións da cesión dos dereitos correspondentes que o autor realiza a favor do CEC, que se regulará nun todo polas disposicións contidas nas cláusulas seguintes.

SEGUNDO: Cesión dos dereitos

O autor cédelle ao CEC, quen adquire, os dereitos que lle corresponden sobre o estudo, incluíndo os dereitos de edición e publicación.

TERCEIRO: Regalías

A cesión á que se refire a cláusula anterior realízase a título gratuito, polo que o CEC non lle deberá aboar ao autor regalías de ningunha especie.

CUARTO: Obrigas do CEC.

O CEC non poderá, en ningún caso ou circunstancia:

- a) Ceder total ou parcialmente, en foma directa ou indirecta, os dereitos adquiridos a través da presente formalidade, a favor de ningún terceiro e baixo ningunha modalidade.
- b) Facer ningún agregado, supresión nin modificación á obra sen o consentimento previo, expreso e escrito do autor.



QUINTO: Dereitos do CEC.

Ademais da edición, publicación e impresión da obra como parte do uso referido na cláusula primeira, o CEC poderá libremente:

- a) Determinar o tipo de impresión, formato, clase de papel, encadernación e demais características físicas do estudo, así como o formato do sitio web;
- b) Realizar actividades de promoción e publicidade dos estudos;
- d) Utilizar o nome e a imaxe do autor con fins publicitarios e de promoción, exclusivamente en relación á obra obxecto deste contrato.

SEXTO: Garantía de lexitimidade

O autor garante que a obra goza de “libre dispoñibilidade” (no caso de varios autores, da “dispoñibilidade conxunta”) dos dereitos que cede.

En caso de impugnación dos dereitos autorais ou reclamacións instadas por terceiros relacionadas con contido ou a autoría da obra, a responsabilidade que puidese derivarse será exclusivamente de cargo do autor.

SÉTIMO: Mandato de protección

O autor autoriza ao CEC a perseguir os responsábeis de edicións clandestinas e fraudulentas, así como para exercer a defensa dos dereitos autorais obxecto desta cesión, se for preciso.

OITAVO: Liberdade do autor

O autor ten liberdade de autorizar a terceiros a realización doutras edicións da obra, así como de ceder os dereitos de autor a favor de terceiros.

NOVENO: Modificación e resolución do contrato

Este contrato poderá modificarse ou rescindir-se de mutuo acordo das partes, así como rescindir-se unilateralmente sempre e cando a outra parte incumpra gravemente as súas cláusulas.

En....., a..... de..... de.....

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



ANEXO I

(Cesión de dereitos de autor)

COAUTOR 1:

D./Dña

..... NIF:

Enderezo:

C.P.: Concello Provincia:

COAUTOR 2:

D./Dña

..... NIF:

Enderezo:

C.P.: Concello Provincia:

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA MENORES DE IDADE

D./Dña.....

NIF:..... Teléfono:

Enderezo:

C.P.:..... Concello:..... Provincia:.....

Tfno. fixo:..... Tfno. móbil:.....

Correo-e:

Pai, nai ou titor/a legal (rísquense as que non procedan) do menor:

..... con NIF:

Afirmo coñecer os Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno que rexen o Centro de Estudos do Corgo (CEC) e autorizo o meu fillo/a a facerse Socio/a Xuvenil da devandita Asociación.

A maiores autorizo a CEC a publicar a imaxe do menor en calquera das actividades relacionadas cos fins do Artigo 5 dos Estatutos, en calquera dos formatos posíbeis (páxina web do CEC, fotografías para revistas ou publicacións, filmacións...)

En....., a..... de..... de.....

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

Idioma. Só se admite o galego como idioma vehicular da revista. Empregarase sempre a última normativa aceptada pola Real Academia Galega, aparecendo as palabras non adaptadas á mesma entre comiñas.

Extensión. Os traballos presentados terán unha extensión ou outra dependendo do número de redactores:

- 1 persoa: entre 5 e 20 páxinas.
- 2 persoas: entre 10 e 30 páxinas.
- 3 persoas: entre 15 e 40 páxinas.

Os Anexos presentados non serán publicábeis na revista e formarán parte do arquivo-biblioteca do CEC.

Estrutura. O artigo presentado ten que contar cos seguintes apartados:

- Título (máximo de 80 caracteres contando espazos en branco).
- Identificación do(s) autor(es) por orde de importancia ou alfabético de apelidos acompañado do correo-e dos mesmos, o título profesional e o centro de traballo.
- Agradecementos (opcional).
- Resumo (máximo de 150 palabras).
- Palabras clave (entre 3 e 10).
- Introducción/limiar.
- Corpo do traballo cos apartados que se consideren oportunos.
- Conclusións.
- Referencias bibliográficas.

Formato:

- Tipo de documento: Word (recoméndase tamén entregar o mesmo documento en formato pdf).
- Letra: Arial, cor automático (negro), tamaño 12 puntos, salvo que se indique o contrario (títulos...).
- Marxes: superior, inferior e laterais de 3 cm.
- Aliñación: xustificada sen sangría na primeira liña.
- Espaciado: anterior e posterior de 0 puntos e interliñado sinxelo. Espacio entre parágrafos dunha liña en branco.
- Recomendase non empregar o subliñado para resaltar partes do texto.
- Título: maiúsculas, centrado, cor verde escuro e tamaño de letra de 16 puntos.
- Identificación do(s) autor(es): apelidos e nome (separado por coma).
- Datos do(s) autor(es): tamaño de letra de 10 puntos.
- Agradecementos: tamaño de letra de 10 puntos.
- Títulos de apartados (RESUMO, PALABRAS CLAVE, INTRODUCCIÓN/LIMIAR, CONCLUSIÓN, BIBLIOGRAFÍA...) irán en maiúscula, negriña e sen punto ao final. Se se numeran os apartados (a partir da introdución) empregaranse as normas ISO (1 / 1.1 / 1.1.1 / 2 / 2.1 / 2.1.1 etc.).

- Numeración de páxinas: borde inferior dereito incluíndo a primeira páxina (non se fará portada).
- Notas a pé de páxina: tamaño de letra de 10 puntos.

Imaxes. O texto pode ir acompañado por ilustracións, fotos ou gráficos, sempre orixinais ou acompañados do permiso do editor ou autor para a súa publicación. Para ser impresas con calidade, deberán ter unha resolución mínima de 300 ppp. Admitiranse como formatos de imaxe TIFF ou JPG. Incluíranse no documento e en arquivos separados, indicando con claridade o lugar no que deben inserirse no texto.

Bibliografía. Clasificada por orde alfabética, axustase ás seguintes normas:

- Monografías: APELIDO(S), Nome. *Título do libro*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Partes de monografías: APELIDO(S), Nome. "Título da parte". En: Responsabilidade da obra completa. *Título da obra*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Artigos en revistas: APELIDO(S), Nome. "Título do artigo". *Título da revista*. Edición. Ano, número, páxinas.
- Recursos electrónicos en internet: Responsábel principal. *Título*. Data de publicación. <URL> (data de acceso).

Unidades de medida. Empregarase o Sistema Internacional de Unidades (SI) e non o sistema anglosaxón de unidades.

Principios éticos e legais. Non se publican textos con contido que promova algún tipo de discriminación social, racial, sexual ou relixiosa; nin artigos que xa fosen publicados integramente noutros lugares.

A revista non se fai cargo das imaxes, textos e traballos dos autores que serán responsábeis legais do seu contido.

En caso de conflito legal con algún aspecto dun traballo publicado, o demandante debe demostrar de xeito fidedigno e mediante denuncia, o presunto delicto ou falta cometido polos autores. O resultado anunciarase na revista.

Os artigos poden ser reproducidos sempre que se cite claramente a súa procedencia e o servizo sexa gratuíto. En servizos de pagamento deberán pedir expresamente permiso e aboar os dereitos correspondentes á revista e aos autores.

Seguindo as norma Vancouver o artigo estará asinado por aquelas persoas que efectivamente participaron na súa elaboración, reservándose a revista o dereito de investigar a participación concreta dalgun ou todos os seus membros.

A comprobación de que un autor intentou plaxiar algún traballo nesta ou outra publicación fará que automaticamente sexan rexeitados, a partir deste momento, os traballos nos que figure o devandito autor.

